

Recadávivas
Compilations

Diccionario galego de linguaxe figurada animal¹

Galician dictionary of animal figurative language

Andrea González Pereira
Universidade de Vigo (España)
ORCID: 0000-0001-6183-0428
andregonzalezp@uvigo.es

Resumo: O presente traballo, resultado dunha tese de doutoramento defendida no ano 2017, recolle un total de 1438 expresións figuradas galegas construídas con referentes animais. A xeito de dicionario, nesta recolleita preséntanse os lemas ordenados alfabeticamente de acordo co referente animal empregado en cada expresión figurada. En cada entrada ofrécese unha categorización da expresión, o seu significado figurado e a fonte ou fontes da que foi recollida. As persoas conceptualizamos a nosa realidade cotiá e as situacións que se dan nela empregando referentes próximos e coñecidos cos que creamos expresións figuradas que nos axudan a expresarnos mellor. Os referentes do mundo animal ocupan un lugar importante na creación de expresións figuradas, posto que os animais conviviron sempre coas persoas. Mediante a recolleita destas expresións, que se extraen tanto de obras lexicográficas xerais e especializadas galegas coma da lingua oral, pretendemos contribuír á súa recompilación e difusión para que non se perda esta parte do tesouro fraseolóxico galego.

Palabras clave: recompilación fraseolóxica, expresión figurada, referente animal.

Abstract: The present work, which is the result of a doctoral thesis defended in 2017, collects a total of 1438 Galician figurative expressions constructed with animal referents. In the manner of a phraseological dictionary, this compilation presents the entries ordered alphabetically according to the animal referent used in each figurative expression. Each entry offers a categorization of the expression, its figurative meaning and the source or sources from which it was collected. People conceptualize our daily reality and the situations that occur in it, using close and known references with which we create figurative expressions that help us to express ourselves better. The referents of the animal world occupy an important place in the creation of figurative expressions, since animals

¹ Data de recepción: 04.11.24. Data de aprobación: 20.10.25.

have always lived with people. By collecting these expressions, drawn from both general and specialized Galician lexicographical works as well as from spoken language, we aim to contribute to their compilation and dissemination so that this part of Galician phraseological treasure is not lost.

Keywords: phraseological compilation, figurative expression, animal referent.

1. Introducción

O uso da **linguaxe figurada**, a maioría das veces a través da fraseoloxía, é o recurso do que dispoñemos as persoas para dotar o noso discurso da realidade, a nosa descrición desta, dunha nota de cor. Ferro Ruibal (1996) describiuno dunha forma similar ó afirmar que a lingua transmite información en branco e negro, mentres que a fraseoloxía o fai en cor. Trátase, pois, dun xeito xenuíno de enriquecer a lingua con elementos tradicionais pertencentes á cultura de cada pobo, de encapsular referentes históricos, xeitos de vida, fenómenos meteorolóxicos ou aspectos relacionados coas colleitas de cada rexión... para que sigan vivos na fala cotiá e que non desaparezan de xeración en xeración.

Dende moi antigo, o ser humano conviviu en estreita relación cos animais, por iso é común que exista en todas as linguas un gran número de **expresións figuradas construídas con referentes animais** para describir situacións da nosa vida cotiá. Este tipo de expresións son o froito da interpretación que fan os seres humanos do comportamento e dos costumes dos animais (Dobrovól'skij e Piirainen, 2005, p. 325). No proceso de creación destas expresións, as persoas extraemos unha serie de esquemas conceptuais² a partir do coñecemento da conduta dos animais, así como doutros coñecementos culturais relacionados con eles, para poder comprender e expresar a realidade mediante expresións figuradas en que funcionan como referentes (Marques, 2013).

O *Dicionario galego de linguaxe figurada animal* que ten nas súas mans é o resultado dunha tese de doutoramento defendida en 2017, titulada «Os animais vistos polos galegos: análise das expresións figuradas galegas que retratan o mundo animal», da miña autoría e defendida baixo a dirección de María Álvarez de la Granja. Así, con esta achega preténdese ofrecer un repertorio de expresións figuradas creadas con referentes animais co obxectivo principal de contribuír á conservación deste noso legado cultural. Ademais, o feito de que certos referentes estean, en ocasións, moi afastados xa da realidade de moitos galegos/as —existen certos animais que nas cidades xa non están presentes e, polo tanto, o seu comportamento xa non funciona como referente para a creación de expresións— fai que sexa máis urxente a súa recompilación e difusión.

Con cada ancián/á que morre pérdese toda unha herdanza lingüística que, a día de hoxe, se non se plasma por escrito, desaparece. Queremos, pois, contribuír ó atesouramento das nosas expresións figuradas, desta vez, as que atinxen ó ámbito animal.

² A conceptualización enténdese como a capacidade do ser humano de crear estruturas simbólicas que se relacionan con outras estruturas preconceptuais da vida cotiá, dos acontecementos vinculados coa nosa experiencia física e que finalmente se ve reflectida na linguaxe. Para saber máis sobre este concepto poden verse estudos como Ullmann (1965); Lakoff (1990); Lakoff e Johnson (1980) ou Warren (2002), entre outros.

2. As expresións recollidas

O presente dicionario componse de expresións figuradas galegas que se forman tomando como **referentes** os **animais**, de xeito que permiten extraer ideas sobre a visión que temos as galegas e galegos de cada un deles. A alusión ó animal poderá ser explícita a través do seu nome (*onde irás boi, que non ares!*) ou implícita, mediante a mención dos lugares onde vive ([estar/ser] *coma un/o cortello*), dos ruidos que emite (*ladrar*), de accións concretas realizadas por animais (*soltar un couce*), das partes do seu corpo (*romper os cornos*), dos grupos ou colectivos que estes adoitan formar (*ser da mesma camada*), dos aparellos que levan (*perder os estribos*) etc.

As expresións recollidas refírense a **aspectos do comportamento animal**, ó tipo de **relación entre as persoas e certos animais** e á **valoración** que facemos os seres humanos deles. De acordo con isto, optamos por omitir aquelas nas que os animais son concibidos simplemente como un alimento (*o coello por San Xoán e a perdiz por Navidá*), nas que se fai referencia á súa morte ([berrar] *coma un marrán na mesa de matar*), a aspectos biolóxicos ([coller/ter (algo)] *máis ca unha burra peidos*) ou a enfermidades comúns neles ([adoecer] *coma os cans da rabia*). En calquera caso, si se inclúe excepcionalmente algunha expresión con este tipo de referentes cando permite extraer algunha característica que as persoas lle atribuímos prototípicamente ó animal en cuestión. Así, por exemplo, forma parte do dicionario a expresión [morrer] *coma moscas*, posto que nos indica que a mosca é un insecto que vive en agrupacións xunto cos seus semellantes, unha característica que o ser humano ten en conta para crear expresións figuradas co valor de ‘en cantidade’.

Por último, non se recollen, tampouco, as expresións cuxa forma nos revela unha máis que probable restrición diatópica no seu emprego (*corvos na area, chuvia en Cedeira / gaivotas no con, peixes en Coira / para porcos, na Cañiza, que nunca foron lavados*).

3. As fontes consultadas

A selección das expresións candidatas para formar parte deste corpus levouse a cabo a partir do baleirado de refraneiros, dicionarios especializados en fraseoloxía e dicionarios xerais galegos. Recolléronse e analizáronse aquelas expresións figuradas que cumprisen as características explicadas anteriormente.

Como primeiro paso consultáronse os refraneiros e dicionarios especializados en fraseoloxía galega, para despois completar a información cos dicionarios de carácter xeral. Os primeiros foron o *Refraneiro galego básico* (Ferro Ruibal, 1995) (RGB), o *Refraneiro galego máis frecuente* (Ferro Ruibal, 2002) (RGMF), o *Dicionario fraseolóxico galego* (Martínez Seixo, 2000) (DFXG); o *Dicionario fraseolóxico do mar* (Rivas, 2005) (DFXM), o *Dicionario de fraseoloxía galega* (López Taboada e Soto Arias, 2008) (DFG) e a achega feita por Ferro Ruibal (2006), en forma de artigo, de 9713 «Locucións e fórmulas comparativas ou elativas galegas» (LFCEG), extraídas do *Tesouro Fraseolóxico Galego* (TFG).

Coas expresións resultantes deste baleirado construíuse unha listaxe de nomes de animais que funcionaban como referentes destas. A partir destes nomes buscáronse novos usos e expresións figuradas construídas con cada un dos animais nas entradas e subentradas dos dicionarios de carácter xeral. O baleirado de dicionarios xerais foi clave para poder localizar expresións figuradas monoverbais (*burro, porco, cabra...*) que, en principio, non adoitan aparecer en dicionarios fraseolóxicos e serviu para completar o repertorio fraseolóxico extraído dos dicionarios especializados. Para esta busca escolleuse o *Gran dicionario Xerais da lingua* (Carballeira Anllo, 2009) (GDXL), editado en papel con 100 000 entradas e que ofrece un amplo abano de elementos fraseolóxicos. Despois, buscouse no *Dicionario da Real Academia Galega* (2012) (DRAG), editado de xeito dixital e composto por 50 000 entradas (no momento de extracción das expresións).³

Nestes dicionarios xerais tamén se procuraron voces creadas a partir da raíz do nome do animal que posúen un sentido figurado, por exemplo: *abelloar* ('falar facendo ruído; alborotar, algarear, barullar' [GDXL / DRAG] / 'encirrar, provocar unha persoa ou un animal para que realice unha determinada acción' [GDXL] / 'provocar inquietude' [GDXL] / 'alborotarse, perder a calma, a serenidade e a compostura' [GDXL]); *aformigar/formigar* ('experimentar unha sensación entre o proído e as cóxegas nunha parte do corpo' [GDXL / DRAG] / 'haber moita cantidade e moito movemento de persoas ou animais' [GDXL / DRAG] / 'adormecer unha extremidade' [GDXL]) ou *formigo* ('fedello, persoa moi inqueda' [GDXL] / 'intranquilidade provocada polo desexo de algo; comechume' [GDXL] / 'sensación de proído ou cóxegas' [GDXL/DRAG]).

Co obxectivo de atopar outras expresións figuradas que se referisen de maneira indirecta ós animais, acudíuse ó *Dicionario conceptual galego* (Quintáns Suárez, 1997) (DCG) coa listaxe de animais que xa se posuía. Despois de procurar os nomes destes animais no DCG elaborouse unha listaxe paralela con palabras que se inserían dentro do campo semántico de cada animal: vivendas (*tobo*), partes do corpo (*pata*), accións (*ornear*) e denominacións xenéricas (*gando*). Con estes datos atopáronse outros usos figurados con referentes animais mediante unha nova busca nos refraneiros e dicionarios antes citados, e completouse a listaxe de expresións figuradas extraídas de fontes escritas.

Aínda que se empregaron estas obras como fonte de información para a extracción das expresións, utilizáronse tamén outras para contrastar e interpretar aquelas que en principio resultaban dúbidasas. Estas construcións foron comparadas con refraneiros como o *Refraneiro galego e outros materiais da tradición oral* (Vázquez Saco, 2003), o *Refraneiro galego* (Taboada Chivite, 2000) e cos dicionarios de carácter xeral que se recollen no *Dicionario de dicionarios*⁴ (Santamarina Fernández, 2003).

Por último, e co obxectivo de documentar novas expresións figuradas, así como determinar a valoración directa que se fai dos animais a través dunha serie de preguntas, realizáronse

³ Aínda que o número de entradas era menor ca no dicionario anterior, considerouse importante o seu baleirado por ter carácter académico.

⁴ Para coñecer máis sobre estas obras poden verse os prólogos respectivos incluídos neste dicionario en http://sli.uvigo.gal/DdD/documentos/ddd_prologos.pdf

300 enquisas orais (EO) e electrónicas (EE). A partir delas puidéronse recoller máis expresións. O número total de expresións que compoñen este dicionario é de 1438.

4. Morfoloxía das expresións

As expresións figuradas que recollemos presentan unha morfoloxía variada en tanto que poden ser unidades **monoverbais**, constituídas por unha soa palabra, de distintas categorías gramaticais (*burro / galopar / bestial*), ou entidades fraseolóxicas **pluriverbais**, constituídas por dúas ou máis palabras (*burro de carga / en/na terra de/dos lobos, ouvea/ hai que ouvear coma todos/coma eles / ter aires de boa ovella*).

Atendendo á caracterización feita por Álvarez de la Granja (2003, p. 11) enténdese por **unidade fraseolóxica** toda combinación de dúas ou máis palabras que presenta fixación dos seus compoñentes, que non segue un proceso de formación regular e produtivo, que posúe unidade conceptual e/ou funcional e que se vincula cunha situación dada. Dentro das unidades fraseolóxicas pluriverbais, e continuando coa clasificación feita por Álvarez de la Granja (2003a e 2003b), forman parte deste dicionario as **locucións** e os **enunciados fraseolóxicos**. As primeiras, entendidas como elementos oracionais que non constitúen actos de fala de seu senón que se insiren noutros actos de fala e que se clasifican tendo en conta o seu funcionamento no discurso e o feito de poderen ser substituídas por elementos oracionais monolexicais. As segundas, en cambio, si constitúen actos de fala de seu e non necesitan combinarse con ningún elemento do discurso (Zuluaga, 1980). Neste corpus rexistráronse os seguintes tipos de locucións cun significado figurado: substantivas (*cabra tola, boi de arado, burro de carga ...*), adxectivas (*de fociños, de avestruz,...*), adverbiais (*a poutadas*) e verbais (*ter o burro á porta, durmir sen can, coller/ter o burro, ...*). Entre as locucións, cómpre mencionar ademais a existencia de numerosas expresións de carácter comparativo ([malo] *coma as cobras, [rir] coma os coellos, [ter a cama] coma un cubil, [correr/pasar (os días)] coma o cabalo, ...*), que se poderían considerar un subtipo de locución adxectiva ou adverbial,⁵ dado que realizan a función propia de adxectivos ou adverbios e achegan o tipo de significado característico destes.

Canto ós enunciados fraseolóxicos, un dos tipos que se recolleron foi o **refrán**, un enunciado fraseolóxico lexicalizado que encerra un valor de verdade xeral válida en calquera tempo, que goza de autonomía sintáctica e textual e adoita ser de autoría anónima (Arnaud, 1991, p. 12) (*en/na terra de/dos lobos, ouvea/hai que ouvear coma todos/coma eles*).

Outros enunciados fraseolóxicos que aquí se rexistran son as **fórmulas**, enunciados que non presentan valor de verdade xeral, pero si teñen un significado pragmático e situacional (Zuluaga, 1980, p. 207) (*ladra, can, que para iso gañas o pan!*) e os **dialoxismos**, constituídos por unha frase impersoal seguida dun comentario xeralmente irónico (Casares, 1992 [1950], p. 195) que se interpretan como un único enunciado (aínda que se perciben trazos de diálogo) (*¡palabra!, díxolle o lobo á cabra*).

⁵ *Vid.* Becker, U. et al. (2013, p. 49).

5. Entradas

As expresións figuradas que compoñen o presente dicionario preséntanse ordenadas alfabeticamente baixo o termo ou referente animal empregado para cada caso: nome do animal, vivenda do animal, parte do corpo do animal ou acción propia do animal.

Cada unha delas estrutúrase do seguinte xeito: termo, categorización da expresión (tipo de unidade), significado figurado e fonte ou fontes das que se extrae a expresión. Por exemplo: *año* | *s.m.*: ‘persoa de pouco espírito e de corazón tenro’ (GDXL).

Normalmente, os criterios de lematización das expresións complexas e, en xeral, das expresións figuradas non son excesivamente sistemáticos nos dicionarios xerais (pode verse ó respecto Álvarez de la Granja, 1997). Tentouse, neste traballo, superar esas deficiencias empregando uns criterios de lematización sistemáticos e regulares, o que implica que o lema que aquí se ofrece non sempre vai coincidir co proporcionado polo dicionario ou dicionarios de onde se recolleu a expresión.

Os dicionarios adoitan incluír verbos no lema dalgúns expresións figuradas (esencialmente *ser* ou *estar*, aínda que non só) que, aínda que frecuentes no emprego de tales expresións, non son necesarios para o seu uso. Por exemplo, o DRAG ofrece *ser un can vello*, co significado de ‘ser astuto e precavido ou ter moita experiencia nun determinado asunto ou en xeral’. Pero en realidade a locución *can vello* pode empregarse noutras construcións distintas á indicada (*Manuel, can vello, xa sabía o que argallaba Ramona*). O verbo *ser* (e o artigo *un*) non están fixados na citada expresión, polo que esta lematízase, aquí, simplemente como *can vello* (tal e como fai, por outro lado, o GDXL).

Algúns das expresións máis problemáticas canto á lematización son as locucións comparativas, posto que ás veces figuran nos dicionarios coa base de comparación (*falso coma unha burra vella* ‘hipócrita’, no GDXL) e outras veces sen ela (*coma un can* ‘coma se non se tratase dun ser humano’, tamén no GDXL). Para evitar estas discrepancias optouse por introducir, entre corchetes e en letra redonda, a base da comparación máis frecuente, de modo que, nos exemplos indicados, os lemas van ser respectivamente [falso] *coma unha burra vella* e [tratar] *coma un can*. Se a base da comparación non se adoita facer explícita, incorpóranse entre corchetes os verbos *ser* ou *estar*, segundo corresponda ([estar] *coma unha cabra*). Os únicos casos en que non se incorpora a base da comparación son aqueles en que o símil funciona como un cuantificador, por exemplo: *coma un burro* (‘fai referencia a unha grande cantidade de algo’). Neste caso, dado que a base da comparación podería ser «traballar», «estudar», «comer», «beber» etc., e á falta dun verbo que aglutinase todas esas formas, lematízase o símil sen base da comparación (*coma un burro*).

No caso de detectar variantes dunha mesma expresión, agrúpanse da maneira máis sinxela posible en cada caso, unificando as expresións dunha forma abreviada:

- Sepáranse cunha barra inclinada (/) e sen espazos as palabras que se poden substituír na expresión, de maneira que a persoa lectora entenda que a dita expresión funciona co mesmo significado con calquera das palabras ofrecidas: *díxolle o corvo á pega: bótate alá/saca para alá que es negra!*

- Empréganse as parénteses () para introducir palabras ou expresións que poden aparecer completando a unidade ou non: [escapar/fuxir] *coma gato escaldado (polas brasas)*. Debe entenderse que a expresión pode formularse como *escapar/fuxir coma gato escaldado* ou como *escapar/fuxir como gato escaldado polas brasas*.

Ademais, como xa se explicou, os adxectivos que se toman como base dunha comparación figuran entre corchetes e escritos con tipografía redonda ([egoísta] *coma un porco*). Nos casos en que o adxectivo admita variación de xénero, especificase cunha barra inclinada: [tolo/a] *coma unha cabra*. No caso de que a expresión só se empregue en feminino, así irá rexistrada: [fera] *coma unha gata*. Para o caso concreto das expresións monoverbais constituídas polo nome dun animal, lematízase a expresión co xénero masculino (*burro*) cando pode ser utilizada en calquera dos dous xéneros sen variar o seu significado e se a expresión só se usa en feminino, así irá especificado (*lagarta*).

En canto ós actantes das expresións, ás veces inclúese no lema o complemento indirecto, o directo e, nalgunha ocasión, o suxeito, sempre entre corchetes e en letra redonda. Faise así nos seguintes casos: cando o actante se considera necesario para comprender a formación sintáctica da expresión (*botarlle o can* [a alguén]), cando se rexistra a mesma expresión con e sen actante (*baixar da burra* e *baixar da burra* [a alguén]) e cando o actante é tan restrinxido que, de non engadilo, perderíase información semántica necesaria para comprender o significado e uso da expresión (*parecer* [o mar] *un boi deitado*).

Polo que respecta á lingua estándar, no caso de que algunha palabra da expresión sexa unha voz non aceptada ou pouco recomendada pola Real Academia Galega (normalmente por tratarse dun castelanismo ou dunha voz dialectal), esta márcase cun asterisco (*): [facér] *coma o can do *hortelán* (*que nin come/roe nin deixa comer/roer*). No entanto, para evitar lemas demasiado complexos, cando se rexistran variantes de tipo formal (*bicho* ~ *becho*) nunha mesma expresión, lematízase coa voz recomendada polo *Dicionario da Real Academia Galega* (neste caso concreto: *bicho*).

6. Abreviaturas máis empregadas

A seguir preséntanse as abreviaturas máis empregadas neste dicionario para as expresións fraseolóxicas recollidas:

- **adx.** > adxectivo
- **dialog.** > dialoxismo
- **fórm.** > fórmula
- **loc. adv.** > locución adverbial
- **loc. adx.** > locución adxectiva
- **loc. adv. comp.** > locución adverbial comparativa

- **loc. adx. comp.** > locución adxectiva comparativa
- **loc. s.** > locución substantiva
- **loc. v.** > locución verbal
- **refr.** > refrán
- **s.** > substantivo
- **v.i.** > verbo intransitivo
- **v.p.** > verbo pronominal
- **v.t.** > verbo transitivo

7. Conclusión

Agardamos que a presente recolleita que vén a continuación sexa do seu interese e que contribúa a fixar na súa fala cotiá certas expresións ou usos figurados con base en nomes de animais que estaban practicamente esquecidas, para contribuír a unha recuperación real desta parte do noso patrimonio inmaterial.

Somos conscientes de que esta proposta, 1438 expresións restrinxidas só a aquela linguaxe figurada en que se proxecta unha imaxe do animal vivo e da que podemos recoller indicios do seu comportamento e/ou costumes, pode resultar escasa ou ata se poida interpretar como unha ousadía chamala *dicionario*. O certo é que este traballo é algo máis ca unha achega e presentalo en forma de dicionario (sempre mellorable con futuras contribucións dos/as informantes que o consulten) pode axudar a unha mellor busca de expresións e usos figurados, para conseguir que a linguaxe figurada animal volva a ocupar o discurso diario de galegas e galegos.

8. Expresións ordenadas alfabeticamente

A

ABELLA

Abella | *s.f.*: ‘persoa traballadora e apañada’ (GDXL)

[**Acudir**] *coma as abellas ó mel* | *loc. adv. comp.*: ‘acudir en masa, aglomerarse’ (LFCEG)

[**Pequeno/a**] *coma unha abella* | *loc. adv. comp.*: ‘persoa raquítica’ (LFCEG)

Quen cata o mel na colmea, sofre o aguillón da abella | *refr.*: ‘quen consegue algo que desexa, adoita sufrir algún dano ou dificultade para obtelo’ (RGB)

[**Traballar**] *coma unha abella* | *loc. adv. comp.*: ‘traballar moito’ (EE)

Unha mala abella revolve unha colmea/un covo | *refr.*: ‘unha persoa que pense diferente pode revolucionar as demais en determinados contextos’ (RGB)

ABELLAR

Abellar | *v.i.*: 1. ‘facer un ruído semellante ó producido por un enxame de abellas’// *v.t.*: 2. ‘encerrar, incitar a alguén’; 3. ‘provocar inquietude’; 4. ‘provocar a unha persoa ou un animal para que realice unha determinada acción’ (GDXL, EO)

ABELLOAR

Abelloar | *v.i.*: 1. ‘falar facendo ruído’; 2. ‘facer ruído ou barullo’// *v.t.*: 1. ‘molestar con exceso de ruído ou con palabras pouco agradables’; 2. ‘causarlle molestia a alguén’; 3. ‘encerrar, provocar unha persoa ou un animal para que realice unha determinada acción’ *v.p.*: 1. ‘alborotarse, perder a calma, a serenidade e a compostura’ (GDXL, DRAG)

ABELLOEIRO

Abelloeiro/a | *adx.*: ‘persoa algareira, moi ruidosa’ (GDXL)

ABELLÓN

[Fungar] *como funga un abellón* | *loc. adx. comp.*: ‘mostrar un comportamento irado’ (LFCEG)

[Listo/a] *coma un abellón* | *loc. adx. comp.*: ‘persoa intelixente’ (LFCEG)

ABESOURAR

Abesourar | *v.t. e v.i.*: ‘molestar con exceso de ruído ou con palabras pouco agradables’ (GDXL)

ABESOURO

Abesouro | *s.m.*: ‘persoa impertinente’ (GDXL)

[Rosmar] *coma un abesouro* | *loc. adx. comp.*: ‘emitir sons en sinal de enfado’ (LFCEG)

ABESTAR

Abestarse | *v.p.*: 1. ‘volverse bruto coma un animal’; 2. ‘volverse torpe coma un animal’ (DRAG, GDXL)

AFOCIÑAR

Afociñar | *v.i.*: 1. ‘dar de fociños contra algo’; 2. ‘caer de fociños; debuzarse, enfociñar’; 3. ‘bater de súpeto cun obstáculo insalvable’; 4. ‘renderse ante unha dificultade ou obstáculo’; 5. ‘atoparse inesperadamente con alguén’ | *v.t.*: 1. ‘facer que alguén caia de fociños’; 2. ‘facer que alguén bata contra algo’ (GRAD, GDXL)

AFORMIGAR

Aformigar | *v.i.*: 1. ‘mostrar inquietude, nerviosismo, dando mostras de desacougo físico ou moral’; 2. ‘experimentar unha sensación entre o proído e as cóxegas nunha parte do corpo’; 3. ‘haber moita cantidade e moito movemento de persoas ou animais’ (DRAG, GDXL)

AGUIA

Aguia | *s.f.*: ‘persoa de moita perspicacia e viveza’ (GDXL)

As aguias non cazan moscas | *refr.*: ‘dise da persoa que antepón o seu orgullo nunha situación determinada e rexeita facer algunha cousa por considerala impropia da súa categoría ou posición’ (RGB)

ALACRÁN

Estar feito un alacrán | *loc. v.*: ‘estar furiosa [unha persoa], colérica’ (DFXG)

ANDORIÑA

[Cantar] *coma unha andoriña* | *loc. adx. comp.*: ‘cantar ben’ (LFCEG)

ANGUÍA

[Escoarse/ escorregarse/ escorrerse] *coma unha anguía* | *loc. adx. comp.*: ‘escapar facilmente de certas situacións que non interesan’ (LFCEG)

[Escorregadizo/a] *coma unha anguía* | *loc. adx. comp.*: ‘persoa escorregadiza, que escapa facilmente’ (LFCEG)

[Ser] *coma unha anguía* | *loc. adx. comp.*: ‘persoa falsa’ (DFXM, LFCEG)

ANIMAL

Animal | *s.m.*: 1. ‘persoa que se comporta con brusquidade e violencia; besta, brután/ ana, bruto/a’; 2. ‘que actúa sen facer uso da razón’; 3. ‘persoa ignorante, pouco ou nada instruída’ (DRAG, GDXL)

Animalada | *s.f.*: 1. ‘cantidade moi grande ou excesiva de algo’: 2. ‘[dito de alguén] que está fóra de razón ou de lóxica’ (DRAG, GDXL)

Animalizar(se) | *v.t. e v.p.*: 1. ‘facer que unha persoa se degrade na súa condición humana ata semellar un animal’; 2. ‘volver(se) bruto ou torpe coma un animal’ (DRAG, GDXL)

Facer o animal: | *loc. v.*: ‘comportarse de xeito irracional’ (GDXL)

[Ser] *coma animais / coma un animal (fóra a alma)* | *loc. adx. comp.*: ‘ser unha persoa bruta’ (LFCEG)

[Traballar] *coma un animal* | *loc. adx. comp.*: ‘traballar moito’ (GDXL)

AÑO

Año | *s.m.*: ‘persoa de pouco espírito e de corazón tenro’ (GDXL)

[Doce] *coma un año/añiño* | *loc. adx. comp.*: ‘persoa moi mansa’ (DFG, DFXG)

[Mainiño/a] *coma un año/añiño* | *loc. adx. comp.*: ‘persoa moi mansa’ (DFG, DFXG)

[Manso/a] *coma un año/añiño* | *loc. adx. comp.*: ‘persoa moi mansa’ (DFG, DFXG)

O año manso mama a súa nai e a todas as do rabaño | *refr.*: ‘dise da persoa que consegue moitas cousas por ser boa ou parecelo’ (RGB)

ARAÑA

Araña | *s.f.*: 1. ‘persoa traballadora’; 2. ‘persoa lenta que non avanza no traballo’ (GDXL)

[Estar] *coma a mosca na tea da araña* | *loc. adx. comp.*: ‘estar nunha dificultade grave’ (LFCEG)

[Frac/a] coma as arañas | *loc. adx. comp.*: ‘persoa mirrada’ (LFCEG)

[Pobre] coma as arañas / **[Máis pobre] cá(s) araña(s)** | *loc. adx. comp.*: ‘pasar por unha situación de pobreza’ (DFG, DFXG, LFCEG, DRAG, EE)

Verse en papos de araña | *loc. v.*: ‘estar en serias dificultades’ (DFXG)

ARENQUE

[Estar] coma un arenque | *loc. adx. comp.*: ‘estar mirrado/a’ (GDXL)

ARRE

Nin arre nin xo / **Nin tanto arre que corra nin tanto xo que pare** | *fórm.*: ‘expresión coa que se comenta a indefinición dunha persoa ou unha cousa. Equivale a *nin unha cousa nin a outra*’ (DFXG, RGMF, EE)

(Ou) arre ou xo | *fórm.*: ‘díselle a alguén para que tome unha decisión’ (DFXG)

ARROAZ

Arroaz | *s.m.*: ‘persoa grande e gorda’ (GDXL)

[Bruto/a] coma un arroaz | *loc. adx. comp.*: ‘persoa moi bruta’ (DFXG)

ASNADA

Asnada | *s.f.*: ‘dito ou feito que é mostra de ignorancia ou de pouca intelixencia’ (DRAG, GDXL)

ASNEIRA

Asneira | *s.f.*: ‘dito ou feito que é mostra de ignorancia ou de pouca intelixencia’ (DRAG, GDXL)

ASNO

Asno | *s.m.*: ‘persoa que ten poucos coñecementos ou dificultades para comprender as cousas’ (DRAG, GDXL, EO)

AVE

Ave de mal agoiro | *loc. s.*: ‘persoa que anuncia malos presaxios’ (DFG, GDXL)

Ave de rapina | *loc. s.*: ‘persoa ambiciosa que adoita utilizar a violencia para apropiarse do alleo’ (DFG, GDXL)

[Áxil] coma unha ave | *loc. adx. comp.*: ‘moi áxil e lixeiro/a’ (DFG)

Dúas aves rapiñeiras fan malas compañeiras | *refr.*: ‘as persoas ambiciosas non gardan boa relación entre si’ (RGB)

[Listo] coma unha ave | *loc. adx. comp.*: ‘persoa moi astuta; moi lista’ (DFXM, LFCEG)

Unha ave soila non canta nin chora | *refr.*: ‘todas as persoas precisan compañía’ (RGB)

AVESPA

Avespado/a | *adx.*: ‘persoa lista, espelida’ (DFXM)

[Ser] coma unha avespa | *loc. adx. comp.*: ‘ser unha persoa lista, espelida’ (DFXG, LFCEG)

AVESPEIRO

Avespeiro | *s.m.*: ‘lugar ou situación no que poden darse complicacións ou perigos’ (DRAG, GDXL)

AVESTRUZ

De avestruz | *loc. adx.*: ‘[aplicado á actitude ou táctica] que trata de non ver os perigos ou problemas reais’ (GDXL)

[Esconder o pescozo] coma a avestruz | *loc. adx. comp.*: ‘fuxir das responsabilidades’ (EE)

B

BACALLAU

Bacallau | *s.m.*: ‘persoa dunha delgadeza extrema’ (GDXL)

[**Fraco/a**] *coma un/o bacallau (polo rabo)* | *loc. adx. comp.*: ‘(estar) extremadamente delgado/a’ (DFG, DFXG, DFXM, LFCEG)

[**Gordo/a**] *coma un/o bacallau (polo rabo)* | *loc. adx. comp.*: ‘(estar) extremadamente delgado/a’ (DFG, DFXG, DFXM, LFCEG)

[**Mirrado/a**] *coma un/o bacallau (polo rabo)* | *loc. adx. comp.*: ‘(estar) extremadamente delgado/a’ (DFG, DFXG, DFXM, LFCEG)

BACORIÑO

Bacoriño de/en celeiro non quere compañeiro | *refr.*: ‘dise da persoa que prefire estar soa nunha determinada situación para tirar beneficio de algo’ (RGMF, RGB)

Onde hai bocadiño, alí está o bacoriño | *refr.*: ‘cando hai beneficio sempre xorde unha amizade interesada’ (RGB)

BANDADA

Bandada | *s.f.*: ‘grupo numeroso de persoas que se moven xuntas’ (DRAG, GDXL)

BANDULLO

Bandullo | *s.m.*: ‘[coloquialmente] estómago dunha persoa’ (DARG, GDXL)

BECERRO

Becerro manso mama a súa nai e a outras catro | *refr.*: ‘dise da persoa de aparencia bondadosa, pero hipócrita, que engana facilmente ós demais’ (LFCEG)

[Berrar] coma becerros | *loc. adx. comp.*: ‘berrar unha persoa’ (LFCEG)

[Encher o bandullo] coma becerros | *loc. adx. comp.*: ‘comer moito’ (LFCEG)

[Gordo/a] coma un becerro | *loc. adx. comp.*: ‘persoa moi gorda’ (EO)

[Grande] coma un becerro | *loc. adx. comp.*: ‘persoa grande’ (LFCEG)

BESTA

A besta amatada de lonxe ve vir a albarda | *refr.*: ‘a persoa experimentada é a que ten máis sabedoría’ (RGB)

Besta | *s.f.*: 1. ‘persoa pouco intelixente’; 2. ‘persoa de moita resistencia’; 3. ‘persoa falta de delicadeza e amabilidade’ (GDXL)

Besta brava | *loc.s.*: ‘persoa falta de delicadeza e amabilidade’ (DRAG, GDXL)

Besta de arriero | *loc.s.*: ‘persoa moi castigada, moi sufrida’ (DFG)

Besta de carga | *loc.s.*: ‘persoa moi castigada, moi sufrida’ (DFG)

Besta negra/moura: | *loc.s.*: ‘persoa ou cousa que provoca especial rexeitamento ou que constitúe a principal dificultade para algo’ (DRAG)

Besta parda/negra/moura | *loc.s.*: ‘persoa moi bruta; desapiadada e cruel’ (DFG, GDXL)

Bestial | *adx.*: 1. ‘que é moi bo, moi grande ou moi intenso’; 2. ‘que comporta violencia e crueldade’ (DRAG, GDXL)

[Cariñoso/a] coma unha besta brava | *loc. adx. comp.*: ‘persoa de comportamento áspero’ (LFCEG)

[Estúpido/a] coma unha besta | *loc. adx. comp.*: ‘persoa de pouca intelixencia’ (LFCEG)

[Facer] coma a besta do arriero que leva viño e bebe auga | *loc. adx. comp.*: ‘ser unha persoa obediente’ (LFCEG)

Mala besta *loc.s.*: ‘persoa moi bruta; desapiadada e cruel’ (DFG, GDXL)

O que ten besta e anda/vai a pé máis besta el é | *refr.*: ‘dise dunha situación ilóxica’ (RGMF, RGB)

[Ser] peor ca unha besta | *loc. adx. comp.*: ‘ser moi parvo, moi animal’ (DFG)

[Testán/a] *coma unha besta* | *loc. adx. comp.*: ‘ser unha persoa moi teimuda’ (EE)

[Traballar] *coma unha besta* | *loc. adx. comp.*: ‘traballar moito’ (DFG)

BEXATO/BUXATO

[Cariñoso/a] *coma o/un bexato/buxato cos/para os pitos* | *loc. adx. comp.*: ‘persoa áspera, agresiva, bruta’ (LFCEG)

BICHO

Bicharía | *s.f.*: ‘acción propia dunha persoa maliciosa’ (DRAG)

Bicho | *s.m.*: 1. ‘persoa que ten mal xenio e é pouco amiga de relacionarse coas demais’; 2. ‘persoa que ten cara ás demais a brutalidade dun bicho’; 3. ‘persoa de aspecto ridículo’; 4. ‘nen/a moi argalleiro/a’ (DRAG, GDXL)

Bicho raro | *loc. s.*: ‘persoa extravagante’ (DRAG)

Mal bicho | *loc. s.*: ‘persoa mala’ (GDXL)

[Malo/a] *coma un bicho / coma unha bicha* | *loc. adx. comp.*: ‘persoa moi mala’ (EE)

BICO

Bico | *s.m.*: ‘parte da cara das persoas e dalgúns animais composta polo queixelo, pola boca e mais polo nariz’ (DRAG, GDXL)

Calar/pechar o bico | *loc. v.*: ‘non falar, silenciar un asunto’ (DFG, GDXL)

Estar de bico retorto | *loc. v.*: ‘mostrar anoxo, enfado’ (DFG)

Non haber onde pousar o bico | *loc. v.*: ‘situación ou cousa que se dá por perdida ou que xa non ten remedio’ (DFGX, GDXL)

Ter o bico de pobre | *loc. v.*: ‘gustarlle o mellor a unha persoa, ter bo gusto’ (DFG)

Ter o bico redondo | *loc. v.*: ‘ser unha persoa exquisita para comer’ (DFG)

Ter moito bico | *loc. v.*: ‘ter moita labia’ (GDXL)

Torcer/revirar o bico | *loc. v.*: ‘facer xestos de desaprobación ou enfado coa cara’ (DFG, DRAG, GDXL)

Untarlle o bico [a alguén] | *loc. v.*: ‘subornalo/a’ (DFG)

BOI

A boi bravo, corda longa/rego longo | *refr.*: ‘cómpre ser precavido ante certas persoas ou cousas perigosas’ (RGMF, RGB)

A boi vello non lle busques abrigo (búscallo ó becerraño) | *refr.*: ‘a persoa experimentada non precisa consellos ou indicacións’ (RGMF, RGB)

[Andar] coma os bois (no monte) | *loc. adx. comp.*: ‘estar explotada ou escravizada [unha persoa]’ (LFCEG)

A paso de boi | *loc. adv.*: ‘moi amodo’ (GDXL, EE, EO)

Aramos! –dixo a mosca ó boi | *dialox.*: ‘empregase para criticar as persoas que presumen de levar a cabo un traballo que fan outros’ (RGB)

[Bebelas/ser] coma un/o boi ladrón | *loc. adx. comp.*: ‘facer caso omiso do que lle din, finxir non saber ou non entender nada do asunto que se trata’ (DFG, LFCEG)

Boi de arado | *loc.s.*: 1. ‘persoa moi bruta’; 2. ‘persoa torpe e parva’ (DFG)

Boi de barro | *loc.s.*: ‘persoa sen malicia’ (GDXL)

Boi de Belén | *loc.s.*: ‘persoa moi boa; persoa boa de máis’ (DFXG, DFXM, DRAG, GDXL, EE)

Boi de palla | *loc.s.*: 1. ‘persoa moi boa; persoa boa de máis’; 2. ‘persoa indolente; con moi pouca consideración social’ (DFG, DFXG, DFXM, DRAG, GDXL, EE)

[Botar/poñer] o carro diante/antes dos/cós bois | *loc.v.*: ‘realizar unha acción antes ca outra que por lóxica debería facerse primeiro’ (DFXG, DFXM, LFCEG)

[Brear] coma quen brea nun boi | *loc. adv. comp.*: ‘golpear forte’ (LFCEG)

[Bruar] coma un boi (sen capar) | *loc. adx. comp.*: ‘berrar unha persoa’ (LFCEG)

[Bruto/a] coma un boi de arado | *loc. adx. comp.*: ‘moi bruto/a’ (EO)

Buscarlle a corte ó boi vello | *loc.v.*: ‘pretender aprenderlle ó/á que xa sabe’ (DFG, GDXL)

Cabeza de boi | *loc.s.*: ‘persoa moi teimosa’ (EE)

Cea os bois! | *fórm.*: ‘díselle a alguén cando esaxera moito’ (DFG)

Coller o boi polos cornos | *loc.v.*: ‘enfrentarse a un problema’ (DFXM)

[Facer algo] coma un boi | *loc. adv. comp.*: ‘facer algo empregando moita forza’ (DFG)

[Facer traballar] coma un boi | *loc. adv. comp.*: ‘obrigar a traballar duramente, de forma escravista’ (DFG)

[Forte] coma un boi / [Ter unha forza] coma un boi / [Ser máis forzado] ca un boi / [Ter] máis forza ca un boi | *loc. adx. comp.*: ‘ter moita forza’ (DFG, LFCEG, EO)

[Gordo/a] coma un boi | *loc. adx. comp.*: ‘persoa gorda’ (LFCEG, EO)

[Libre] *coma o boi no monte* | *loc. adx. comp.*: ‘libre’ (LFCEG)

[Manso/a] *coma un boi (machado)* | *loc. adx. comp.*: ‘ser de moi boa persoa de natural, ser moi manso’ (DFG, EE, EO)

[Namorarse] *coma un boi* | *loc. adx. comp.*: ‘estar en estado de namoramento’ (LFCEG)

O boi ruín escórnase folgando / O boi ruín nin folgando se descorna / O ruín boi descórnase folgando | *refr.*: ‘persoa que se fatiga con calquera esforzo’ (RGB)

O boi vello vai/anda polo/no rego / Boi vello, pola rilleira/rilleiro / O boi vello de seu leva o rego | *refr.*: ‘persoa experimentada que sabe actuar en consecuencia’ (DFG, RGMF, RGB, EO)

[Ollar] *coma boi para palacio* | *loc. adx. comp.*: ‘non comprender’ (LFCEG)

Onde irás boi, que non ares/labres! / A onde irá o boi que non are, xa que arar sabe! / A onde irás, boi, que non ares, senón á cortadoría! | *refr.*: ‘úsase para ponderar o inútil e equivocado dun posible cambio de lugar ou de condición’ (DFG, RGMF, RGB, EE)

Parecer [o mar] un boi deitado | *loc. v.*: ‘estar moi calmo o mar’ (EE)

Puxa o boi polo arado, mal do seu grado / O boi turra do arado, mais non é do seu agrado | *refr.*: ‘dise de quen realiza un traballo á forza, obrigado por outra persoa’ (RGMF, RGB)

Saber con que bois se ara/labra | *loc. v.*: ‘saber moi ben con quen se trata’ (DFG, DFXG, GDXL, EO)

[Ser] *coma un boi* | *loc. adx. comp.*: ‘persoa gorda’ (LFCEG, EO)

[Ser] *coma o boi de Belén* | *loc. adx. comp.*: ‘ser paciente’ (LFCEG)

[Ser] *coma un boi de Belén* | *loc. adx. comp.*: ‘estorbar’ (LFCEG)

[Ser] *coma un boi (machado)* | *loc. adx. comp.*: ‘ser de moi bo natural, ser moi manso/a’ (DFG, EE, EO)

Ter cintura de boi | *loc. v.*: ‘estar gordo/a’ (LFCEG)

[Ter os ollos] *coma un boi* | *loc. adx. comp.*: ‘ter os ollos grandes’ (LFCEG)

BRADAR

Bradar | *v.i.* : 1. ‘[persoa] lanzar sons agudos e fortes ou palabras en voz moi alta’; 2. ‘berrar moito en momentos de dor e carraxe [unha persoa]’; 3. ‘pedir auxilio a grandes voces’ (DRAG, GDXL)

BRADO

Brado | *s.m.*: ‘son agudo ou palabras emitidas con forza e en voz alta a causa do terror, medo, dor etc.’ (DRAG, GDXL)

BUBELA

Cabeza de bubela | *loc. s.*: ‘persoa lixeira de pensamento ou aloucada’ (DFG)

[Cheirar/feder] coma un/unha bubelo/a / **[Máis cheirento] ca un bubelo** | *loc. adx. comp.*: ‘cheirar moi mal’ (DFG, LFCEG)

[Facer] coma a bubela | *loc. adx. comp.*: 1. ‘lixar, ensuciar’; 2. ‘incumprir unha promesa ou facer unha falsa promesa’ (LFCEG)

[Ser] coma a bubela | *loc. adx. comp.*: ‘ser unha persoa indiscreta’ (LFCEG)

BUFAR

Bufar | *v.i.*: 1. ‘rosmar, protestar entre dentes’; 2. ‘manifestar cólera ou desesperación [unha persoa]’; 3. ‘ter moitos fumes’ (DRAG, GDXL)

BURRO/A

A burro frouxo, arrieiro tolo que lle malle o lombo | *refr.*: ‘aconsella tratar de malas maneiras as persoas de comportamento difícil, faltas de delicadeza, para que reaccionen’ (RGB)

A burro pardo, arrieiro arroutado | *refr.*: ‘aconsella tratar de malas maneiras as persoas de comportamento difícil, faltas de delicadeza, para que reaccionen’ (RGMF, RGB)

A carne de burro non é transparente (RESPOSTA: Ollos de porco mírano todo) | *refr./dialox.*: ‘dise cando alguén molesta nun determinado lugar, normalmente diante do noso campo visual’ (RGMF, RGB, EE, EO)

Alá vai o burro coas nocas! | *fórm.*: ‘expresión de forte contrariedade cando algo é desbaratado’ (DFG)

Amor dos burros entra a couces e a dentadas | *refr.*: ‘fai referencia ás relacións amorosas difíciles’ (RGB)

[(Andar/ir) cargado/a] coma un burro | *loc. adx. comp.*: ‘moi cargado/a’ (DFXG, LFCEG, EE, EO)

Baixar da burra / Caer da burra / Caer do burro (abaixo/embraixo) | *loc. v.*: ‘decatarse do erro no que se estaba; caer na conta, por fin, de algo que non se daba entendido’ (DFG, DFXG, DFXM, DRAG, GDXL, EE, EO)

Baixar da burra [a alguén] | *loc. v.*: ‘convencer de algo a alguén que estaba obstinado/a no contrario’ (DRAG)

[Berrar/griñir] coma un/os burro/s | *loc. adx. comp.*: ‘berrar forte’ (LFCEG)

[Botar/ter orellas] coma unha burra / [Ter (as) orellas (grandes)] coma un burro | *loc. adx. comp.*: ‘ter as orellas moi grandes’ (LFCEG)

Burra aceiteira | *loc. s.*: ‘[ironicamente] ter poucas luces’ (GDXL)

Burrada | *s.f.*: 1. ‘acción bruta ou inhumana’; 2. ‘cantidade moi grande’; 3. ‘dito ou feito que é mostra de ignorancia ou de pouca intelixencia’ (DRAG, GDXL)

Burrería | *s.f.*: ‘acto propio de persoas pouco sabidas’ (DFXM)

Burro | *s.m.*: 1. ‘persoa que ten poucos coñecementos ou ten dificultades para comprender as cousas’; 2. ‘persoa falta de delicadeza e amabilidade’; 3. ‘persoa moi traballadora’; 4. ‘[despectivamente] cabalo de pouca calidade’ (GDXL)

Burro cansado | *loc. s.*: ‘persoa con pouco ánimo para emprender algo’ (DFXG, GDXL)

Burro cego | *loc. s.*: ‘persoa moi pouco intelixente, moi torpe ou parva’ (DFXG, GDXL)

Burro de carga | *loc. s.*: ‘persoa que traballa moito e moi duramente’ (DFG, GDXL)

Burro do xitano, en vendo o pau, alonga o paso | *refr.*: ‘refírese a que aqueles/as que están advertidos/as polas malas experiencias pasadas saben como actuar nas futuras’ (RGB)

Burro lavado, xabón perdido / O que lava a cabeza da burra perde o xabón e a lavadura | *refr.*: ‘esfuerzo inútil, normalmente relacionado co feito de querer instruír a unha persoa estulta ou alguén que se nega a recibir calquera tipo de ensinanza’ (RGMF, RGB)

Burricán | *s.m.*: ‘que ten poucos coñecementos ou ten dificultades para comprender as cousas’ (DRAG, GDXL, EO)

Burrico | *s.m.*: ‘que ten poucos coñecementos ou ten dificultades para comprender as cousas’ (DRAG, GDXL, EO)

Cando nace a vasoira, nace o burro que a roa | *refr.*: ‘unión ou vínculo entre persoas da mesma categoría ou condición (considerada normalmente baixa)’ (RGB)

Cando o burro vén ó lugar todos o queren montar | *refr.*: ‘refírese ó abuso doutras persoas sobre unha que é, normalmente, máis feble de ánimo’ (RGB)

[Canso/a] coma un burro | *loc. adx. comp.*: ‘moi canso/a’ (EE)

[Cargar] coma un burro | *loc. adv. comp.*: ‘pescar moito’ (DFXM)

[Cargar/traballar] coma unha/un burra/burro | *loc. adv./adx. comp.*: ‘moito e moi duramente’ (DFG, DFXG, EE, EO)

Chámalle burro ó cabalo! | *fórm.*: ‘dise ironicamente para se referir a alguén que aparenta ser máis parvo do que é’ (DFG, DFXG, EE)

Chanzas con burros acaban en couces | *refr.*: ‘cando se fan bromas con determinadas persoas, a situación pode acabar mal’ (RGB)

[Cheo/a] coma un burro | *loc. adx. comp.*: ‘estar farto/a despois de comer en abundancia’ (EE)

Coller/ter o burro | *loc. v.*: ‘incomodarse’ (DFXG, GDXL)

Coma un burro | *loc. adv/adx. comp.*: ‘moito’ (GDXL)

[Dar un couce] coma unha burra / [Dar couces] coma os burros | *loc. adx. comp.*: ‘facerlle [unha persoa] algo malo a outra que non o espera’ (DFXG, LFCEG, GDXL, EE)

De burro abaixo non hai menos besta/monta | *refr.*: ‘fai referencia á baixa estima que se lle ten a alguén ou á súa mala posición social’ (RGMF, RGB)

Díxolle o burro ás coles: pax vobis! | *dialox.*: ‘asoballamento entre clases sociais’ (RGMF, RGB)

Díxolle o burro ó mulo ¿tírate alá orelludo! | *dialox.*: ‘non se pode criticar a alguén cando se teñen os mesmos defectos’ (RGB)

(E) a burra déitase! | *fórm.*: ‘dise cando alguén se deita, desiste ou se rende’ (EO)

[Esperto/a] coma un burro | *loc. adx. comp.*: ‘persoa estulta, pouco intelixente’ (LFCEG)

[Falso/a] coma unha burra vella / [Máis falso/a] ca unha burra vella | *loc. adx. comp.*: ‘persoa hipócrita’ (GDXL, EE, EO)

[Grande] coma un burro | *loc. adx. comp.*: ‘persoa ou cousa grande’ (LFCEG, EE)

Ir de burra e volver de albarda | *loc. v.*: ‘non aprender nada’ (DFXG, GDXL)

Levar un burro | *loc. v.*: ‘sufrir unha desilusión’ (GDXL)

Máis quero burro que me leva, que cabalo que me deixa | *refr.*: ‘preferir a eficacia ante cá aparencia’ (RGMF)

Máis vale burro vivo ca sabio morto | *refr.*: ‘é mellor conformarnos co que temos’ (RGMF, RGB)

[Moucir] coma nun burro | *loc. adv. comp.*: ‘golpear forte’ (LFCEG)

Non levarán por ben o burro á auga, se el non ten gana | *refr.*: 1. ‘non se pode convencer a alguén de algo cando se nega a facelo’; 2. ‘deixar de insistir nun asunto que non ten solución’ (RGB)

Non morrer da cornada dun burro | *loc. v.*: ‘tomar moitas precaucións’ (DFG)

Non poder dar no burro e dar na albarda | *loc.v.*: ‘castigar o inocente por non se atrever co culpable’ (GDXL)

Non ver un burro a tres/catro pasos | *loc.v.*: ‘haber moi pouca ou nula visibilidade’ (DFG, GDXL)

O burro diante para que non se espante/para que a recua non espante | *refr.*: ‘dise cando alguén, ó facer unha enumeración de persoas, se coloca a si mesmo/a no primeiro lugar’ (RGMF, RGB)

O que non pode mallar no burro, malla na albarda | *refr.*: ‘castigar o inocente por non se atrever co culpable’ (RGMF)

Orneadas/orneos/palabras/patadas de burro non chegan ó ceo | *refr.*: ‘expresión usada para dar a entender que non se lle fai caso a quen di unha parvada ou tenta ofender ou molestar’ (DFXG, RGB, EE)

Pensando morreu un burro | *refr.*: ‘dise cando convén actuar e non seguir perdendo o tempo en pensamentos varios’ (DFG)

Picar de burro para besta | *loc.v.*: ‘pondera a ignorancia de alguén’ (DFG)

[Ser] coma o burro do arrieiro | *loc. adx. comp.*: ‘recibir abusos’ (LFCEG)

[Ser] coma un burro atado a un poste | *loc. adx. comp.*: ‘persoa torpe’ (LFCEG)

Sofre o burro a carga mais non a sobrecarga | *refr.*: ‘a resistencia, tanto física coma mental, ten os seus límites e pódese chegar ó esgotamento se se cometen excesos’ (RGB)

[(Tan) feo/a] coma un burro | *loc. adx. comp.*: ‘persoa fea’ (LFCEG)

[(Tan listo/a)] coma un burro | *loc. adx. comp.*: ‘persoa estulta, pouco intelixente’ (LFCEG)

[Ter a boca] coma un burro | *loc. adx. comp.*: ‘ter a boca grande’ (LFCEG)

[Ter a saúde] coma un burro | *loc. adx. comp.*: ‘ter boa saúde’ (LFCEG)

Ter o burro á porta | *loc. v.*: ‘ser obxecto de burla’ (DFG)

[Ter unha forza] coma un burro | *loc. adx. comp.*: ‘ter moita forza’ (EO)

[Testudo/a; teimoso/a; testán/ana] coma unha burra / coma un/os burro/s | *loc. adx. comp.*: ‘ser moi testudo/a’ (DFG, LFCEG, EE, EO)

Val máis pan duro que consello de burro | *refr.*: ‘aconsella non facer caso a alguén pouco intelixente’ (RGMF, RGB)

Vir a burra branca co diñeiro | *loc. v.*: ‘vir a fortuna’ (GDXL)

Volveu a burra ó trigo! | *fórm.*: ‘dise cando alguén actúa igual de mal ca outra ou a un feito que é igual de inconveniente ca outro’ (EE)

C

CABALO

A cabalo (de) / De a cabalo | *loc. adv. ou loc. prep.*: ‘escarranchada [unha persoa] sobre os ombreiros ou o lombo de alguén ou sobre unha cousa’ (RAG)

A cabalo regalado/dado non lle mires o dente/dentado/legado; A cabalo regalado non se lle mira o dente/dentado; O cabalo regalado, cólleo cos ollos pechados | *refr.*: ‘aconsella aceptar os regalos de bo grado e sen poñer ningún reparo, pois considérase descortés analizar a calidade do obsequio, así coma resaltar os seus defectos ou erros’ (RGMF, RGB, EE, EO)

[Apoltronado/a] coma un cabalo | *loc. adx. comp.*: ‘con preguiza’ (LFCEG)

[Bailar] coma un cabalo | *loc. adx. comp.*: ‘bailar mal’ (LFCEG)

Cabalo desbocado | *loc. s.*: ‘persoa á que non lle importan as consecuencias dos seus actos’ (EE)

Cabalón | *s.m.*: 1. ‘persoa de modais pouco refinados’; 2. ‘[despectivamente] muller con modos considerados socialmente propios do home’; 3. ‘persoa corpulenta’ (DRAG, GDXL)

[Correr/pasar (os días)] coma o cabalo | *loc. adv. comp.*: ‘con rapidez’ (LFCEG)

De cabalo | *loc. adx.*: ‘moi intenso ou forte’ (GDXL)

[Estragado/a] coma un cabalo | *loc. adx. comp.*: ‘con preguiza’ (LFCEG)

[Forte] coma un cabalo | *loc. adx. comp.*: ‘moi forte’ (LFCEG, EO)

[Rexo/a] coma un cabalo | *loc. adx. comp.*: ‘moi forte’ (LFCEG, EO)

CABRA

A cabra (sempre) tira ó monte | *refr.*: ‘tendencia propia da conduta dunha persoa que adoita ser herdada’ (EE, EO)

A cabra co vicio/vezo bate/dá cos cornos no cu / A cabra co vicio no cu dá cos cornos | *refr.*: ‘a ociosidade e o feito de ter todas as necesidades cubertas pode conducir a comportamentos pouco desexables e que inflúen para que a situación se torne peor’ (RGMF, RGB, EE, EO)

[Andar solto] *coma as cabras no monte* | *loc. adx. comp.*: ‘andar en liberdade’ (LFCEG)

Cabra | *s.f.*: ‘persoa aloucada’ (GDXL)

Cabra tola | *loc. s.*: ‘persoa de pouco siso’ (GDXL)

[Darlle o teo a alguén] *coma ás cabras* | *loc. adx. comp.*: ‘estar ou porse tola unha persoa’ (LFCEG)

[Estar] *coma a cabra no monte* | *loc. adx. comp.*: ‘estar ambientado/a’ (LFCEG)

[Estar] *máis borracha ca unha cabra* | *loc. adx. comp.*: ‘moi borracho/a’ (DFG)

[Estar] *peor ca unha cabra* | *loc. adx. comp.*: ‘estar tolo/a’ (DFG, GDXL, LFCEG, EE, EO)

[Estar] *coma unha cabra* | *loc. adx. comp.*: ‘estar tolo/a’ (DFG, GDXL, LFCEG, EE, EO)

[Facer] *coma a cabra no monte* | *loc. adx. comp.*: ‘liberdade sexual’ (LFCEG)

[Facer] *coma a cabra que pariu para o lobo* | *loc. adx. comp.*: ‘ser enganada [unha persoa]’ (LFCEG)

[Ladrón/ladroa] *coma as cabras* | *loc. adx. comp.*: ‘ladrón, ladroa’ (LFCEG)

[Maleducado/a] *coma a cabra sen solta* | *loc. adx. comp.*: ‘non ter educación, ser maleducado/a’ (DFXG, LFCEG)

[Mentir] *coma unha cabra* | *loc. adx. comp.*: ‘mentir moito’ (DFG)

Meter as cabras na horta | *loc. v.*: ‘sementar discordia’ (GDXL)

[Ser] *coma a cabra que pariu para o lobo* | *loc. adx. comp.*: ‘persoa ingrata’ (LFCEG)

[Ter a cabeza] *coma unha cabra tola* | *loc. adx. comp.*: ‘persoa que sofre loucura’ (LFCEG)

[Ter xenio] *coma unha cabra* | *loc. adx. comp.*: ‘persoa irada’ (LFCEG)

[Tolo/a] *coma unha cabra* | *loc. adx. comp.*: ‘estar tolo/a’ (DFG, GDXL, LFCEG, EE, EO)

CABRITO

[**Brincar/choutar/saltar**] *coma un cabrito (tolo) / coma os cabritos* | *loc. adx. comp.*: ‘brincar aloucadamente’ (LFCEG)

Cabrito | *s. m.*: 1. ‘pillabán/ana’; 2. ‘persoa moi áxil’ (GDXL, EE)

CABRÓN

Cabrón | *s. m.*: 1. ‘persoa maliciosa ou malintencionada’; 2. ‘home ó que a súa parella lle é infiel, particularmente cando o consente’(GDXL, DRAG)

De cabrón | *loc. adv.*: ‘facer algo con malicia’ (GDXL)

CABRONADA

Cabronada | *s.f.*: ‘acción malintencionada ou indigna’ (GDXL, DRAG)

CABUXA

[**Áxil**] *coma unha cabuxa* | *loc. adx. comp.*: ‘persoa que fisicamente está moi áxil’ (EE)

Cabuxa tola | *loc. s.*: ‘persoa aloucada’ (EE)

CABUXO

Amarrar o cabuxo | *loc. v.*: ‘esperar a que lles pase o enfado ós/ás nenos/as’ (EE)

Cabuxo | *s.m.*: ‘enfado que dura pouco tempo’ (DRAG)

Estar co cabuxo | *loc. v.*: ‘estar enfadado/a’ (DFG)

Ter o cabuxo | *loc. v.*: ‘estar enfadado/a’ (DFG)

CACAREXADA

Cacarexada | *s.f.*: ‘gargallada ou riso estridente’ (GDXL)

CACAREXADOR

Cacarexador/a | *adx.*: ‘persoa que pondera con fachenda as cousas propias’ (GDXL)

CACAREXAR

Cacarexar | *v.t.*: 1. ‘ponderar esaxerada ou reiteradamente as accións ou as calidades de algo ou alguén, especialmente as propias’; 2. ‘difundir cousas que deben ser caladas’; 3. ‘falar alto e con voz aguda’ (DRAG, GDXL)

CACHALOTE

[Bruto/a] coma un cachalote | *loc. comp.*: ‘moi bruto/a’ (DFXG)

CACHOLA

Cachola | *s.f.*: ‘cabeza das persoas’ (DRAG)

CADELA

Cadela | *s.f.*: 1. ‘muller irascible ou de mal xenio’; 2. ‘muller de comportamento socialmente deshonesto’ (DRAG, GDXL, EE)

Chámalle can á cadela! | *fórm.*: ‘fórmula que se emprega para indicar que alguén saíu máis listo/a do que parecía’ (GDXL)

[Correr] coma unha cadela | *loc. adx. comp.*: ‘correr moito’ (LFCEG)

[Delgado/a] coma unha cadela | *loc. adx. comp.*: ‘persoa moi delgada’ (DFXG, LFCEG)

Nunca o can morde a cadela | *refr.*: ‘fai referencia a unha relación de respecto mutuo’ (RGB)

[Poñerse] coma cadelas | *loc. adx. comp.*: ‘ter un comportamento promiscuo’ (LFCEG)

[Poñerse] coma unha cadela | *loc. adx. comp.*: ‘enfadarse moito, estar irascible’ (EE)

[Putá] coma unha cadela | *loc. adx. comp.*: ‘muller de carácter promiscuo’ (LFCEG, EO)

[Saída] coma unha cadela (en celo) | *loc. adx. comp.*: ‘muller de carácter promiscuo’ (LFCEG, EO)

Ser unha cadela coma un can | *loc. v.*: 1. ‘ser moi atrevida unha persoa’; 2. ‘ser ruín’ (GDXL, LFCEG)

[Viciosa] coma unha cadela | *loc. adx. comp.*: ‘muller de carácter promiscuo’ (LFCEG, EO)

CADELO

[Estar/facer un día (frío)] coma un cadelo | *loc. adx. comp.*: ‘dise cando o frío é moi intenso’ (DFG, LFCEG)

CALANRA

[Cantar] coma unha calandra | *loc. adx. comp.*: ‘cantar ben’ (LFCEG)

CAMADA

Camada | *s.f.*: ‘grupo de poboación con características comúns’ (DRAG, GDXL)

Ser da mesma camada/dunha camada | *loc. v.*: ‘ser da mesma condición negativa’ (DFG, GDXL)

CAMALEÓN

Camaleón | *s.m.*: ‘persoa que cambia de opinión, actitude etc., adoptando en cada momento a que máis lle convén segundo as circunstancias’ (DRAG, GDXL)

CAN

A can vello non hai cus cus / tus, tus | *refr.*: ‘a persoa que adquiriu sabedoría cos anos non necesita consellos’ (RGMF, RGB)

Á carreira de can | *loc. adv.*: ‘a unha distancia curta’ (DFXG, DFXM, EE, EO)

A cazador novo, can vello | *refr.*: ‘dise dunha situación na que a persoa experimentada se aproveita da inexperiencia doutra’ (RGMF, RGB)

[Acabar] coma os cans na misa | *loc. adx. comp.*: ‘acabar derrotado/a’ (LFCEG)

[Acedo/agre] coma o rabo dun can | *loc. adx. comp.*: ‘amargor’ (LFCEG)

Alá vai o can coa bica toda! | *fórm.*: ‘expresión de forte contrariedade que se di cando algo é desbaratado’ (DFG, EO)

Alá vai o can coas noces! | *fórm.*: ‘expresión de forte contrariedade que se di cando algo é desbaratado’ (DFG, EO)

Amigos coma o can e o gato, que comen no mesmo prato | *refr.*: ‘amizade perigosa’ (RGB)

[Andar apegado/a] coma un can ó cu | *loc. adx. comp.*: ‘seguir [unha persoa] continuamente a outra’ (DFG, LFCEG, EE)

[Andar atrás de alguén] coma un can (perdigueiro)/o mesmo ca un can | *loc. adx. comp.*: ‘seguir [unha persoa] continuamente a outra’ (DFG, LFCEG, EE)

[Andar] coma o can e o gato | *loc. adx. comp.*: ‘levarse mal dúas persoas entre elas, pelexar continuamente’ (DFG, DFXG, DFXM, LFCEG, DRAG, GDXL, EE, EO)

[Andar] coma o can dos ovos | *loc. adx. comp.*: 1. ‘andar pedindo algo [de alguén]’; 2. ‘andar en busca da compañía de alguén’ (DFXG, LFCEG)

[Andar] coma o can na corda | *loc. adx. comp.*: ‘andar ou estar disciplinado/a’ (LFCEG)

[Andar] coma o can sen dono | *loc. adx. comp.*: ‘andar ou estar en liberdade’ (LFCEG)

[Andar] coma un can (cando lle soltan a correa) | *loc. adx. comp.*: ‘andar por aí de noite’ (EO)

Andar de can | *loc. v.*: 1. ‘saír de noite ata a madrugada’; 2. ‘andar un home na procura de mulleres’ (DFXG, EE)

[Andar nas carreiras] coma os cans | *loc. adx. comp.*: ‘andar moi apurada/o’ (EE)

[Andar tirado] coma un can (de palleiro) / coma os cans | *loc. adx. comp.*: ‘vivir sen contar coa axuda de ninguén’ (DRAG, GDXL, LFCEG, EE)

[Apupar (a alguén)] coma un can | *loc. adx. comp.*: ‘acosar a alguén, atacalo/a, poñelo/a en perigo, facerlle burla’ (LFCEG)

[Arregañar os dentes] coma un can de palleiro | *loc. adx. comp.*: ‘ensinar os dentes como xesto de enfado’ (LFCEG)

Arrimar(se) os cans ás paredes | *loc. v.*: [expresión de ameaza] dise de alguén que mete medo’ (DFG, GDXL)

[Botar (a alguén)] coma os cans da misa | *loc. adx. comp.*: ‘derrotar ou desprezar a alguén’ (LFCEG)

Botarlle o can [a alguén] | *loc. v.*: ‘atacalo/a de obra ou palabra’ (DFG, DRAG, GDXL)

[Botarse] coma un can (de presa) | *loc. adx. comp.*: ‘responder agresivamente’ (LFCEG)

Cabeza de can | *loc. s.*: ‘persoa lixeira ou aloucada’ (DFG)

Cada can ladra no seu palleiro | *refr.*: ‘cadaquén debe ocuparse dos asuntos propios’ (RGMF)

Cal é o can, tal é o dono | *refr.*: ‘designa un parecido, físico ou doutra índole, entre dúas persoas ou cousas’ (RGB)

Cal o dono, tal o can | *refr.*: ‘designa un parecido, físico ou doutra índole, entre dúas persoas ou cousas’ (RGB)

Can | *s.m.*: 1. ‘home de mal xenio’; 2. ‘nugalla, preguiza, falta de vontade para traballar’ (GDXL, EE)

Can ceboleiro | *loc. s.*: ‘[despectivamente] persoa á que lle gusta comer a conta dos demais’ (GDXL)

Can de moitos cuncos | *loc. s.*: ‘home que anda con máis dunha muller’ (DFXG)

Can ladrador non é mordedor / Can ladrador pouco mordedor | *refr.*: ‘a persoa que ameaza e se mostra colérica non sempre é a máis perigosa’ (EO)

Can ladrador que non ten forza, ¡ai, se se descoida! | *refr.*: ‘ameaza’ (RGB)

Can merendeiro garda mal o palleiro | *refr.*: ‘persoa que vai de casa en casa levando contos, aproveitando para ser convidada sen pedilo, e descoida a casa propia’ (RGB)

Can que ladra nunca morde | *refr.*: ‘a persoa que ameaza e se mostra colérica non sempre é a máis perigosa’ (EO)

Can que moito ladra, ruín é para a casa | *refr.*: ‘persoa que pretende aparentar o contrario do que realmente é’ (RGB)

Can que moito lambe, tira ó sangue | *refr.*: ‘quen moito adula agocha segundas intencións’ (RGMF, RGB)

Can que morde non ladra en van | *refr.*: ‘situación que resultaba evidente’ (RGMF, RGB)

Can que vai a onde non o chaman leva paus | *refr.*: ‘entrometerse en asuntos que non atinxen á persoa’ (RGMF)

Can sen dono | *loc.s.*: ‘persoa que sempre anda soa sen amigos’ (DFG, DRAG, EE)

Can vello | *loc.s.*: ‘persoa cauta e advertida pola experiencia da vida’ (DFG, DFXG, DRAG, GDXL)

Can vello, se non corre, busca | *refr.*: ‘persoa experimentada que sabe como actuar en todas as circunstancias’ (EE)

[Cañar] coma a un can | *loc. adv. comp.*: ‘golpear a alguén ou tratalo/a de malos modos’ (LFCEG)

Canciño cego | *loc.s.*: ‘persoa moi fiel e submisa’ (DFG)

[Canso/a] coma un can | *loc. adx. comp.*: ‘moi canso/a’ (LFCEG)

Cara de can | *loc.s.*: ‘expresión de desgusto, hostilidade ou reprobación’ (DFXG, DFXM, EE)

[Cariñento/a] coma un can | *loc. adx. comp.*: ‘persoa agarimosa, amorosa, obediente’ (LFCEG)

[Cativo/a] coma un can | *loc. adx. comp.*: ‘moi feo/a’ (DFXG, DFXM, LFCEG)

Ceibar os cans na/pola bouza/río | *loc.v.*: 1. ‘sementar discordia’; 2. ‘encerrar a alguén con mala intención’; 3. ‘incitar a outros a que fagan algo’ (DFG, DFXM, DRAG, GDXL)

Chámalle can á cadela! | *fórm.*: ‘expresión empregada para indicar que alguén saíu máis listo/a do que parecía’ (GDXL)

Chámame can e bótame pan! | *fórm.*: ‘úsase para indicar que non importan as ofensas se con elas se consegue algún beneficio’ (DFXG, RGMF, RGB)

[Cheirar] coma un can | *loc. adx. comp.*: ‘cheirar mal’ (LFCEG)

Cheirarlle o rabo [a alguén] | *loc. v.*: ‘adulalo/a servilmente’ (DFG)

[Correr a alguén] coma a un can | *loc. adv. comp.*: ‘tratalo/a con desprezo e sen consideración’ (DFG, LFCEG, GDXL)

Dálle ó rabo o can, non por ti senón polo pan | *refr.*: ‘facer algo por comenencia propia’ (RGMF, EE)

[De acordo] coma o can e o gato | *loc. adv. comp.*: ‘aplicase ás persoas que se levan mal’ (LFCEG, DRAG)

De balde andan os cans e tiranlle pedras | *refr.*: ‘define unha situación de gratuidade, que é devolta con ingratidade’ (RGB, EO)

[Deixar quedar/tirado a alguén] coma a un can | *loc. adv. comp.*: ‘abandonar a alguén, deixalo/a desamparado/a nunha determinada situación’ (LFCEG, EE)

[Delgado/a] coma un can | *loc. adv. comp.*: ‘moi delgado/a’ (DFXG, LFCEG)

[Devecer] coma un can | *loc. adv. comp.*: ‘desexar algo con moita ansiedade’ (EE)

[Discutir] coma cans | *loc. adv. comp.*: ‘levarse mal dúas persoas, pelexar continuamente’ (DFG, LFCEG)

[Durar] coma a manteiga no fociño do can / no nariz do can | *loc. comp.*: ‘ser [algo] fugaz, durar moi pouco’ (LFCEG)

Durmir sen can | *loc. v.*: ‘non ter medo, ser persoa valente e decidida’ (DFG)

[Duro/a] coma un can | *loc. adv. comp.*: 1. ‘persoa moi resistente fisicamente’; 2. ‘persoa insensible’ (LFCEG)

En todas partes hai cans descalzos | *refr.*: ‘as cousas negativas non son exclusivas dun lugar ou dunha persoa, senón comúns a todos/as’ (DFG, GDXL)

Espertar o can que dorme | *loc. v.*: ‘buscar problemas, complicacións’ (DFG, GDXL)

[Estar] coma o can e mais o gato | *loc. adv. comp.*: ‘levarse mal dúas persoas, pelexar continuamente’ (DFG, DFXG, DFXM, LFCEG, DRAG, GDXL, EE, EO)

[Estar] coma un can co rabo entre as pernas | *loc. adv. comp.*: ‘estar [unha persoa] avergonzada, escarnecida’ (DFG, DFXG, DFXM, LFCEG, EE)

[Estar] coma o can sen alma | *loc. adv. comp.*: ‘estar tranquilo/a’ (LFCEG)

[Estar] coma os cans na misa/igreja | *loc. adv. comp.*: ‘estorbar ou estar de máis nun determinado lugar’ (DFG, LFCEG)

[Estar] coma un can | *loc. adv. comp.*: ‘estar incomodo/a’ (LFCEG)

[Estar] coma un can á boa vida | *loc. adv. comp.*: ‘estar cómodo/a’ (LFCEG)

[Estar] coma un can polas pernas | *loc. adx. comp.*: ‘estar mirrado/a, moi delgado/a’ (LFCEG)

[Estar deitado/a] coma un can | *loc. adx. comp.*: ‘estar ocioso/a, sen facer nada’ (EE)

[Estar/facer un día frío] coma un can | *loc. adx. comp.*: ‘dise cando o frío é moi intenso’ (DFG, LFCEG)

[Estirarse] coma un can | *loc. adx. comp.*: ‘estar ocioso/a, sen facer nada’ (EE)

Estírate can que mañá imos de caza! | *fórm.*: ‘expresión empregada para referirse a unha persoa que se espreguiza’ (EE)

[Facer] coma o can do *hortelán (que nin come/roe nin deixa comer/roer) | *loc. adx. comp.*: ‘non poder ou non querer facer algo, nin deixar que outra persoa o faga’ (DFG, LFCEG)

[Facer] coma se ladrara un can | *loc. adx. comp.*: ‘proceder sen prestar atención nin tomar en consideración a quen se di ou aquilo que se di’ (DFG, LFCEG)

Facer o coxear dos cans | *loc. v.*: ‘finxir’ (LFCEG)

[Facer tanta falta] coma os cans na misa/igreja | *loc. adx. comp.*: ‘estorbar ou estar de máis nun determinado lugar’ (DFG, LFCEG)

[Facer tanto caso de algo] coma se ladrara un can | *loc. adx. comp.*: ‘proceder sen prestar atención nin tomar en consideración a quen se di ou aquilo que se di’ (DFG, LFCEG)

(Facer un día) de cans | *loc. adx.*: ‘estar (o tempo) moi malo’ (GDXL, EO)

[Facerlle caso a alguén] coma ó can | *loc. adx. comp.*: ‘menosprezar a alguén’ (LFCEG)

Fame de can | *loc. s.*: ‘grande apetito’ (DFXG, DFXM)

[Feo/a] coma un can | *loc. adx. comp.*: ‘moi feo/a’ (DFXG, DFXM, LFCEG)

[Fero/a] coma un can (doente/de palleiro) | *loc. adx. comp.*: ‘persoa de comportamento ou forma de ser irada, irascible’ (DFG, LFCEG)

[Fiel] coma un can | *loc. adx. comp.*: ‘ser moi fiel’ (DFG, LFCEG, EE)

Fillo/a de can | *loc. s.*: ‘fillo/a de nai solteira’ (EE)

[Fuxir] coma can con vincha ó rabo | *loc. adx. comp.*: ‘escapar/fuxir a toda velocidade’ (DFG, LFCEG)

[Fuxir] coma dos cans | *loc. adx. comp.*: ‘fuxir de algo que se considera perigoso’ (LFCEG)

[Fuxir] coma o can co rabo entre as pernas | *loc. adx. comp.*: ‘irse avergonzado/a, escarnecido/a’ (DFG, DFXG, DFXM, LFCEG, EE)

[Fuxir] coma un can perdigueiro cando ventea ó lobo | *loc. adx. comp.*: ‘fuxir dunha situación perigosa’ (LFCEG)

Ida sen volta coma o can pola porta | *refr.*: 1. ‘expulsión’; 2. ‘marcha definitiva’ (LFCEG)

[Ir] coma o can co rabo entre as pernas | *loc. adx. comp.*: ‘ir(se) avergonzado/a, escarnecido/a’ (DFG, DFXG, DFXM, LFCEG, EE)

[Ir] coma un can | *loc. adx. comp.*: ‘quedar farto/a despois de comer’ (LFCEG)

Ir un frío que nin os cans paran | *loc. v.*: ‘ir un frío moi intenso’ (DFG, DFXG)

[Irse] coma un can | *loc. adx. comp.*: ‘ser tratado/a con desprezo e sen consideración’ (DFG, LFCEG, GDXL)

Ladra, can, que para iso gañas o pan! | *fórm.*: ‘expresión que se lle di a alguén para que mostre agradecemento ou para que se poña a traballar, estudar, ...’ (RGB)

[Ladrar] coma un can (de palleiro/lunático) | *loc. adx. comp.*: ‘berrar dominado pola ira’ (LFCEG)

[Laiarse] coma un can | *loc. adv./adx. comp.*: ‘queixarse emitindo sons agudos’ (EE)

[Lanzarse] coma un can de presa | *loc. adv./adx. comp.*: ‘responder agresivamente’ (LFCEG)

[Levar unha vida] coma un can (de palleiro) | *loc. adx. comp.*: 1. ‘ter problemas’; 2. ‘vivir con incomodidades’; 3. ‘ser preguiceiro/a’ (LFCEG, EE)

Levar unha vida de cans | *loc. v.*: ‘vivir con moitas dificultades’ (EE)

Levar vida de can | *loc. v.*: ‘levar boa vida’ (EO)

[Levarse] coma cans | *loc. adv. comp.*: 1. ‘levarse mal dúas persoas’ 2. ‘pelexar continuamente’ (DFG, LFCEG)

[Máis fraco/a] ca un can de palleiro | *loc. adx. comp.*: ‘persoa mirrada’ (LFCEG)

[Máis leal] ca un can | *loc. adx. comp.*: ‘persoa moi fiel’ (DFG, LFCEG, EE)

Máis vale can vivo ca león morto | *refr.*: ‘é preferible ter pouco que nada’ (RGB)

Mal ladra o can cando ladra de medo | *refr.*: ‘expresión que se lle di a alguén cando ten medo’ (RGB)

Malía o can que se esquece de quen lle dá o pan | *refr.*: ‘fai referencia a unha situación de ingratidade’ (RGMF, RGB)

[Marchar] coma o can co rabo entre as pernas | *loc. adx. comp.*: ‘irse avergonzada unha persoa, escarnecida’ (DFG, DFXG, DFXM, LFCEG, EE)

[Marchar corrido/a] coma un can | *loc. adx. comp.*: ‘ser tratado/a con desprezo e sen consideración’ (DFG, LFCEG, GDXL)

Mentres o can dorme, o lobo mata e come | *refr.*: ‘úsase para contrapoñer unha persoa preguiceira a outra traballadora’ (RGB)

Meter os cans na bouza /no río | *loc. v.*: 1. ‘sementar discordia’; 2. ‘encerrar a alguén con mala intención’ 3. ‘incitar a outros para que fagan algo’ (DFG, DFXM, DRAG, GDXL)

Moitos cans para un (só) óso / para a barbada | *fórm.*: ‘dise cando algo é difícil de conseguir por seren moitas persoas a procuralo’ (DFXG, DFXM, GDXL, EO)

Non busques o pan na cama do can | *refr.*: ‘invita a non levar a cabo unha angueira que resultará inútil’ (RGMF, RGB)

Non haber can que lle ladre [a alguén] | *loc. v.*: ‘dise de quen é persoa soberbia, arrogante ou de quen é difícil de dominar’ (DFXG)

Non hai mellor caza cá que se fai con cans vellos | *refr.*: ‘as cousas saen mellor se as leva a cabo xente experimentada’ (RGB)

Non querer nin os cans | *loc. v.*: ‘non querer ninguén algo por non ter valor’ (GDXL)

Non ser un/ningún can | *loc. v.*: ‘ser digno de respecto e consideración’ (DFG)

Nunca o can morde a cadela | *refr.*: ‘relación de respecto mutuo’ (RGB)

Ó cabo do ano, o can manda no seu amo | *refr.*: ‘refírese ó poder que acaban adquirindo co tempo algunhas persoas sobre outras’ (RGMF)

O can afeito ó touciño, anque lle pele o fociño | *refr.*: ‘fai referencia ás aquelas persoas que non deixan de facer cousas que lles gustan, aínda que estas lles resulten prexudiciais’ (RGB)

O can baila polo pan / Polo pan baila o can | *refr.*: ‘facer algo por comenencia propia’ (RGMF, EE)

O can de boa raza pensa no pan e na caza | *refr.*: ‘persoa responsable e centrada, que pensa no ocio e tamén no traballo’ (RGMF)

O can e o gato non os poñas no mesmo prato | *refr.*: ‘recomenda non xuntar personalidades incompatibles’ (RGB)

O can de/no palleiro non quere compañeiro | *refr.*: ‘persoa que non comparte as cousas, que se quere soa’ (RGMF, RGB)

O can que dorme, non o espertes | *refr.*: ‘aconsella precaución contra os ataques’ (RGB)

Ó can que lambe a cinza non lle fíes a fariña | *refr.*: ‘aconsella ser precavido con certas persoas’ (RGB)

O can que máis ladra non é o que máis traba | *refr.*: ‘dise cando a persoa que ameaza e se mostra colérica non é a máis perigosa’ (EO)

O can vello, se ladra, dá consello | *refr.*: invita a seguir o consello que nos pode dar alguén de avanzada idade’ (RGB)

O home e o can van por onde lle dan | *refr.*: ‘dise da persoa que fai algo por comenencia propia’ (RGMF)

O meu can pillou unha mosca, e se a pillou tamén a comeu / O meu can pillou unha mosca, cando pillará outra? | *fórm.*: ‘díselle a alguén cando manifesta fachenda por un éxito esporádico; tamén se usa cando algo bo acontece de xeito casual’ (DFG, DFXG, GDXL, DRAG, EO)

[Oír algo] coma quen oe ladrar un can | *loc. adx. comp.*: ‘proceder sen prestar atención nin tomar en consideración a quen fala ou aquilo que se di’ (DFG, LFCEG)

[Oír] máis ca un can fanado | *loc. adx. comp.*: ‘oír moi ben’ (DFXG, LFCEG)

Os que van onde non os chaman son os cans | *refr.*: ‘expresión con que unha persoa manifesta a vontade de non inmiscirse en algo’ (DFG, RGB)

Ou o can mente ou vén xente | *refr.*: ‘dise cando se teñen indicios ou sospeitas de que sucede algo’ (RGMF, RGB)

Outro can na merenda! | *fórm.*: ‘dise para indicar que unha persoa actúa igual de mal ca outra ou que un feito é igual de inconveniente ca outro consabido’ (DFG)

[Ouvear] coma un can de palleiro/lunático | *loc. adx. comp.*: ‘berrar dominado pola ira’ (LFCEG)

[Pasalas] coma un can | *loc. adx. comp.*: 1. ‘ter problemas’; 2. ‘vivir con incomodidades’ (LFCEG, EE)

[Pasar máis fame] ca un can de caza / sen dono | *loc. adx. comp.*: ‘pasar moita fame’ (DFG, DFXG, DFXM, EE)

[Pasar unha vida] coma un can de palleiro | *loc. adx. comp.*: 1. ‘ter problemas’; 2. ‘vivir con incomodidades’ (LFCEG, EE)

[Perigoso/a] coma o can preso á cadea | *loc. adx. comp.*: ‘persoa perigosa’ (LFCEG)

[Pintar menos] cós cans na misa | *loc. adx. comp.*: ‘estorbar ou estar de máis nun determinado lugar’ (DFG, LFCEG)

[Poñer] coma un can (de palleiro) | *loc. adv. comp.*: ‘tratar a alguén coma se non se tratase dun ser humano, con aldraxe’ (LFCEG, DRAG, GDXL, EO)

Poñer o tempo cara de can | *loc. v.*: ‘empeorar as condicións meteorolóxicas’ (DFXM)

[Poñerse dun xenio] coma can que lle quitan o óso | *loc. adx. comp.*: ‘enfadarse moito’ (LFCEG)

[Quedar] coma o can co rabo entre as pernas | *loc. adx. comp.*: ‘quedar avergonzado/a, escarnecido/a’ (DFG, DFXG, DFXM, LFCEG, EE)

[Rabear] coma un can na corda | *loc. adx. comp.*: ‘estar moi enfadada unha persoa’ (LFCEG)

[Reñer] coma cans | *loc. adx./adv. comp.*: ‘levarse mal dúas persoas, pelexar continuamente’ (DFG, LFCEG)

[Renxer] coma un can de palleiro/lunático | *loc. adx. comp.*: ‘berrar [unha persoa] dominada pola ira’ (LFCEG)

[Roer] igual ca un can | *loc. adx. comp.*: ‘morder fortemente’ (LFCEG)

[Saber] coma o rabo do can | *loc. adv./adx. comp.*: ‘saber [algo] amargo’ (LFCEG)

[Saír] coma un can cando lle atan unha lata ó rabo | *loc. adx. comp.*: ‘saír anoxada [unha persoa]’ (LFCEG)

Sáirlle o can sen rabo [a alguén] | *loc. v.*: ‘levar un chasco’ (DFG)

Santa Lucía!/San Silvestre! Se é un can mórdeche! | *fórm.*: ‘dise cando un busca algo que ten diante dos ollos’ (DFG, EE)

[Ser] coma o can e o gato | *loc. adx. comp.*: ‘levarse mal dúas persoas entre elas, pelexar continuamente’ (DFG, DFXG, DFXM, LFCEG, DRAG, GDXL, EE, EO)

[Ser] coma can de sufralda | *loc. adx. comp.*: ‘persoa que acompaña continuamente a outra de maneira pegañenta e/ou servil’ (DFG)

[Ser] coma o can do *hortelán (que nin come/roe nin deixa comer/roer) | *loc. adx. comp.*: ‘dise cando unha persoa non pode ou non quere facer algo, nin deixa que outro o faga’ (DFG, LFCEG)

[Ser] coma o can: onde lle fan a cama alí/aí se deita | *loc. adx. comp.*: ‘conformarse’ (LFCEG)

[Ser] coma quen lle bota o alcacén a un can | *loc. adx. comp.*: ‘resultar [algo] inútil’ (LFCEG)

[Ser] coma un can | *loc. adx. comp.*: 1. ‘andar un home na procura de mulleres’; 2. ‘ser moi traballador’ (LFCEG, DFG)

[Ser] como darllo/coma quen llo dá a un can | *loc. adx. comp.*: ‘resultar [algo] inútil’ (LFCEG)

[Ser] *como facer o coxear dos cans* | *loc. adx. comp.*: ‘finxir’ (LFCEG)

[Ser] *como ir á/de caza sen can* | *loc. adx. comp.*: ‘perder o tempo’ (GDXL)

Ser feo para can | *loc. v.*: ‘ser moi feo/a’ (DFXG, DFXM, LFCEG)

[Ser unha vida] *coma un can (de palleiro)* | *loc. adx. comp.*: 1. ‘ter problemas’; 2. ‘vivir con incomodidades’ (LFCEG)

[Servir a alguén] *coma un can* | *loc. adx. comp.*: ‘(servir) moi fielmente’ (DFG)

Sogra e nora e can e gato non comen no mesmo prato | *refr.*: ‘úsase para ponderar unha relación de inimizade’ (RGB)

[Ter máis sorte] *ca un can deitado* | *loc. adx. comp.*: ‘ter moita sorte’ (EE)

[Ter un xenio] *coma un can doente/de palleiro* | *loc. adx. comp.*: ‘ser unha persoa irada, irascible’ (DFG, LFCEG)

[Ter unha dor] *coma un can* | *loc. adx. comp.*: ‘pasar moita dor’ (EE)

[Ter unha fame] *coma un can* | *loc. adx. comp.*: ‘pasar moita fame’ (DFG, DFXG, DFXM, EE)

[Traballador/a] *coma un can de palleiro* | *loc. adx. comp.*: ‘ser preguiceiro/a’ (LFCEG)

[Traballar] *coma un can deitado* | *loc. adx. comp.*: ‘estar sen facer nada’ (LFCEG)

[Tratar] *coma se fose un can* | *loc. adx/adv. comp.*: ‘coma se non se tratase dun ser humano, con aldraxe’ (LFCEG, DRAG, GDXL, EO)

[Tratar] *coma un can (de palleiro)/os cans* | *loc. adx/adv. comp.*: ‘coma se non se tratase dun ser humano, con aldraxe’ (LFCEG, DRAG, GDXL, EO)

[Valer menos] *cás orellas dun can cheas de auga* | *loc. adx. comp.*: ‘non valer nada’ (LFCEG)

[Ventar algo] *coma o can á perdiz* | *loc. adx. comp.*: ‘advertir [algo] antes de que suceda’ (LFCEG)

Verse en pelicas de can | *loc. v.*: ‘pasar apuros, ter dificultades’ (DFXG, GDXL)

Vir á hora do can | *loc. v.*: ‘chegar a altas horas da madrugada ou ó amencer’ (EE)

[Vivir] *coma o can e mailo gato* | *loc. adx. comp.*: ‘levarse mal dúas persoas entre elas, pelexar continuamente’ (DFG, DFXG, DFXM, LFCEG, DRAG, GDXL, EE, EO)

[Vivir] *coma un can (de palleiro) / coma os cans* | *loc. adx. comp.*: ‘vivir sen contar coa axuda de ninguén’ (DRAG, GDXL, LFCEG, EE)

[Vivir no mundo] *coma os cans* | *loc. adx/adv. comp.*: ‘vivir ben’ (LFCEG)

CANARIO

[**Cantar**] *coma un canario* | *loc. adx. comp.*: ‘cantar ben’ (LFCEG)

CANGREXO

[**Andar coas pernas arrastro**] *coma un cangrexo* | *loc. adx. comp.*: ‘andar arrastrando os pés’ (LFCEG)

[**Andar ó revés/para atrás**] *coma un cangrexo* | *loc. adx. comp.*: ‘pondera o atraso ou a escasa progresión de alguén’ (DFG, DFXM, LFCEG)

[**Atravesado/a**] *coma un/os cangrexo/s* | *loc. adx. comp.*: ‘expresión que pondera o carácter mal intencionado dunha persoa’ (DFG, LFCEG)

CARACOL

[**Andar**] *coma un caracol* | *loc. adx. comp.*: ‘andar lento/a’ (LFCEG, EO)

[**Lento/a**] *coma un caracol* | *loc. adx. comp.*: ‘ser lento/a’ (LFCEG, EO)

[**Levalo todo ó lombo**] *coma o caracol* | *loc. adx. comp.*: ‘non ter máis nada que o que se leva enriba’ (LFCEG)

[**Pecharse**] *coma o caracol* | *loc. adx. comp.*: ‘ser hermético/a [unha persoa ou cousa]’ (LFCEG)

CARNEIRO

[**Acovardados**] *coma carneiros* | *loc. adx. comp.*: ‘extrema covardía con que se comporta ou experimenta unha persoa’ (DFG)

[**Bater co pé no chan**] *coma un carneiro colludo* | *loc. adx. comp.*: ‘rebelarse’ (LFCEG)

Carneiro | *s.m.*: 1. ‘persoa que carece de vontade ou decisión’; 2. ‘persoa que persiste nas súas ideas ou actitudes’; 3. ‘persoa ruda, de modais pouco finos ou con pouca educación’ (DFG, GDXL, DRAG)

[**Comportarse**] *coma carneiros* | *loc. adx. comp.*: ‘pondera a extrema covardía con que se comporta ou experimenta unha persoa’ (DFG)

De hoxe a mañá o carneiro cría la | *refr.*: ‘indica o progreso dun determinado asunto’ (RGMF)

[**Estúpido/a**] *coma un carneiro* | *loc. adx. comp.*: ‘parvo/a’ (LFCEG)

[**Ir**] *coma carneiros [tras de alguén]* | *loc. adx. comp.*: 1. ‘comportarse docilmente, sen opoñer resistencia’; 2. ‘seguir a alguén de forma gregaria’ (DFG, LFCEG)

Non penses que son carneiro, aínda que vista de la | *refr.*: ‘persoa que parece menos lista do que en realidade é’ (RGB)

O carneiro arrufado foi por la e saíu rapado | *refr.*: ‘persoa vaidosa que resulta prexudicada no intento de conseguir aquilo ó que aspiraba’ (RGB)

[Obcecado/a] coma un carneiro | *loc. adx. comp.*: ‘ser [unha persoa] moi testana, obcecada’ (DFG, LFCEG, EE)

[Ser] coma os carneiros: para onde vai un van todos | *loc. adx. comp.*: 1. ‘comportarse docilmente, sen opoñer resistencia’; 2. ‘seguir a alguén de forma gregaria’ (DFG, LFCEG)

[Teimoso/a; testudo/a] coma un carneiro | *loc. adx. comp.*: ‘ser [unha persoa] moi testana, obcecada’ (DFG, LFCEG, EE)

CARRACHA

[Máis noxento/a] ca unha carracha | *loc. adx. comp.*: ‘persoa noxenta’ (LFCEG)

[Molesto/a] coma unha carracha | *loc. adx. comp.*: ‘persoa molesta, que non se arreda dun’ (EE)

CARRICANTA

[Alegre] coma unha carricanta | *loc. adx. comp.*: ‘persoa alegre’ (LFCEG)

CASCAREXADA

Cascarexada | *s.f.*: ‘gargallada ou riso estridente’ (GDXL)

CASCAREXAR

Cascarexar | *v.t.*: 1. ‘ponderar esaxerada ou reiteradamente as accións ou as calidades de algo ou alguén, especialmente as propias’; 2. ‘difundir cousas que deben ser caladas’; 3. ‘falar alto e con voz aguda’ (DRAG, GDXL)

CASTRÓN

Castrón | *s.m.*: ‘home ó que a súa parella lle é infiel, particularmente cando o consente’ (DRAG, GDXL)

Levar o castrón ó monte | *loc. v.*: ‘díselle a unha persoa cando está encabuxada para que se calme’ (GDXL)

[Saltar] coma un castrón | *loc. adx. comp.*: ‘brincar’ (LFCEG)

CHIBA

[Estar] *coma unha chiba* | *loc. adx. comp.*: ‘estar tola [unha persoa]’ (DFG, GDXL, LFCEG, EE, EO)

[Tolo/a] *coma unha chiba* | *loc. adx. comp.*: ‘estar tola [unha persoa]’ (DFG, GDXL, LFCEG, EE, EO)

CHOCO

[Mareado/a] *coma un choco* | *loc. adx. comp.*: ‘estar moi mareado/a’ (EE)

COBRA

[Andar] *coma o lobo no inverno e a cobra no verán* | *loc. adx. comp.*: ‘estar enfadado/a’ (LFCEG)

[Andar a rastro] *coma as cobras* | *loc. adx. comp.*: 1. ‘pasar dificultades’; 2. ‘ser pobre’ (LFCEG, EO)

[Andar ó revés] *coma as cobras* | *loc. adx. comp.*: ‘errar’ (LFCEG)

[Arrastrarse] *coma unha cobra* | *loc. adx. comp.*: 1. ‘pasar dificultades’; 2. ‘ser pobre’ (LFCEG, EO)

Botar cobras e sapos (pola boca) | *loc. v.*: ‘proferir blasfemias, insultos e inxurias’ (DFG, GDXL)

[Bufar] *coma as cobras* | *loc. adx. comp.*: ‘mostrar enfado’ (LFCEG)

[Bufar] *coma o lobo no inverno e a cobra no verán* | *loc. adx. comp.*: ‘mostrar enfado’ (LFCEG)

[Chiar] *coma as cobras* | *loc. adx. comp.*: ‘enfadarse’ (LFCEG)

Cuspir cobras e sapos (pola boca) | *loc. v.*: ‘proferir blasfemias, insultos e inxurias’ (DFG, GDXL)

[Domearse] *coma unha cobra* | *loc. adx. comp.*: ‘ser áxil, dobrar o corpo con facilidade’ (LFCEG)

[Erguerse] *coma se o picara unha cobra* | *loc. adx. comp.*: ‘erguerse rapidamente, de súpeto’ (LFCEG)

[Espetarse (cara alguén)] *coma unha cobra* | *loc. adx. comp.*: ‘pelexar’ (EE)

[Esquivo/a] *coma unha cobra* | *loc. adx. comp.*: ‘persoa que evita o trato coa xente, que foxe dela’ (EE)

[Falso/a] *coma as cobras* | *loc. adx. comp.*: ‘moi falso/a’ (DFXG)

[Liscar] coma unha cobra | *loc. adx. comp.*: ‘fuxir rapidamente’ (LFCEG)

[Listo/a] coma as cobras | *loc. adx. comp.*: ‘persoa intelixente’ (LFCEG)

[Malo/a] coma as cobras | *loc. adx. comp.*: ‘persoa ruín’ (LFCEG)

Morderlle unha cobra [a alguén] | *loc. v.*: ‘sufrir dano, xeralmente de carácter sentimental’ (DFG)

[Nugallán/á] coma as cobras | *loc. adx. comp.*: ‘persoa que pasa o tempo sen facer nada, deitada’ (EE)

[Pillo/a] coma as cobras | *loc. adx. comp.*: ‘persoa intelixente’ (EE)

[Pórse] coma as cobras | *loc. adx. comp.*: ‘enfadarse moito’ (LFCEG)

Quitar a cobra coa man doutro | *loc. v.*: ‘causar un dano e tratar de agachalo’ (GDXL)

[Retorcerse/revirarse] coma unha cobra | *loc. adx. comp.*: 1. ‘facer movementos de contracción bruscos e violentos’; 2. ‘opoñer resistencia’ (DFG, LFCEG)

[Saber máis] cás cobras | *loc. adx. comp.*: ‘ser intelixente’ (LFCEG)

[Silencioso/a] coma unha cobra | *loc. adx. comp.*: ‘persoa que actúa de maneira que os demais non detecten a súa presenza’ (EE, EO)

[Sixiloso/a] coma unha cobra | *loc. adx. comp.*: ‘persoa que actúa de maneira que os demais non detecten a súa presenza’ (EE, EO)

Ter mamar de cobra | *loc. v.*: ‘saber pedir as cousas con moi boas maneiras’ (DFXG)

[Ter tanta confianza en alguén] coma nun saco de cobras | *loc. adx. comp.*: ‘desconfiar’ (LFCEG)

[Verse arrastrado/a] coma as cobras | *loc. adx. comp.*: 1. ‘estar en dificultades’; 2. ‘ser pobre’ (LFCEG, EO)

CÓBREGA

Morderlle unha cóbrega [a alguén] | *loc. v.*: ‘sufrir dano, xeralmente de carácter sentimental’ (DFG)

Se vas a sacar a cóbrega do burato, esconde ben as mans por se acaso | *refr.*: ‘recomenda ser precavido/a na vida contra os ataques doutros’ (RGB)

[Verse arrastrado/a] coma as cóbregas | *loc. adx. comp.*: 1. ‘estar en dificultades’; 2. ‘ser pobre’ (LFCEG, EO)

COCHADA

Cochada | *s.f.*: ‘acción innobre ou inxusta con que se prexudica a alguén’ (DRAG, GDXL)

COCHO

Cocho | *s.m.*: 1. ‘persoa que está ou anda sucia ou mal amañada’; 2. ‘persoa que fai as cousas con pouco coidado e limpeza’; 3. ‘persoa maleducada, malfalada e que emprega palabras bastas’; 4. ‘persoa que actúa ou se comporta sen escrúpulos, sen nobreza, mesmo prexudicando os demais’ (GDXL, DRAG)

[Estar] **coma un cocho** | *loc. adx. comp.*: ‘estar sucio/a’ (GDXL)

[Gordo/a] **coma un cocho** | *loc. adx. comp.*: ‘estar moi gordo/a’ (LFCEG, GDXL)

[Oír] **coma os cochos** | *loc. adx. comp.*: ‘oír moi ben’ (LFCEG)

[Roncar] **coma un cocho** | *loc. adv./adx. comp.*: ‘roncar moito e moi alto’ (LFCEG)

[Ser] **coma os cochos** | *loc. adx. comp.*: ‘ser moi teimoso/a’ (DFXG, LFCEG, EO)

COELLA

Coella | *s.f.*: ‘muller que ten moitos fillos’ (EE)

[Parir/ter fillos] **coma unha coella** | *loc. adx. comp.*: ‘dise da muller moi fértil’ (EE, EO)

COELLO

[Fino/a] **coma un coello** | *loc. adx. comp.*: ‘persoa intelixente’ (LFCEG)

[Foder] **coma os coellos** | *loc. adx. comp.*: ‘persoa moi fértil’ (EE, EO)

Inda o demo ten cara de coello! | *l.fórm.*: ‘dise cando algo resulta chocante ou supón unha contrariedade’ (DFG, GDXL)

[Rir] **coma os coellos** | *loc. adx. comp.*: ‘rir sen gana, finxidamente’ (DFG, LFCEG)

CONGRO

[Andar] **coma un congro** | *loc. adx. comp.*: ‘estar moi bébedo’ (DFG, EE)

[Borracho/a] **coma un congro** | *loc. adx. comp.*: ‘estar moi bébedo/a’ (DFG, EE)

CORDEIRO

[Humilde] **coma un cordeiro** | *loc. adx. comp.*: ‘persoa mansa’ (LFCEG)

[Inocente] **coma un cordeiro** | *loc. adx. comp.*: ‘persoa inocente’ (LFCEG)

[Liso/a] **coma un cordeiro** | *loc. adx. comp.*: ‘persoa mansa, sen malicia ou maldade’ (LFCEG)

[Manso/a] **coma un cordeiro** | *loc. adx. comp.*: ‘persoa mansa, sen malicia ou maldade’ (LFCEG)

CORNO

Crebar/romper os cornos | *loc. v.*: ‘matinar moito en algo para procurar solucionalo’ (DFG)

Encornado/escornado | *adx.*: ‘desamigado, posto a mal [con alguén]’ (GDXL)

Encornar | *v.p.*: ‘sufrir unha alteración do estado de ánimo que faga sentir enfado’; 2. ‘romper unha relación amigable’ (DRAG, GDXL)

Escornar | *v.t.*: ‘enfrentarse con algo superior ás forzas dun’ | *v.i.*: ‘teimar, porfiar nun asunto ou nunha idea’ | *v.p.*: 1. ‘esforzarse moito, física ou intelectualmente, para conseguir algo’; 2. ‘romper unha relación amigable’ (DRAG, GDXL)

Estar/poñerse/pórse de cornos | *loc. v.*: ‘estar incomodado, de mal humor’ (DRAG, GDXL)

Ir dar cornadas ó tren | *loc. v.*: ‘ir amolar a outro’ (GDXL)

Metérselle entre corno e corno / Metérselle nas cornas / Metérselle nos cornos [algo a alguén] | *loc. v.*: ‘empeñarse, obstinarse en algo; ter algo gravado na mente’ (DFG, GDXL)

Poñerlle os cornos [a alguén] | *loc. v.*: ‘serlle infiel á parella sentimental’ (DFG, DRAG, GDXL)

Ter os cornos grandes | *loc. v.*: ‘ser unha persoa egoísta’ (DFXG, GDXL)

CORTELLO

Alborotar o cortello | *loc. v.*: ‘alterar con accións ou palabras unha concorrencia de xente’ (GDXL)

Cortello | *s.m.*: ‘lugar sucio e desordenado’ (DRAG, GDXL)

[Estar] coma un cortello (dos porcos) | *loc. adx. comp.*: ‘[referido a un espazo ou lugar] estar completamente desordenado ou sucio’ (DFG, LFCEG)

[Ser] coma un cortello (dos porcos) | *loc. adx. comp.*: ‘[referido a un espazo ou lugar] estar completamente desordenado ou sucio’ (DFG, LFCEG)

COUCE

Couce | *s.m.*: ‘golpe que dá unha persoa movendo un pé violentamente’ (GDXL)

Dar couces no cu | *loc. v.*: ‘correr moito; fuxir’ (GDXL)

Erguerse ós couces | *loc. v.*: ‘volverse intratable unha persoa’ (DFG)

[Falar] coma quen dá couces contra o aguillón | *loc. adx. comp.*: ‘falar mal’ (LFCEG)

Soltar un couce | *loc. v.*: ‘constestar ofensivamente’ (GDXL)

Tirarlle couces [a alguén] | *loc. v.*: ‘dicir despropósitos; dar malas contestacións’ (DFG)

CORVO

[Branquiño/a] coma as ás dun corvo | *loc. adx. comp.*: ‘moi negro ou de cor negra moi intensa’ (DFXG, LFCEG, GDXL, EE)

Cría corvos e sacaranche/tiraranche os ollos | *refr.*: ‘expresión que se emprega para comentar a ingratidade da persoa á que se fai referencia’ (RGME, RGB, GDXL, EE)

Díxolle o corvo á pega: bótate alá/saca para alá que es negra! | *dialox.*: ‘díselle a quen despreza a alguén sen se dar de conta de que presenta as mesmas características negativas que está a criticar’ (RGB, EE)

[Estar] máis negro cás ás dun corvo / ca un corvo | *loc. adx. comp.*: ‘moi negro ou de cor negra moi intensa’ (DFXG, LFCEG, GDXL, EE)

[Feo/a] coma un corvo | *loc. adx. comp.*: ‘persoa moi fea’ (LFCEG)

[Haber tanto (de algo ou alguén)] coma corvos brancos | *loc. adv. comp.*: ‘escaseza’ (LFCEG)

Naceu un corvo branco! | *fórm.*: ‘dise para indicar unha rareza ou unha casualidade’ (GDXL)

[Negro/a] coma un corvo | *loc. adx. comp.*: ‘moi negro ou de cor negra moi intensa’ (DFXG, LFCEG, GDXL, EE)

Non pode ser o corvo máis negro cás ás | *refr.*: ‘recomenda ter esperanza na desgraza’ (RBG, LFCEG)

Pouco máis negro pode ser o corvo cás ás | *refr.*: ‘recomenda ter esperanza na desgraza’ (RBG, LFCEG)

[Ser] coma un corvo | *loc. adx. comp.*: ‘persoa moi fea’ (LFCEG)

[Ser] máis negro cás ás dun corvo / ca un corvo | *loc. adx. comp.*: ‘moi negro ou de cor negra moi intensa’ (DFXG, LFCEG, GDXL, EE)

Un corvo a outro non lle tira os ollos | *refr.*: ‘describe o respecto mutuo entre persoas que adoitan presentar o mesmo carácter’ (RGB)

CORZO

[Andar] coma un corzo | *loc. adx./adv. comp.*: 1. ‘andar brincando en liberdade e con lixeireza’; 2. ‘saltar axilmente’ (DFG, LFCEG)

[Brincar] coma un corzo | *loc. adx./adv. comp.*: 1. ‘andar brincando en liberdade e con lixeireza’; 2. ‘saltar axilmente’ (DFG, LFCEG)

[Correr] coma un corzo | *loc. adx. comp.*: ‘correr moi velozmente’ (LFCEG, EE)

[Fuxir] coma un corzo | *loc. adx. comp.*: ‘fuxir rapidamente’ (LFCEG, EE)

[Saltar] coma un corzo | *loc. adx./adv. comp.*: 1. ‘andar brincando en liberdade e con lixeireza’; 2. ‘saltar axilmente’ (DFG, LFCEG)

COTOVÍA

[Ledo/a] coma unha cotovía | *loc. adx. comp.*: ‘persoa moi feliz’ (LFCEG)

CRINA

Crina | *s. f.*: ‘[coloquialmente] guedella, mata de pelo, polo xeral, enleado e desamañado’ (GDXL)

CRISTA

Baixarlle a crista [a alguén] | *loc. v.*: ‘dobregar a altivez ou o orgullo de alguén, humillalo/a’ (DFG)

Erguer a crista | *loc. v.*: ‘mostrarse [unha persoa] altiva, fachendosa’ (DFG)

CUBIL

Cubil | *s.m.*: 1. ‘agocho, refuxio’; 2. ‘lugar sucio’ (RAG, GDXL)

[Ter a cama] coma un cubil | *loc. adx. comp.*: ‘ter a cama sucia ou desordenada’ (LFCEG)

CUCAR

Cucar | *v.i. e v.t.*: 1. ‘rematar, dar por terminado’; 2. ‘pasar de tempo’; 3. ‘morrer’; 4. ‘cativar, engaiolar, atraer dun xeito irresistible’; 5. ‘fachendear, facer ostentación’ (DRAG, GDXL)

CUCO

[Agudo/a] coma un cuco | *loc. adx. comp.*: ‘moi listo/a’ (DFXG, LFCEG, EE)

[Alegre] coma un cuco | *loc. adx. comp.*: ‘estar moi contento/a ou moi ledo/a’ (DFG, DFXG, DFXM, LFCEG, GDXL, EO)

[Contento/a] coma un cuco | *loc. adx. comp.*: ‘estar moi contento/a ou moi ledo/a’ (DFG, DFXG, DFXM, LFCEG, GDXL, EO)

Cuco | *s.m.*: ‘ser astuta unha persoa, saber aproveitar as ocasións’ (DFG, DFXG, DRAG, GDXL)

[Facer] coma o cuco | *loc. adx. comp.*: ‘ser aproveitado/a’ (LFCEG)

[**Ledo/a**] *coma un cuco* | *loc. adx. comp.*: ‘estar moi contento/a ou moi ledo/a’ (DFG, DFXG, DFXM, LFCEG, GDXL, EO)

[**Listo/a**] *coma un cuco* | *loc. adx. comp.*: ‘moi listo/a’ (DFXG, LFCEG, EE)

[**Máis contento/a**] *ca un cuco* | *loc. adx. comp.*: ‘estar moi contento/a ou moi ledo/a’ (DFG, DFXG, DFXM, LFCEG, GDXL, EO)

[**Máis listo/a**] *ca un cuco* | *loc. adx. comp.*: ‘moi listo/a’ (DFXG, LFCEG, EE)

Non oír cantar outro cuco | *loc. v.*: ‘non ir durar moito; morrer’ (DFXG, DFG, GDXL)

[**Nugallán/á**] *coma o cuco* | *loc. adx. comp.*: ‘persoa preguiceira’ (LFCEG)

Oír cantar máis de catro cucos | *loc. v.*: ‘ter experiencia de vida’ (DFXG, GDXL)

[**Ser**] *coma un cuco* | *loc. adx. comp.*: ‘habilidoso/a, espelido/a’ (GDXL)

Son da opinión do cuco, paxaro que nunca aniña, pon o ovo en niño alleo e outro paxaro o cría | *refr.*: ‘expresión empregada para indicar a falta de ganas de traballar, de que todo llo dean feito a un’ (DFXM)

[**Quedar**] *coma un cuco* | *loc. adx. comp.*: ‘estar moi contento/a ou moi ledo/a’ (DFG, DFXG, DFXM, LFCEG, GDXL, EO)

[**Quedar sen voz**] *coma o cuco* | *loc. adx. comp.*: ‘quedar en silencio’ (LFCEG)

Ver o cuco | *loc. v.*: ‘ver o perigo moi preto’ (DFXG, GDXL)

CUNCHA

Ter moitas cunchas | *loc. v.*: 1. ‘ter moita experiencia no mundo’; 2. ‘ser unha persoa reservada, astuta ou sagaz’ (DFG)

CURUXA

Curuxa | *s.f.*: ‘ser unha persoa moi retraída ou pouco decidido/a’ (GDXL)

[**Listo/a**] *coma unha curuxa* | *loc. adx. comp.*: ‘persoa moi lista’ (EE)

[**Só/soa**] *coma unha curuxa* | *loc. adx. comp.*: ‘soidade’ (LFCEG)

Verlle o cu á curuxa | *loc. v.*: 1. ‘coller medo’; 2. ‘sentir a proximidade dun perigo ou dun animal’ (DFG, GDXL, EE, EO)

Verlle os ollos á curuxa | *loc. v.*: 1. ‘coller medo’; 2. ‘sentir a proximidade dun perigo’ (DFG)

Vérselle o rabo á curuxa | *loc. v.*: ‘resultar transparentes as intencións ou os defectos que alguén pretendía disimular’ (DFG)

CURUXAR

Curuxar | *v.i.*: ‘mirar fixamente e cos ollos moi abertos’ (GDXL)

CURUXEIRA

Curuxeira | *s.f.*: ‘aldea ou casal situado nun lugar esgrevio e penedoso’ (DRAG, GDXL)

CUXO

[Grande] **coma un cuxo** | *loc. adx. comp.*: ‘moi grande’ (LFCEG)

D

DONICELA

[Áxil] *coma unha donicela* | *loc. adx. comp.*: ‘moi áxil’ (DFXG, LFCEG)

Bebidades de boa gana, se non fora a donicela | *refr.*: ‘expresión que se lle di a unha persoa cando se mostra desconfiada por algo’ (RGMF)

[Ir] *coma unha donicela* | *loc. adx. comp.*: ‘desprazarse con rapidez e axilidade’ (DFG, LFCEG)

[Listo/a] *coma unha donicela* | *loc. adx. comp.*: ‘ser moi listo/a’ (DFG, LFCEG, EE)

[Máis listo/a] *cá donicela* | *loc. adx. comp.*: ‘ser moi listo/a’ (DFG, LFCEG, EE)

Ó alcalde e á donicela ningún lles diga: se eu quixera... | *refr.*: ‘recomenda ter conta con certas persoas que poden resultar perigosas’ (RGB)

[Ser] *coma unha donicela* | *loc. adx. comp.*: ‘expresión que pondera a rapidez, a velocidade dunha persoa’ (DFG, LFCEG)

DONIÑA

[Áxil] *coma unha doniña* | *loc. adx. comp.*: ‘moi áxil’ (DFXG, LFCEG)

E

EGUA

[Estar a dente] *coma a egua galega* | *loc. adx. comp.*: ‘pasar fame’ (LFCEG)

ELEFANTE

Tanto vai dun anano a un xigante, como vai dunha formiga a un elefante | *refr.*: ‘fai referencia a unha diferenza de tamaño considerable’ (RGB)

[Ter forza] *coma un elefante* | *loc. adx. comp.*: ‘ter moita forza’ (LFCEG)

Ter memoria de elefante | *loc. v.*: ‘ter moita memoria’ (EO)

ENCABUXAR

Encabuxar | *v.t. e v.p.*: 1. ‘enfadar; causar enfado’; 2. ‘[persoa, en particular un neno ou nena] sufrir un cabuxo ou enfado por non poder facer o que quere’ (GDXL, DRAG, EE)

ESCARAVELLO

[Estar mechos/as] *coma os escaravellos* | *loc. adx. comp.*: ‘haber moita abundancia [de algo]’ (LFCEG)

[Negro/a] *coma un escaravello* | *loc. adx. comp.*: ‘negro/a, mouro/a’ (LFCEG)

Ó escaravello, os seus fillos parécenlle ouro fino | *refr.*: ‘cando se ten aprecio por alguén pásanse por alto os seus defectos’ (RGB)

ESQUÍO

[**Agudo/a**] *coma un esquío* | *loc. adx. comp.*: ‘ser unha persoa moi aguda, moi lista’ (DFG, LFCEG, EO)

[**Áxil**] *coma un esquío* | *loc. adx. comp.*: ‘persoa moi áxil’ (EE)

[**Listo/a**] *coma un esquío* | *loc. adx. comp.*: ‘ser unha persoa moi aguda, lista’ (DFG, LFCEG, EO)

[**Pillo/a**] *coma un esquío* | *loc. adx. comp.*: ‘ser unha persoa moi aguda, moi lista’ (DFG, LFCEG, EO)

[**Ser**] *coma un esquío* | *loc. adx. comp.*: ‘persoa lixeira, áxil’ (LFCEG)

ESTRIBO

Perder os estribos | *loc. v.*: ‘perder a paciencia e o autodomínio, obrar sen xuízo nin razón’ (DFG, DRAG, GDXL)

F

FACO

[Estar a dente] *coma o faco galego* | *loc. adx. comp.*: ‘pasar fame’ (LFCEG)

FERA

[Bruar] *coma unha fera* | *loc. adx. comp.*: ‘falar a berros’ (LFCEG)

[Estar/poñerse] *coma unha fera (brava) / feita unha fera* | *loc. adx. comp.*: ‘estar moi enfadada unha persoa, chea de carraxe’ (DFG, LFCEG)

Fera | *s. f.*: 1. ‘persoa de temperamento moi irascible e violento’; 2. ‘persoa moi cruel e desalmada’ (DRAG, GDXL)

Fereza | *s. f.*: 1. ‘caracter violento e cruel’; 2. ‘actitude de valor e coraxe coa que se defende unha cousa’ (GDXL)

Fero/a | *adx.*: 1. ‘furioso/a, de mal xenio’; 2. ‘de mal carácter’ (DRAG, GDXL)

Feroz | *adx.*: ‘sen ningunha piedade, sen ningunha consideración’ (DRAG, GDXL)

[Loitar] *coma unha fera* | *loc. adx. comp.*: ‘con vehemencia, con bravura’ (DFG)

FERRADURA

Amosar as ferraduras | *loc. v.*: 1. ‘rebelarse’; 2. ‘mostrarse desagradecido/a, devolver mal por ben’ (DFG)

FOCA

[Estar] *coma unha foca* | *loc. adx. comp.*: ‘persoa moi gorda’ (DFG)

Estar feito unha foca | *loc. v.*: ‘persoa moi gorda’ (DFG)

Foca | *s.f.*: ‘persoa moi gorda’ (DRAG, GDXL)

FOCIÑO

Afociñar | *v.i.*: 1. ‘bater de súpeto cun obstáculo insalvable’; 2. ‘renderse ante unha dificultade ou obstáculo’; 3. ‘atoparse inesperadamente con alguén’ (DRAG, GDXL) | *v.t.*: 1. ‘facer que alguén caia de fociños’; 2. ‘facer que alguén bata co fociño contra algo’ (DRAG)

De fociños | *loc. adv.*: ‘enfadado, enfurruñado’ (DFG, DFXG, GDXL)

Fociño | *s.m.*: ‘parte da cara das persoas que comprende a boca e o nariz ou, nalgúns sitios, só o nariz’ (DRAG, GDXL)

Fociñado/fociñento | *adx.*: 1. ‘[persoa] que ten o nariz e os labios grandes, ou os dentes moi saíntes’; 2. ‘[persoa] que sempre ten unha cara de enfado e desagrado’ (DRAG, GDXL)

Torcer/virar o fociño | *loc. v.*: ‘dar mostras de desagrado, poñer mala cara’ (DFG, DFXG, DRAG, GDXL)

FORMIGA

[Aforrar] coma unha formiga | *loc. adx. comp.*: ‘aforrar moito’ (EE)

Formiga/formiguiña | *s.f.*: 1. ‘persoa moi traballadora e que ten bo goberno’; 2. ‘[empregado normalmente en plural] conxunto de persoas, animais ou obxectos en movemento colocados en ringleira’ (GDXL, EE)

[Ser] coma unha formiga | *loc. adx. comp.*: 1. ‘persoa traballadora’; 2. ‘persoa aforradora’ (EE, EO)

[Traballador/a] coma unha formiga | *loc. adx. comp.*: ‘persoa traballadora’ (EE, EO)

[Traballar] coma unha formiga | *loc. adx. comp.*: ‘persoa traballadora’ (EE, EO)

FORMIGAR

Formigar | *v.i.*: 1. ‘estar inquieta, nerviosa, unha persoa, dando mostras de desacougo físico ou moral’; 2. ‘experimentar unha sensación entre o proído e as cóxegas nunha parte do corpo’; 3. ‘haber moita cantidade e moito movemento de persoas ou animais’ (DRAG, GDXL)

FORMIGO

Formigo | *s.m.*: 1. ‘fedello, persoa moi inquieta’; 2. ‘sensación incómoda de ter formigas movéndose debaixo da pel’ (DRAG, GDXL, EE)

Sentir o formigo | *loc. v.*: ‘estar inquieta unha persoa ou animal, non ter acougo físico ou moral’ (DRAG, GDXL, EE)

Ter o formigo | *loc. v.*: ‘estar inquieta unha persoa ou animal, non ter acougo físico ou moral’ (DRAG, GDXL, EE)

FORMIGUEIRO

Asenteime nun formigueiro: douche ó díaño o asentadeiro! | *refr.*: ‘fai referencia a unha situación de risco’ (RGB)

[Bulir] coma un formigueiro | *loc. adx. comp.*: ‘realizar unha actividade con moita rapidez’ (LFCEG)

Cada formiga ó seu formigueiro | *refr.*: ‘cadaquén ten o seu lugar’ (EO)

[Estar] coma un formigueiro | *loc. adx. comp.*: ‘estar nunha aglomeración’ (LFCEG)

Formigueiro | *s.m.*: ‘lugar onde hai moita xente movéndose’ (DRAG, GDXL)

Senteime enriba dun formigueiro e nunca tiven tan mal asentadeiro | *refr.*: ‘describe unha situación de risco’ (RGB)

FOZAR

Fozar | *v.i.*: 1. ‘traballar en calquera cousa a medias e sen maña’; 2. ‘andar en algo alterando a súa disposición’; 3. ‘traballar sen que se vexa ningún resultado’ (DRAG, GDXL, EO)

FOZÓN

Fozón/fozona | *adx.*: 1. ‘persoa que se mete en todo’; 2. ‘persoa moi desordenada nas súas cousas’; 3. ‘persoa pouco hábil, que fai as cousas torpemente ou sen coidado’ (DRAG, GDXL)

FUNGAR

Fungar | *v.i.*: 1. ‘choromicar, chorar debilmente e de maneira monótona’; 2. ‘protestar en voz baixa’; 3. ‘emitir sons confusos ou palabras incomprensibles, como mostra de protesta ou enfado’ (DRAG, GDXL)

Fungón/fungona | *adx.*: 1. ‘que emite sons confusos ou palabras incomprensibles como mostra de enfado ou protesta’; 2. ‘que non está de acordo con nada e rosma por todo’ (DRAG, GDXL)

Refungar | *v.i.*: 1. ‘protestar en voz baixa’; 2. ‘emitir sons confusos ou palabras incomprensibles, como mostra de protesta ou enfado’ (DRAG, GDXL)

G

GADOUPA

Gadoupa | *s.f.*: ‘man grande, forte e torpe’ (DRAG, GDXL)

Gadoupada | *s.f.*: ‘golpe dado cunha man’ (DRAG, GDXL)

GAIVOTA

[Fino] *coma unha gaivota* | *loc. adx. comp.*: ‘persoa moi lista’ (LFCEG)

GALEAR

Galear | *v.t. e v.p.*: 1. ‘intimidar a alguén’; 2. ‘sentirse intimidado/a ante unha situación que non se controla’ (EE)

GALGO

[Alancar] *coma un/os galgo/s* | *loc. adx. comp.*: ‘desprazarse velozmente’ (DFG, LFCEG, EE)

[Andar lixeiro/a] *coma un galgo / que nin os galgos* | *loc. adx. comp.*: ‘desprazarse velozmente’ (DFG, LFCEG, EE)

Botarlle un galgo [a algo ou alguén] | *loc. v.*: ‘dise cando algo se perdeu de forma irreparable, ou cando algo se percibe xa como inalcanzable’ (DFG, EE)

[Correr] *coma un/os galgo/s* | *loc. adx. comp.*: ‘desprazarse velozmente’ (DFG, LFCEG, EE)

[Correr] *que nin os galgos* | *loc. adx. comp.*: ‘desprazarse velozmente’ (DFG, LFCEG, EE)

Iscarlle un galgo [a algo ou a alguén] | *loc. v.*: ‘dise cando algo se perdeu de forma irreparable, ou cando algo se percibe xa como inalcanzable’ (DFG, EE)

GALIÑA

Acabar coa galiña dos ovos de ouro | *loc. v.*: ‘deixar de tirar proveito de algo’ (EE)

[Andar] *coma unha galiña / as galiñas* | *loc. adx. comp.*: ‘ter un comportamento promiscuo’ (LFCEG)

[Andar] *coma a galiña a pisar os ovos* | *loc. adx. comp.*: ‘estar nunha situación perigosa’ (LFCEG)

[Andar] *coma a galiña co ovo / cos ovos* | *loc. adx. comp.*: 1. ‘andar inqueda/a’; 2. ‘andar con tino, con precaución’ (LFCEG)

[Estar] *coma a galiña en curro/curral alleo* | *loc. adx. comp.*: ‘encontrarse estraño/a nun lugar ou nunha situación hostil’ (DFG, LFCEG)

[Facer] *coma as galiñas* | *loc. adx. comp.*: ‘facer por un lado desfacer polo outro’ (EE)

Galiña | *s.f.*: ‘persoa covarde, pusilánime’ (DFG, GDXL, EE)

Galiña choca | *loc. s.*: ‘persoa queixumeira’ (EE)

[Inqueda/a] *coma a galiña sen endego* | *loc. adx. comp.*: ‘inqueda/a’ (LFCEG)

[Listo/a] *coma unha galiña* | *loc. adx. comp.*: ‘parvo/a’ (EO)

[Máis parvo/a] *cás galiñas* | *loc. adx. comp.*: ‘persoa pouco intelixente’ (EE)

[Máis puta] *cás galiñas* | *loc. adx. comp.*: ‘muller de comportamento promiscuo’ (LFCEG, EE, EO)

[Máis queixumeiro/a] *ca unha galiña choca* | *loc. adx. comp.*: ‘persoa que sempre se queixa’ (LFCEG)

[Menear a cola] *coma unha galiña* | *loc. adx. comp.*: ‘querer chamar a atención a través do movemento e do aspecto físico’ (LFCEG)

Onde a galiña pon os ovos, alí se van os ollos | *refr.*: ‘recomenda extremar as precaucións con aquelas persoas ou cousas que son importantes’ (RGB)

[Presumida] *coma unha galiña* | *loc. adx. comp.*: ‘persoa que presume do seu aspecto físico’ (EE)

[Putá] *coma unha galiña / as galiñas* | *loc. adx. comp.*: ‘muller de comportamento promiscuo’ (LFCEG, EE, EO)

[Ser] *coma unha galiña / as galiñas* | *loc. adx. comp.*: ‘ter un comportamento promiscuo’ (LFCEG)

[Soberbio/a] *coma a galiña farta de herba* | *loc. adx. comp.*: ‘persoa ingrata’ (LFCEG)

Tan contenta vai unha galiña cun polo coma outra con oito | *refr.*: ‘conformarse’ (LFCEG)

GALIÑEIRO

[Estar] *coma o pau dun galiñeiro* | *loc. adx. comp.*: ‘estar moi sucio/a’ (DFXG, LFCEG, EE)

[Haber máis merda] *ca no pau dun galiñeiro* | *loc. adx. comp.*: ‘estar moi sucio/a’ (DFXG, LFCEG, EE)

[Sucio/a] *coma o pau dun galiñeiro* | *loc. adx. comp.*: ‘estar moi sucio/a’ (DFXG, LFCEG, EE)

GALO

[Andar máis teso/a] *ca un galo* | *loc. adx. comp.*: ‘persoa fachendosa’ (LFCEG)

Cada galo canta no seu galiñeiro/poleiro (e o que é bo, no seu e no alleo) / Cada galo no seu galiñeiro e cada pola no seu poleiro | *refr.*: ‘cadaquén goberna aquilo que é seu’ (RGMF, RGB, EE)

Erguer o galo | *loc. v.*: 1. ‘mostrarse arrogante’; 2. ‘alterarse’ (DFG)

[Fachendoso/a] *coma o galo do curral* | *loc. adx. comp.*: ‘fachendoso’ (LFCEG)

Folgade galiñas que vos morreu o galo/que o galo morreu! | *fórm.*: ‘dise nunha situación na que se pode descansar dunha presión constante’ (RGB)

Galo | *s.m.*: 1. ‘persoa botaporela, fanfurrineira, persoa arrogante, presumida e fachendosa’; 2. ‘persoa que manda ou se impón’; 3. ‘nota falsa que inadvertidamente emite quen canta ou fala’ (GDXL, EE)

Galo do curral | *loc. s.*: ‘persoa que se impón sobre as demais’ (EO)

Galo do mundo | *loc. s.*: ‘ser o xefe, o que manda máis’ (DFG)

[Garifeiro/a] *coma o galo no buleiro* | *loc. adx. comp.*: ‘persoa fachendosa’ (LFCEG)

[Ir máis teso/a] *ca un galo* | *loc. adx. comp.*: ‘persoa fachendosa’ (LFCEG)

Ó cantar do galo | *loc. adv.*: ‘ó amencer’ (GDXL)

Quen fose galo para ser dono do curral! | *fórm.*: ‘manifesta o desexo de querer acadar unha posición privilexiada e de poder’ (EE)

Subirlle o galo ó poxigo [a alguén] | *loc. v.*: ‘virille o xenio, alporizarse’ (DFG)

[Vivir] *coma os galos* | *loc. adx. comp.*: ‘ser preguiceiro/a’ (LFCEG)

GALOPAR

Galopar | *v.i.*: ‘andar a gran velocidade’ (GDXL)

Galope | *s.m.*: ‘carreira longa e rápida dunha persoa’ (GDXL)

Ó galope (tendido) | *loc. adv.*: ‘con moita rapidez ou a toda velocidade’ (DFG)

GANDO

Gando | *s.m.*: ‘grupo de persoas ás que hai que guiar, sen vontade propia’ (GDXL)

Máis tarde ou máis cedo o gando volve ó seu cortello / Tarde ou cedo o gando vai para a corte ou para o cortello | *refr.*: ‘toda acción ou comportamento ten o seu comezo e o seu final’ (RBG)

[Ser] coma o gando | *loc. adx. comp.*: ‘ser unha persoa bruta’ (LFCEG)

GARDUÑA

[Áxil] coma a garduña | *loc. adx. comp.*: ‘persoa moi áxil’ (DFG)

Garduña | *s.f.*: ‘persoa ladroa’ (GDXL)

[Ser] coma a garduña | *loc. adx. comp.*: ‘roubar’ (LFCEG)

GARDUÑADA

Garduñada | *s.f.*: ‘roubo de pequena importancia’ (GDXL)

GARDUÑAR

Garduñar | *v.t.*: ‘roubar, apoderarse dos bens doutra persoa’ (GDXL)

GATA

[Alporizado/a] coma unha gata [contra alguén] | *loc. adx. comp.*: ‘mostrarse agresiva unha persoa contra outra’ (LFCEG, EO)

[Andar (ás celeiras)] coma as gatas (xaneiras) | *loc. adx. comp.*: ‘andar na procura de parella amorosa’ (LFCEG)

[Botarse] coma unha gata [contra alguén] | *loc. adx. comp.*: ‘mostrarse agresiva unha persoa contra outra’ (LFCEG, EO)

Facer a gata | *loc. v.*: 1. ‘aparentar que se fai’; 2. ‘faltar á escola’ (DFG, DFXG)

Facerlle as festas á gata e saltarvos á cara | *refr.*: ‘retrata a ingratidade dunha persoa ante outra que realizou unha boa acción cara a ela’ (RGB)

Facerse a gata morta | *loc. v.*: ‘actuar con finximento e malicia’ (DFG)

[Fera] coma unha gata | *loc. adx. comp.*: ‘persoa agresiva’ (LFCEG, EO)

Gata polbeira | *loc. s.*: ‘muller que non se atén, no plano sexual, ós usos morais ou sociais establecidos’ (EE)

Gata roxa, tal as fai tal as coida | *refr.*: ‘recomenda andar con conta con determinadas persoas de dubidosa bondade’ (RGMF, RGB)

Gata vermella, tal as fai tal as pensa | *refr.*: ‘recomenda andar con conta con determinadas persoas de dubidosa bondade’ (RGMF, RGB)

O amor das gatas entra e sae a rabuñadas | *refr.*: ‘fai referencia ás relacións amorosas difíciles’ (RGB)

[Pórse] coma unha gata [contra alguén] | *loc. adx. comp.*: ‘mostrarse agresiva [unha persoa contra outra] (LFCEG, EO)

GATADA

Facer a gatada | *loc. v.*: ‘faltar á escola’ (DFG, DFXG)

Gatada | *s.f.*: ‘acción feita con astucia e disimulo para enganar a alguén’ (DRAG, GDXL)

GATO

A amizade do gato boa é, se non rabuñara | *refr.*: ‘fai referencia á ingratidade de alguén’ (RGB)

A limpeza do gato | *loc. s.*: ‘dise cando unha persoa se lava mal ou cando a limpeza é insuficiente’ (DFG)

[Acedo/a] coma o rabo de/dun gato⁶ | *loc. adx. comp.*: ‘moi acedo [alimentos que xa non serven para comer, que están derramados porque están acedos]’ (DFXG, LFCEG)

[Agadañar] coma un gato | *loc. adx. comp.*: ‘mostrarse agresivo con alguén’ (LFCEG)

[Agardar] coma o gato ó rato | *loc. adx. comp.*: ‘espreitar’ (LFCEG)

[Agarrarse] coma dous gatos | *loc. adx. comp.*: ‘enfrentarse dúas persoas’ (LFCEG)

[Agatuñar] coma un gato (de pena en pena) | *loc. adx. comp.*: ‘agatuñar con grande axilidade’ (LFCEG)

⁶ Neste caso concreto podería pensarse que a expresión provén da planta medicinal que recibe o nome de *rabo de gato* e que ten numerosas propiedades terapéuticas (Lorenzo Fernández 1962, p. 164), mais o feito de que a expresión figurada se forme empregando un indefinido ([acedo] *coma o rabo dun gato*) identifica o animal como referente da expresión e non a planta. Este é o motivo polo que cremos que é o comportamento do animal e non o sabor acedo da planta o referente desta expresión, aínda que non descartamos o feito de que a expresión figurada se puidese formar, primixenamente, a partir do nome da planta e, co paso do tempo, os galegos pasasen a identificar o animal na expresión.

Aínda que a sardiña está no prato, non é por falta de gato | *refr.*: ‘indica que algo deixa de producirse, non por falta de oportunidades, senón polos méritos ou a virtude de alguén’ (RGB)

Amigos coma o can e o gato, que comen no mesmo prato | *refr.*: ‘describe unha amizade perigosa’ (RGB)

[Andar á xaneira] coma os gatos | *loc. adx. comp.*: ‘andar na procura de parella amorosa’ (LFCEG)

[Andar] coma o can e mailo gato / coma os cans e os gatos | *loc. adx. comp.*: ‘levarse mal entre eles, pelexar continuamente’ (DFG, DFXG, DFXM, LFCEG, DRAG, GDXL, EE, EO)

[Andar] coma gatos cando andan á xaneira | *loc. adx. comp.*: ‘andar na procura de parella amorosa’ (LFCEG)

[Andar] coma o gato polas brasas /ascuas | *loc. adx. comp.*: ‘andar con precaución’ (DFXG, LFCEG, GDXL)

[Andar] coma os gatos á xaneira/en xaneiro | *loc. adx. comp.*: ‘andar na procura de parella amorosa’ (LFCEG)

[Andar] coma un gato | *loc. adx. comp.*: ‘andar con preguiza’ (LFCEG)

[Andar tan rabichado/a] coma o gato no xaneiro | *loc. adx. comp.*: ‘andar na procura de parella amorosa’ (LFCEG)

[Andar apurado/ás presas] coma un gato (con sete liviáns) | *loc. adx. comp.*: ‘levar moita présa’ (LFCEG)

Ás veces a carne está no prato por falta de gato | *refr.*: ‘ás veces algo deixa de producirse non por méritos da persoa, senón por falta de oportunidades’ (RGB)

[Áxil] coma un gato | *loc. adx. comp.*: ‘moi áxil’ (EO)

Bo amigo é o gato, se non rabuñase | *refr.*: ‘persoa ingrata’ (RGB)

Bos días! Díxolle o gato ás sardiñas | *dialox.*: ‘adoita dicirse cando unha persoa mostra un comportamento hipócrita cara a outra’ (EE)

[Bufar] coma un gato | *loc. adx. comp.*: ‘mostrar alguén o seu enfado’ (LFCEG)

[Caer de pé] coma os gatos | *loc. adx. comp.*: ‘ser afortunado/a’ (LFCEG, EO)

Calquera gato sente que outro o rabuñe | *refr.*: ‘refírese á molestia ocasionada por outra persoa da mesma condición’ (LFCEG)

Cando o gato non está, os ratos bailan | *refr.*: ‘cando unha autoridade se ausenta, resulta arriscado, ás veces, desatender unha responsabilidade ou simplemente baixar a garda’ (EE)

Cara de beato e unllas de gato | *refr.:* ‘persoa hipócrita, que non mostra as súas verdadeiras intencións cara ós demais’ (RGMF, RGB)

Carne que leva o gato tarde ou nunca volve ó prato | *refr.:* ‘fai referencia a unha situación que xa non ten remedio’ (RGMF, RGB)

Catro gatos | *loc. s.:* ‘moi pouca xente’ (DFG, DRAG, GDXL, EE)

Comerlle a lingua o gato | *loc. v.:* ‘expresión irónica para se referir a alguén que garda un silencio prolongado ou se nega a falar’ (DFG, DFXM, EE)

[Correr] coma o gato polas brasas | *loc. adx. comp.:* ‘ir con precaución’ (DFXG, LFCEG, GDXL)

[De acordo] coma o can e o gato | *loc. adx. comp.:* ‘totalmente en desacordo [aplicado ás persoas que se levan mal]’ (LFCEG, DRAG)

De noite todos os gatos son pardos | *refr.:* ‘na escuridade todo se confunde’ (RGMF, RGB, GDXL, EE)

[Defenderse] coma un gato boca arriba | *loc. adx. comp.:* ‘defenderse contra un ataque’ (LFCEG)

[Devecer] coma o gato pola manteiga | *loc. adx. comp.:* ‘desexar algo’ (LFCEG)

[Durar tanto] coma a manteiga no focíño do gato | *loc. adv. comp.:* ‘durar pouco’ (LFCEG)

[Escapar/fuxir] coma gato escaldado (sobre as brasas) | *loc. adx. comp.:* ‘marchar ás présas, xeralmente para evitar un risco’ (DFG, LFCEG, GDXL)

[Estar] coma o can e mailo gato/coma cans e gatos | *loc. adx. comp.:* ‘levarse mal entre eles, pelexar continuamente’ (DFG, DFXG, DFXM, LFCEG, DRAG, GDXL, EE, EO)

[Estar] coma o gato borrallento | *loc. adx. comp.:* 1. ‘estar sucio/a’; 2. ‘estar cómodo/a’ (LFCEG)

[Estar] coma o gato panza arriba | *loc. adx. comp.:* ‘estar sen facer nada’ (EE)

[Estar folgado/a] coma un gato | *loc. adx. comp.:* ‘estar preguiceiro/a’ (LFCEG, EE)

Eu mando ó meu gato e o meu gato manda no seu rabo | *refr.:* ‘fai referencia a unha autoridade xerárquica’ (RGB)

[Facer fu] coma o gato | *loc. adx. comp.:* ‘estar irada unha persoa’ (LFCEG)

Facerlle festas ó gato e saltarvos á cara/rabuñarvos | *refr.:* ‘ingratitude dunha persoa ante outra que realizou unha boa acción cara a ela’ (RGB)

[Fero/a] coma gato de sobrado | *loc. adx. comp.:* ‘persoa moi fera’ (LFCEG)

[Fuxir de alguén] coma o gato da sardiña | *loc. adx. comp.*: ‘non ter ningún medo’ (LFCEG)

[Gardar a casa] coma un gato | *loc. adx. comp.*: ‘vixiar moi atentamente’ (LFCEG)

Gárdate do gato que non miaña! | *refr.*: ‘recomenda ter especial coidado con aquelas persoas que aparentan bondade, pero que son hipócritas’ (RGB)

Gato | *s.m.*: ‘persoa atrevida e desvergonzada’ (GDXL)

Gato celeiro non quer compañeiro | *refr.*: ‘fai referencia á soidade de alguén’ (EO)

Gato con guantes/luvas non caza (ratos) | *refr.*: ‘para cada tarefa hai que contar cos medios necesarios e non pretender refinamentos impropios e inútiles, máis aínda cando non se está acostumado/a a eles’ (EE, EO)

Gato escaldado | *loc. s.*: ‘persoa avisada, escarmentada’ (DFG, EE)

Gato escaldado á auga fría ten medo | *refr.*: ‘cando unha persoa sufriu unha humillación ou algo similar queda escarmentada e móstrase reticente’ (RGMF, RGB, EE, EO)

Gato escaldado da auga (fría) escapa/foxe | *refr.*: ‘cando unha persoa sufriu unha humillación ou algo similar queda escarmentada e móstrase reticente’ (RGMF, RGB, EE, EO)

Gato maiador, nunca foi rateador/nunca bo cazador | *refr.*: ‘expresión de crítica a quen fala moito pero despois non leva a cabo os seus plans’ (RGB)

Gato que moito miaña nunca moito caza/poucos ratos caza | *refr.*: ‘expresión de crítica a quen fala moito pero despois non leva a cabo os seus plans’ (RGB)

[Gordo/a] coma o gato dun abade | *loc. adx. comp.*: ‘persoa moi gorda’ (LFCEG)

[Ir] coma o gato escaldado (polas brasas/ascuas) | *loc. adx. comp.*: ‘proceder con precaución’ (DFXG, LFCEG, GDXL)

[Ladrón/ladroa] coma un gato | *loc. adx. comp.*: ‘persoa ladroa’ (LFCEG)

[Larpeiro/a] coma un gato | *loc. adx. comp.*: ‘moi larpeiro/a’ (EE)

[Lavarse] coma os gatos | *loc. adx. comp.*: ‘lavarse á présa e só superficialmente’ (DFG, LFCEG)

[Levarse] coma o can e mailo gato/coma cans e gatos | *loc. adx. comp.*: ‘levarse mal dúas persoas entre elas, pelexar continuamente’ (DFG, DFXG, DFXM, LFCEG, DRAG, GDXL, EE, EO)

Máis vale ser cabeza de rato ca rabo de gato | *refr.*: ‘superioridade xerárquica’ (RGB)

[Mirar] coma o gato ás sardiñas | *loc. adx. comp.*: ‘mirar con desexo’ (LFCEG)

(Marchar) a fu de gato | *loc. v.*: ‘marchar a toda velocidade’ (EE, EO)

Moito sabe o rato pero máis sabe o gato | *refr.*: ‘fai referencia ás persoas con picardía’ (RGMF, RGB)

[Mornear ó sol] coma un gato | *loc. adx. comp.*: ‘deitarse ó sol’ (LFCEG)

Na casa en que non hai gatos, campan os ratos/non faltan ratos | *refr.*: ‘fai referencia á ausencia dunha autoridade, ó arriscado que resulta, ás veces, desatender unha responsabilidade ou simplemente baixar a garda’ (EE)’

[Nacer de pé] coma os gatos | *loc. adx. comp.*: ‘ter moita sorte’ (DFXG, LFCEG)

Non está a carne no garabato por falta de gato | *refr.*: ‘indica que algo deixa de producirse non por falta de oportunidades, senón polos méritos ou a virtude de alguén’ (RGB)

O can e o gato non os poñas no mesmo prato | *refr.*: ‘non xuntes a dúas persoas que se levan mal’ (RGB, EE)

Gato acariña co rabo e rabuña coas unllas | *refr.*: ‘critica as persoas que se comportan de xeito hipócrita, que afagan por diante e atacan por detrás’ (RGB)

Ó gato escaldado a auga fría faille dano/a auga fría lle fai mal | *refr.*: ‘cando unha persoa sufriu unha humillación ou algo similar queda escarmentada’ (RGMF, RGB, EE, EO)’

Ó gato por ser lambón non o botes da túa mansión | *refr.*: ‘recomenda non precipitarse nas decisións’ (EE)

O gato saca as unllas, cando llas buscan/cando llas ha mester | *refr.*: ‘hai que defenderse cando é necesario’ (RGB)

O rato e o gato non comen no mesmo prato | *refr.*: ‘as persoas que se levan mal non adoitan xuntarse’ (RGB)

Os amores dos gatos comezan maiando e acaban rabuñando | *refr.*: ‘fai referencia ás relacións amorosas difíciles’ (RGB)

Perdón polo gato lambón/ladrón! | *fórm.*: ‘dise para desculpase, mais dun xeito humorístico. Tamén o pode dicir a persoa á que se lle piden desculpas para tirarlle importancia ós feitos’ (DFXG)

Polo rabo da culler vai/sube o gato á ola/ó pote | *refr.*: ‘fai referencia ás persoas que non deixan escapar unha oportunidade para medrar ou obter algún beneficio’ (RGB)

[Poñerse de pé] coma os gatos | *loc. adx. comp.*: ‘se flexible fisicamente’ (LFCEG)

[Preguiceiro/a] coma un gato | *loc. adx. comp.*: ‘persoa preguiceira’ (LFCEG, EE)

[Rabuñar] coma un gato | *loc. adx. comp.*: ‘mostrarse agresivo/a con alguén’ (LFCEG)

[Roubar] coma un gato | *loc. adx. comp.*: ‘roubar sixilosamente’ (LFCEG)

[Saír facendo fu] coma o gato | *loc. adx. comp.*: ‘fuxir a toda présa’ (LFCEG)

[Saltar] coma un gato | *loc. adx. comp.*: ‘saltar con rapidez e axilidade’ (EE)

Sardiña que o gato leva, perdida está/gandida vai | *refr.*: ‘refírese a unha situación que xa non ten remedio’ (RGMF, RGB)

[Ser á boa fe/abofé] coma os gatos pequenos | *loc. adx. comp.*: ‘ser unha persoa inxenua’ (LFCEG)

[Ser] coma o can e mailo gato | *loc. adx. comp.*: ‘levarse mal, pelexar continuamente’ (DFG, DFXG, DFXM, LFCEG, DRAG, GDXL, EE, EO)

[Ser] coma quen busca a manteiga no fociño do gato | *loc. adx. comp.*: ‘situación difícil de resolver’ (LFCEG)

[Ser] coma un gato con borralla | *loc. adx. comp.*: ‘persoa ruín’ (LFCEG)

Sete vidas ten o gato | *refr.*: ‘ter boa sorte na vida, concretamente, cando se libra de situacións difíciles’ (EE)

Sogra e nora e can e gato non comen ben nun mesmo prato | *refr.*: ‘relación de inimizade’ (RGB, EE)

[Subir] coma os gatos (de pena en pena) | *loc. adx. comp.*: ‘subir con grande axilidade’ (LFCEG)

Tarde se arrepite o rato, cando xa está na boca do gato | *refr.*: ‘remedio serodio’ (RGB)

[Ter máis vidas] ca un gato | *loc. adx. comp.*: ‘durar moito unha persoa’ (DFXM, RGB, LFCEG, EE)

[Ter sete folgos] coma os gatos (asañados) | *loc. adx. comp.*: ‘durar moito unha persoa’ (DFXM, RGB, LFCEG, EE)

[Ter sete vidas] coma un gato | *loc. adx. comp.*: 1. ‘saír ileso/a de situacións graves’; 2. ‘durar moito’ (DFXM)

Un home é un home e un gato é un bicho | *refr.*: ‘fai referencia a unha persoa valente’ (RGMF, EE)

Un ollo ó prato e outro ó/no gato | *refr.*: ‘recomenda estar atento/a a dúas cousas ó mesmo tempo, especialmente cando unha delas ten moita importancia’ (RGB)

[Vivir] coma o can e mailo gato | *loc. adx. comp.*: ‘levarse mal, pelexar continuamente’ (DFG, DFXG, DFXM, LFCEG, DRAG, GDXL, EE, EO)

GOLPE

[Astuto/a] *coma un golpe* | *loc. adx. comp.*: ‘persoa moi astuta’ (DFXG, DFXM, LFCEG, EE, EO)

[Listo/a] *coma un golpe* | *loc. adx. comp.*: ‘persoa moi lista’ (DFXG, DFXM, LFCEG, EE, EO)

[Pillo/a; pillaban/a] *coma un golpe* | *loc. adx. comp.*: ‘persoa astuta’ (DFXG, DFXM, LFCEG, EE, EO)

Sabe máis o golpe por vello ca por golpe | *refr.*: ‘fai referencia á intelixencia de alguén, principalmente á adquirida coa experiencia dos anos’ (EE, EO)

[Ser] *coma un golpe* | *loc. adx. comp.*: ‘ser unha persoa lista, astuta’ (DFXG, DFXM, LFCEG, EE, EO)

GORRIÓN

[Ser/estar] *coma un gorrión* | *loc. adx. comp.*: ‘ser/estar débil’ (LFCEG)

GRILO

[Cantar] *coma un grilo* | *loc. adx. comp.*: ‘cantar mal’ (LFCEG)

[Espelido/a] *coma un grilo* | *loc. adx. comp.*: ‘dise da persoa intelixente’ (EE)

[Estar máis tolo/a] *ca unha esporta/ca un cachapo de grilos* | *loc. adx. comp.*: ‘estar moi tolo/a’ (LFCEG)

Gaiola de grilos | *loc. s.*: ‘xuntanza de xente ruidosa, unha patulea de xente’ (DFG)

Saír grila [unha cousa] | *loc. v.*: ‘frustrarse, saír errada’ (DFG)

H

HIENA

Hiena | *s.f.*: ‘persoa cruel e desprezable’ (DRAG, GDXL)

[Pórse] *coma unha hiena* | *loc. adx. comp.*: ‘mostrar un comportamento agresivo’ (EE)

[Ser] *coma unha hiena* | *loc. adx. comp.*: ‘ser ruín, mal intencionado/a, vil’ (LFCEG)

L

LADRAR

Ladrar | *v.i.*: 1. ‘falar a berros, con enfado ou cólera’; 2. ‘falar de máis’; 3. ‘falar sen xeito’; 4. ‘criticar ferozmente’ | *v.t.*: ‘murmurar’ (DRAG, GDXL, EE)

LAGARTA

Lagarta | *s. f.*: 1. ‘muller maliciosa’; 2. ‘muller atrevida e desvergoñada’; 3. ‘lurpia, muller de mala vida’ (DRAG, GDXL)

LAGARTEIRO

Lagarteiro/a | *adx.*: ‘persoa que actúa con astucia, ou mesmo con malicia, para beneficiarse e tirar partido de algo’ (DRAG, GDXL)

LAGARTO

[Estar] **coma un lagarto ó sol** | *loc. adx. comp.*: ‘deitarse ó sol’ (LFCEG, EO)

[Inquedo/a] **coma o rabo dun lagarto** | *loc. adx. comp.*: ‘estar en continuo movemento’ (LFCEG)

[Poñerse ó sol] **coma un lagarto** | *loc. adx. comp.*: ‘deitarse ó sol’ (LFCEG, EO)

LAMPREA

[Ter unha boca fea] **coma unha lamprea** | *loc. adx. comp.*: ‘ter a boca fea’ (LFCEG)

LAPA

[**Agarrarse/pegarse/apegarse (a alguén)**] *coma unha lapa / coma as lapas* | *loc. adx. comp.*: ‘expresión que pondera a firmeza con que esa persoa se agarra, ou o difícil que lle resulta a alguén zafarse dela’ (DFG, LFCEG)

Lapa | *s.f.*: ‘persoa inoportuna e molesta que impón a súa presenza sen ser ben recibida’ (DRAG, GDXL)

[**Ser**] *coma unha lapa / coma as lapas* | *loc. adx. comp.*: ‘expresión que pondera a firmeza con que esa persoa se agarra, ou o difícil que lle resulta a alguén zafarse dela’ (DFG, LFCEG)’

LAVERCA

[**Cantar**] *coma unha laverca* | *loc. adx. comp.*: ‘cantar ben’ (LFCEG)

[**Descarado/a**] *coma unha laverca* | *loc. adx. comp.*: ‘persoa moi descarada’ (DFG)

[**Ledo/a**] *coma unha laverca* | *loc. adx. comp.*: ‘persoa moi leda’ (DFG)

[**Listo/a**] *coma unha laverca* | *loc. adx. comp.*: ‘persoa intelixente’ (LFCEG)

[**Louro/a**] *coma unha laverca* | *loc. adx. comp.*: ‘persoa de cabelo louro’ (LFCEG)

[**Xeitoso/a**] *coma unha laverca* | *loc. adx. comp.*: ‘bonito/a, fermoso/a’ (LFCEG)

LAVERCO

[**Andar**] *coma o laverco* | *loc. adx. comp.*: ‘desconfiar’ (LFCEG)

Laverco | *s.m.*: 1. ‘persoa moi espelida, faladora e que se mete en todo’; 2. ‘persoa astuta e maliciosa’ (DRAG, GDXL)

LEBRE

Á carreira dunha lebre | *loc. adv.*: ‘a unha distancia máis ben curta’ (DFG)

A lebre vella logo colle a vereá | *refr.*: ‘refírese á experiencia das persoas adquirida co tempo’ (RGB)

[**Afouto/a**] *coma as lebres* | *loc. adx. comp.*: ‘persoa valente’ (LFCEG)

Boa lebre | *loc. s.*: ‘persoa astuta e/ou maliciosa, ou comportarse como tal’ (DFG)

[**Correr**] *coma unha lebre (diante dos cans) / coma lebres* | *loc. adx. comp.*: ‘ser moi veloz’ (DFG, LFCEG, GDXL, EE)

[**Durmir cun ollo aberto / cos ollos abertos**] *coma as lebres* | *loc. adx. comp.*: ‘estado de alerta e vixilancia co que un/unha descansa’ (DFG, LFCEG)

[**Estar**] *coma a lebre cos ollos abertos* | *loc. adx. comp.*: ‘estar vixiante, á espreita’ (DFG)

[**Fuxir**] *coma unha lebre (diante dos cans) / coma lebres* | *loc. adx. comp.*: ‘fuxir moi rapidamente’ (DFG, LFCEG, GDXL, EE)

Lebre corrida | *loc. s.*: 1. ‘persoa arteira’; 2. ‘[úsase referido ás mulleres] ter moita experiencia cos homes’ (DFG)

[**Listo/a**] *coma unha lebre* | *loc. adx. comp.*: ‘persoa moi lista, viva ou aguda’ (DFG, LFCEG)

[**Lixeiro/a**] *coma unha lebre* | *loc. adx. comp.*: ‘persoa moi lista, viva ou aguda’ (DFG, LFCEG)

Se esperaran/esperasen así as lebres...! | *fórm.*: ‘úsase cando a un/unha lle din que espere e a espera se presenta xa longa’ (DFG, EE)

LEIRÓN

[**Vivo/a**] *coma un leirón* | *loc. adx. comp.*: 1. ‘persoa pícara’; 2. ‘persoa intelixente’ (LFCEG)

LEÓN

[**Botarse**] *coma dous leóns* | *loc. adx. comp.*: ‘atacárense dúas persoas de forma agresiva’ (LFCEG)

Entre o rato e o león non hai comparación | *refr.*: ‘indica a imposibilidade de comparar dúas realidades completamente diferentes’ (RGB)

[**Fero/a**] *coma un león* | *loc. adx. comp.*: ‘persoa fera’ (LFCEG)

[**Gardar a casa**] *coma un león* | *loc. adx. comp.*: ‘vixiar’ (LFCEG)

León | *s.m.*: 1. ‘persoa atrevida e valente’; 2. ‘persoa robusta’ (GDXL)

[**Loitar/defenderse**] *coma un león* | *loc. adx. comp.*: ‘ser unha persoa valente, fera ou intensa na loita’ (DFG)

Máis vale can vivo ca león morto | *refr.*: ‘é preferible ter pouco que nada’ (RGB)

[**Ter un corazón**] *coma un león* | *loc. adx. comp.*: ‘ser unha persoa valente, fera ou intensa na loita’ (LFCEG)

[**Valente**] *coma un león* | *loc. adx. comp.*: ‘ser unha persoa valente, fera ou intensa na loita’ (LFCEG)

LESMA

[Deixar rastro] *coma a lesma* | *loc. adx. comp.*: ‘deixar pegadas, indicios’ (LFCEG)

[Pegarse] *coma unha lesma* | *loc. adx. comp.*: ‘acompañar a alguén de xeito insistente’ (LFCEG)

LINCE

De lince | *loc. adx.*: ‘[ollos, vista] moi agudo/a’ (DRAG)

Lince | *s.m.*: 1. ‘persoa con moita intelixencia, habilidades ou astucia’; 2. ‘persoa con moi boa visión’ (DRAG, GDXL, EE)

LOBA

O que a loba fai, o lobo non o desfai | *refr.*: ‘autoridade xerárquica’ (LFCEG)

[Ter os dentes] *coma os dunha loba* / [Ter dentame] *de loba* | *loc. adx. comp.*: ‘persoa cos dentes grandes’ (RGB)

LOBICÁN

[Botarse a alguén] *coma un lobicán* | *loc. adx. comp.*: ‘atacar a alguén [de palabra ou fisicamente] con fereza ou ferocidade’ (DFG)

[Forte] *coma un lobicán* | *loc. adx. comp.*: ‘moi forte’ (LFCEG)

LOBO

Aínda me coman os lobos / malos lobos me coman / que malos lobos me non coman! | *fórm.*: ‘expresión de imprecación ou de xuramento para lamentarse dunha situación’ (DFG, GDXL, EO)

[Andar] *coma o lobo no inverno e a cobra no verán* | *loc. adx. comp.*: ‘andar enfadada, irascible, unha persoa’ (LFCEG)

[Arrancar] *coma un lobo* | *loc. adx. comp.*: ‘actuar con fereza’ (LFCEG)

[Atenazar] *coma un lobo* | *loc. adx. comp.*: 1. ‘morder ou agarrar algo con moita forza’; 2. ‘acurrallar a alguén con preguntas de forma insistente’ (LFCEG)

Ben parva é a ovella que co lobo se confesa / Mal lle vai á ovella que co lobo se aconsella | *refr.*: ‘confiar en alguén hipócrita adoita ter malas consecuencias’ (RGB)

[Botarse a alguén] *coma os lobos* | *loc. adx. comp.*: ‘atacar con grande agresividade’ (EO)

[Bufar] *coma o lobo no inverno e a cobra no verán* | *loc. adx. comp.*: ‘comportarse de forma irada’ (LFCEG)

Cando o lobo vai roubar, lonxe das casas vaino buscar | *refr.*: ‘fai referencia a un comportamento astuto’ (RGB)

[Comer] coma un lobo / coma os lobos | *loc. adx. comp.*: ‘comer grandes cantidades e sen mastigar’ (EE, EO)

[Correr] máis có lobo | *loc. adx. comp.*: ‘correr moito’ (LFCEG)

Deus nos libre da boca do lobo! | *refr.*: ‘desexo de que non veña ningunha desgraza ou contrariedade’ (RGMF, RGB)

Do contado come o lobo (e ás veces anda gordo) | *refr.*: ‘critica o exceso de celo’ (RGB, RGMF)

Do lobo un pelo (aínda que sexa do fío do lombo) / Do lobo un pelo; e aquel, do medio do lombo | *refr.*: ‘[expresión de conformidade] máis vale algo que nada’ (DFG, RGMF, RGB)

Do taberneiro novo fuxe coma do lobo | *refr.*: ‘aconsella ter conta coa xente inexperta’ (RGMF)

[Durar] coma a ovella na boca do lobo | *loc. adv. comp.*: ‘durar pouco’ (LFCEG)

[Esfameado/a] coma un lobo | *loc. adx. comp.*: ‘persoa esfameada’ (LFCEG)

[Estar a noite (escura/pecha/negra)] coma a boca dun lobo | *loc. adx. comp.*: ‘con moita escuridade, negrura’ (LFCEG)

[Estar] coma a ovella na boca do lobo | *loc. adx. comp.*: ‘estar nunha dificultade grave’ (LFCEG)

Estar na boca do lobo | *loc. v.*: ‘estar nunha situación perigosa’ (GDXL, EE)

[Facer] coma a cabra que pariu para o lobo | *loc. adx. comp.*: ‘ser enganada unha persoa’ (LFCEG)

Faite ovella e comerate o lobo / O que se fai ovella, cómeno os lobos | *refr.*: ‘situación na que outras persoas se aproveitan de alguén de carácter inocente’ (RGB)

[Falso/a] coma un lobo | *loc. adx. comp.*: ‘persoa moi falsa’ (EE)

[Feo/a] coma un lobo | *loc. adx. comp.*: ‘persoa fea’ (LFCEG)

[Fero/a] coma un lobo | *loc. adx. comp.*: ‘persoa fera’ (LFCEG)

[Fuxir] coma do lobo | *loc. adx. comp.*: ‘escapar de algo perigoso’ (LFCEG)

[Fuxir de alguén] coma o lobo das ovellas | *loc. adx. comp.*: ‘mostrar valentía, non ter medo ningún’ (LFCEG)

Lobo | *s.m.*: ‘persoa moi cruel’ (GDXL)

Lobo con pel/pelica de ovella/carneiro/cordeiro | *loc. s.*: ‘persoa que esconde a súa agresividade ou maldade baixo unha aparencia bondadosa’ (DFG, GDXL, EE, EO)

Lobo de mar | *loc. s.*: ‘mariñeiro vello e con moita experiencia’ (DFG, DFXM, DRAG, GDXL)

Lobo famento non ten asento | *refr.*: ‘quen anhela moito algo non descansa ata conseguilo’ (RGB)

Lobo tardeiro non volve baleiro | *refr.*: ‘quen sabe esperar recibe a súa recompensa’ (RGB)

Lobos da mesma camada | *loc. s.*: ‘persoas do mesmo rango ou condición moral que se moven por intereses afíns’ (DFG, EE)

Mentres o can dorme, o lobo mata e come | *refr.*: ‘contrapón unha persoa preguiceira a outra traballadora’ (RGB)

Meterse na boca do lobo | *loc. v.*: ‘meterse nunha situación perigosa’ (GDXL, EE)

Meterse o lobo (a) frade | *loc. v.*: ‘dise ironicamente para mostrar certa reticencia ante a mudanza para mellor de alguén’ (DFG)

[Morder] coma un lobo | *loc. adx. comp.*: ‘morder ou agarrar algo con moita forza’ (LFCEG)

Muda o lobo os dentes mais non as mentes / O lobo muda o pelo mais non o vezo / O lobo cambiará de pelo pero non de condición | *refr.*: ‘aínda que as persoas queiran mudar de forma de ser, sempre quedará a súa esencia’ (RGB, EE)

Na terra dos lobos, ouvea coma todos / En terra de lobos hai que ouvear coma todos/ eles | *refr.*: ‘cómpre axeitarse ós costumes dos lugares onde un/unha se atopa’ (RGMF, RGB, EE, EO)

[Negro/escuro] coma a boca do lobo | *loc. adx. comp.*: ‘totalmente escuro’ (LFCEG, DRAG, EE)

Noite de lobos | *loc. s.*: ‘noite pecha, moi escura’ (EE)

Nunca un lobo come outro / Nunca o lobo mata o lobo / Cun lobo non se mata outro / Un lobo a outro lobo non se comen nin se morden / Un lobo nunca comeu outro | *refr.*: ‘as persoas con intereses idénticos disimulan mutuamente os seus defectos’ (RGMF, RGB, EE)

Ó lobo | *loc. adv.*: 1. ‘ás agachadas, sen que se saiba’; 2. ‘a traizón’ (DFG)

O lobo non come tantas ovellas como se di | *refr.*: ‘[expresión que se usa para comentar unha posible esaxeración] as cousas non son exactamente como se contan’ (DFG)

O lobo, farto de carne, meteuse a frade | *refr.*: ‘describe a situación na que alguén se farta dun determinado comportamento e múdao’ (RGB)

O porco que é para o lobo, non hai Santo Antón que o garde | *refr.*: ‘situación fatal, que xa non ten solución’ (RGB)

O que entre lobos se mete, gandido sae | *refr.*: ‘fai referencia ás amizades que inflúen negativamente sobre nós’ (RGB)

O tempo non come o lobo | *refr.*: ‘expresión que invita a aproveitar o tempo, considerado algo valioso que enseguida se vai’ (RGB)

[Oír algo] coma quen oe ouvear o lobo (de lonxe) | *loc. adx. comp.*: ‘con total indiferenza, sen ter en conta o que escoita’ (DFG)

Onde non ves lobo, cata lobo | *refr.*: ‘aconsella a alguén para que sexa precavido debido a un posible perigo inminente’ (RGMF, RGB)

[Oular o vento] coma un lobo | *loc. adx. comp.*: ‘facer ruído o vento’ (LFCEG)

Palabra!, díxolle o lobo á cabra (para ver se a aloumiñaba) | *fórm.*: ‘díselle a unha persoa para facer notar a súa mentira, ou o seu comportamento hipócrita’ (RGMF, RGB, EE)

[Picar] coma un lobo | *loc. adx. comp.*: ‘morder ou agarrar algo con moita forza’ (LFCEG)

Poñer o lobo a coidar das galiñas | *loc. v.*: ‘deixar a alguén nunha situación perigosa’ (EE)

[Pórse] coma un lobo | *loc. adx. comp.*: ‘porse moi agresivo/a’ (DFG, LFCEG)

Quítalle/sácalle lobos | *fórm.*: ‘expresión que serve para indicar que alguén está esaxerando’ (GDXL)

Saír ó camiño do lobo (coma o corzo tolo) | *loc. v.*: ‘facer unha temeridade’ (LFCEG)

(Seica) viches o lobo? | *loc. v.*: ‘díselle a quen vai cos pelos de punta’ (DFXG, GDXL)

[Ser] coma o lobo no eido | *loc. adx. comp.*: 1. ‘destruír todo’; 2. ‘situación desbaratada’ (LFCEG, EO)

[Ser] coma se vise o lobo | *loc. adx. comp.*: ‘sentir medo’ (LFCEG)

[Ter peito/valor] coma un lobo | *loc. adx. comp.*: ‘ser unha persoa valente’ (LFCEG)

[Ter un peito] coma un lobo | *loc. adx. comp.*: 1. ‘ser forte’; 2. ‘ser valente’; 3. ‘ser cruel’ (LFCEG)

[Ter unha boca] coma un lobo | *loc. adx. comp.*: ‘ter a boca fea’ (LFCEG)

[Terlle tanto medo a alguén] coma o lobo á(s) cabra(s) | *loc. adx. comp.*: ‘non lle temer en absoluto’ (DFG)

[Tirarse ás nenas] coma o lobo ás ovellas | *loc. adx. comp.*: ‘andar un home na procura de mulleres’ (LFCEG)

Toda a carne come o lobo menos a súa, que a lambe | *refr.*: ‘fai referencia a unha persoa agresiva ou que trata mal ós demais; agás cos da súa condición ou do seu círculo’ (RGMF, RGB)

Verlle as orellas/barbas/dentes ó lobo | *loc. v.*: ‘presentir un perigo ou unha dificultade, apañar medo’ (DFXG, GDXL, EE, EO)

LOMBRIGA

[Delgado/a] coma unha lombriga | *loc. adx. comp.*: ‘mirrado/a’ (LFCEG)

Lombriga | *s.f.*: ‘persoa moi delgada’ (GDXL)

[Ser/estar] coma unha lombriga | *loc. adx. comp.*: ‘mirrado/a’ (LFCEG)

LONDRA

[Estar] coma unha londra | *loc. adx. comp.*: ‘estar gordo/a’ (LFCEG)

LONGUEIRÓN

Parecer un longueirón | *loc. v.*: ‘estar moi delgado/a, esmirrado/a, chuchado/a’ (DFG)

LURA

[Agarrado/a] coma unha lura | *loc. adx. comp.*: ‘ser moi agarrado/a, apegado/a en exceso ó diñeiro ou a outros bens’

Estar feito unha boa lura | *loc. v.*: ‘ser persoa de dubidosa conduta, ser un pillaban/unha pillabana’ (DFXM)

Lura | *s.f.*: ‘persoa agarrada, apegada en exceso ó diñeiro ou a outros bens’ (DFXG)

M

MACACO

Facer o macaco | *loc. v.*: ‘facer parvadas’ (GDXL)

Macaco | *s.m.*: 1. ‘persoa sen carácter, que se deixa manexar’; 2. ‘persoa pequena, fea e desproporcionada’ (DRAG, GDXL)

MACHO

[*Cargado/a*] *coma un macho* | *loc. adx. comp.*: ‘moi cargado/a’ (LFCEG)

Mandar os machos nos arrieiros | *loc. v.*: ‘invertérense as xerarquías’ (GDXL)

MARRAXO

Bo marraxo | *loc. s.*: ‘persoa ancha e grosa’ (DFXM)

MASCATO

Mascato | *s.m.*: ‘persoa aparvada ou moi simple’ (GDXL)

[*Ter unha vista*] *coma un mascato* | *loc. adx. comp.*: ‘ser invidente’ (LFCEG)

MERLO

Bo merlo | *loc. s.*: ‘persoa de pouca confianza’ (GDXL)

Botar o merlo | *loc. v.*: ‘falar, darlle á lingua’ (DFG)

Merlo branco | *loc. s.*: 1. ‘persoa moi boa’; 2. ‘cousa moi rara ou difícil de encontrar’ (GDXL)

MIAÑAR

Miañar | v.i.: ‘laiarse unha persoa’ (GDXL)

MIAR

Miar | v.i.: ‘laiarse unha persoa’ (GDXL)

MICHO

[**Contento/a**] *coma micho con axóuxere* | loc. adx. comp.: ‘moi contento, cheo de ledicia’ (LFCEG)

[**Estar**] *coma micho esborrallado* | loc. adx. comp.: ‘estar cómodo/a’ (LFCEG)

[**Rabuñar**] *coma un micho* | loc. adx. comp.: ‘mostrarse agresivo/a con alguén’ (LFCEG)

[**Ter sete vidas/folgos**] *coma os michos (asañados)* | loc. adx. comp.: ‘durar moito unha persoa’ (DFXM, RGB, LFCEG, EE)

MINCHA

Mincha | s.f.: ‘cousa, animal ou persoa de tamaño moi pequeno’ (DRAG, GDXL)

[**Pequeno/a**] *coma unha mincha* | loc. adx. comp.: ‘raqúitico/a’ (LFCEG)

MIÑOCA

Á miñoa | loc. adv.: ‘[usado con verbos como *vivir*, *morrer*, *andar*, *casar*...] moi pobremente, de forma miserable’ (DFG, DFXG, GDXL)

[**Arrastrarse**] *coma as miñoas* | loc. adx. comp.: ‘humillarse’ (DFG)

[**Máis pobre**] *cás miñoas* | loc. adx. comp.: ‘moi pobre’ (DFG)

Miñoa | s.f.: ‘individuo de pouco valor, ou valía’ (GDXL)

Tremer á miñoa | loc. v.: ‘tremer co frío’ (DFG)

MIOCA

Á mioca | loc. adv.: ‘[usado con verbos como *vivir*, *morrer*, *andar*, *casar*...] moi pobremente, de forma miserable’ (DFG, DFXG, GDXL)

[**Arrastrarse**] *coma as miocas* | loc. adx. comp.: ‘humillarse’ (DFG)

[**Máis pobre**] *cás miocas* | loc. adx. comp.: ‘moi pobre’ (DFG)

Tremer á mioca | loc. v.: ‘tremer co frío’ (DFG)

MONA

Coller unha mona | *loc. v.*: ‘coller unha borracheira’ (DFG)

[Correr] coma a unha mona | *loc. adx./adv. comp.*: ‘expulsar a alguén dalgún lugar’ (LFCEG)

[Corrido/a] coma unha mona / [Máis corrido/a] ca unha mona | *loc. adx. comp.*: ‘avergonzado/a, burlado/a’ (DFG, LFCEG, GDXL)

Darlle a mona | *loc. v.*: ‘coller unha teima’ (DFG)

Durmir a mona | *loc. v.*: ‘durmir despois de emborracharse’ (DFG)

Facer a mona | *loc. v.*: 1. ‘facer o/a gracioso/a’; 2. ‘facer o/a parvo/a’; 3. ‘facer o ridículo’; 4. ‘perder o tempo’ (DFG, GDXL)

[Máis aburrido/a] ca unha mona | *loc. adx. comp.*: ‘moi aburrido/a’ (DFG)

[Máis pintado/a] ca unha mona | *loc. adx. comp.*: ‘levar a cara moi pintada’ (DFG)

Mona | *s.f.*: ‘borracheira’ (DRAG)

Pintar a mona | *loc. v.*: 1. ‘facer o/a gracioso/a’; 2. ‘facer o/a parvo/a’; 3. ‘facer o ridículo’; 4. ‘perder o tempo’ (DFG, GDXL)

MONADA

Monada | *s.f.*: 1. ‘xesto ou acción propia dun mono, que fai rir pero que tamén pode resultar molesta’; 2. ‘parvada, acción propia dunha persoa pouco asisada’; 3. ‘aceno que pretende ser gracioso’; 4. ‘persoa ou cousa bonita e agradable, que resulta atractiva’; 5. ‘xesto cariñoso’ (DRAG, GDXL)

MONO

Facer o mono | *loc. v.*: 1. ‘facer o/a parvo/a, perder o tempo’; 2. ‘enredar, divertirse’ (DFG, DRAG, GDXL)

Mono | *s.m.*: 1. ‘persoa que fai o mono o monadas’; 2. ‘persoa ridícula’; 3. ‘persoa de escasa moralidade’ (DRAG, GDXL)

[Ser] coma un mono | *loc. adx. comp.*: ‘subir con facilidade a todas as partes’ (EO)

MOSCA

[Acudir/ir] coma moscas (arredor do mel) | *loc. adv. comp.*: ‘acudir en gran número’ (DFG)

Andar coa mosca no cu / Ter a mosca no cu | *loc. v.*: ‘andar sempre ás présas, a correr’ (DFG)

Aramos!,—díxolle a mosca ó boi | *dialox.*: ‘expresión usada para criticar ós que presumen de levar a cabo un traballo que en realidade fan outros’ (RGB)

[Caer] coma moscas | *loc. adv. comp.*: ‘facilmente e en cantidade’ (DFG, DRAG, GDXL)

[Chover xente] coma moscas | *loc. adv. comp.*: ‘haber [persoas ou cousas] en cantidade’ (LFCEG)

[Estar] coma a mosca na tea da araña | *loc. adv. comp.*: ‘estar nunha dificultade grave’ (LFCEG)

[Haber algo] coma moscas (no mes de agosto / no mel) | *loc. adv. comp.*: ‘haber en grande cantidade’ (DFG, LFCEG)

[Máis calado/a] ca unha mosca | *loc. adv. comp.*: ‘en silencio total’ (LFCEG)

[Morrer] coma moscas | *loc. adv. comp.*: ‘caer/morrer facilmente e en cantidade’ (DFG, DRAG, GDXL)

Mosca | *s.f.*: ‘persoa pesada e molesta’ (GDXL)

Mosca morta | *loc. s.*: ‘persoa hipócrita’ (DFG, DRAG, GDXL)

Non matar unha mosca | *loc. v.*: ‘non facer mal, ser persoa boa e inofensiva’ (DFG, DRAG, GDXL)

Non se pousar unha mosca [en alguén] | *loc. v.*: ‘ter moito poder unha persoa, de modo que ninguén se atreve a contrariala’ (DFG, DFXG)

Non se ver unha mosca | *loc. v.*: ‘[expresión ponderativa] non se ver ninguén’ (DFG)

[Pegarse] coma unha mosca | *loc. adv. comp.*: ‘acompañar a alguén insistentemente’ (LFCEG)

[Pesado/a] coma unha mosca (de cabalo/ burriqueira)/ coma as moscas | *loc. adv. comp.*: ‘ser unha persoa moi pesada ou moi insistente’ (DFG)

Por se as moscas | *loc. adv.*: ‘como medida de prevención’ (DFG, GDXL)

[Ser/estar] coma moscas (na merda) | *loc. adv. comp.*: ‘en gran cantidade’ (GDXL, EO)

[Ter algo] coma moscas (no mes de agosto) | *loc. adv. comp.*: ‘ter en gran cantidade’ (DFG, LFCEG)

MOSCÓN

Moscón | *s.m.*: ‘persoa molesta’ (DRAG, GDXL)

MOUCHO

[Andar/estar] coma un moucho | *loc. adv. comp.*: ‘andar/estar triste’ (LFCEG)

[Estar (metido na casa)] *coma un moucho* | *loc. adx. comp.*: ‘agocharse, non deixarse ver’ (LFCEG)

[Estar/ser] *coma un moucho* | *loc. adx. comp.*: ‘persoa pouco animosa, calada e ensimesmada’ (DFG, EE)

[Listo/a] *coma un moucho* | *loc. adx. comp.*: ‘moi listo/a’ (EO)

Moucho | *s.m.*: 1. ‘persoa pouco faladora ou pouco sociable’; 2. ‘persoa seria’ (GDXL, EE, EO)

[Serio/a] *coma un moucho* | *loc. adx. comp.*: ‘persoa pouco animosa, calada e ensimesmada’ (DFG, EE)

[Só/soa] *coma un moucho* | *loc. adx. comp.*: ‘estar en soidade’ (LFCEG)

MULA

Estar na mula | *loc. v.*: ‘insistir nun tema’ (DFXG, GDXL)

[Falso/a] *coma unha mula* | *loc. adx. comp.*: ‘persoa moi falsa, traidora’ (DFXG, EE, EO)

Meterse na mula rabena | *loc. v.*: ‘peñorar os bens ou pedir un empréstimo’ (DFG)

Mula criada ó pan | *loc. s.*: ‘persoa ignorante e bondadosa’ (DFXG, GDXL)

[Ser] *coma a mula do arrieiro* | *loc. adx. comp.*: ‘ser unha persoa da que todos/as tiran proveito’ (LFCEG)

[Teimoso/a] *coma unha mula* | *loc. adx. comp.*: ‘ser persoa moi teimosa’ (DFG, DFXG, LFCEG, GDXL, EE, EO)

[Testán/testana] *coma unha mula* | *loc. adx. comp.*: ‘ser persoa moi testana’ (DFG, DFXG, LFCEG, GDXL, EE, EO)

[Traballar] *coma unha mula* | *loc. adx. comp.*: ‘traballar duramente e sen descanso’ (EE)

MULO

[Cargar] *coma un mulo* | *loc. adx. comp.*: ‘resistir moito peso’ (LFCEG)

N

NIÑO

Caer dun niño | *loc. v.*: ‘ser moi inocente, incauto; inexperto/a’ (DFG)

Niño | *s. m.*: 1. ‘casa ou fogar familiar’; 2. ‘abrigo, retiro’; 3. ‘refuxio ou escondedoiro de persoas que foxen [especialmente de malfeitores]’ (DRAG, GDXL)

O

ORNEAR

Ornear | *v.i.*: 1. ‘dicir burradas en voz alta’; 2. ‘chorar queixándose’ (DRAG, GDXL)

Val máis andar ca ornear | *refr.*: ‘indica que é mellor esforzarse para facer unha cousa ben, ca deixala mal para acabar antes e correr o risco de ter que facela de novo’ (RGMF)

ORNEO

Orneo | *s.m.*: ‘choro alto e sen motivo’ (DRAG, GDXL)

OSO

[**Feo/a**] **coma un oso** | *loc. adx. comp.*: ‘persoa moi fea’ (LFCEG)

[**Máis forte**] **ca un oso** | *loc. adx. comp.*: ‘persoa moi forte’ (DFG)

[**Máis grande**] **ca un oso** | *loc. adx. comp.*: ‘persoa moi grande’ (DFG)

Oso | *s.m.*: 1. ‘persoa moi forte’; 2. ‘persoa moi grande’ (GDXL, DFG)

OSTRA

[**Aburrirse**] **coma unha ostra** | *loc. adx. comp.*: ‘aburrirse moito’ (DFG, LFCEG)

[**Máis aburrido/a**] **ca unha ostra** | *loc. adx. comp.*: ‘moi aburrido/a’ (DFG, LFCEG)

OULEAR

Oulear | *v.i.*: 1. ‘[persoa] emitir sons agudos e fortes ou palabras en voz moi alta’; 2. ‘[vento] emitir, ó soprar, un son semellante ó ouveo do lobo’ (DRAG, GDXL)

OURIZO

[**Cariñoso/a**] *coma un ourizo* | *loc. adx. comp.*: ‘persoa áspera’ (LFCEG)

O ourizo tamén Deus o fixo | *refr.*: ‘expresión que recomenda o respecto por todas as persoas e o trato como iguais’ (RGB)

OURIZO CACHO

[**Feo/a**] *coma un ourizo cacho* / [**Máis feo/a**] *ca un ourizo cacho* | *loc. adx. comp.*: ‘moi feo/a’ (DFXG, LFCEG)

OUVEAR

Ouvear | *v.i.*: 1. ‘[persoa] emitir sons agudos e fortes ou palabras en voz moi alta’; 2. ‘[vento] emitir, ó soprar, un son semellante ó ouveo do lobo’ (DRAG, GDXL)

OVELLA

A ovella mansa moitos años a maman | *refr.*: ‘da persoa que é boa de máis outros se aproveitan’ (RGMF, RGB)

Ben parva é a ovella que co lobo se confesa | *refr.*: ‘confiar en alguén hipócrita adoita traer malas consecuencias’ (RGB)

Cada ovella quere a súa parella / *Cada ovella coa súa parella* | *refr.*: ‘todas as persoas precisamos compañía’ (RGB, EE, EO)

[**Comportarse**] *coma unha ovella* | *loc. adx. comp.*: ‘seguir a alguén de forma gregaria’ (DFG)

Dende que teño ovellas e crías, todos me dan os bos días | *refr.*: ‘situación de amizade interesada’ (RGB)

[**Entregarse**] *coma unha ovella* | *loc. adx. comp.*: ‘seguir a alguén de forma gregaria’ (DFG)

Faite ovella e comerate o lobo / *Quen se fai ovella, cómeno/a os lobos* | *refr.*: ‘da persoa de carácter inocente outras se aproveitan’ (RGB)

[**Fuxir de alguén**] *coma o lobo das ovellas* | *loc. adx. comp.*: ‘non ter medo ningún’ (LFCEG)

[**Humilde**] *coma a ovella* | *loc. adx. comp.*: ‘ser moi humilde’ (DFG)

[**Ir atrás de alguén**] *coma ovellas* | *loc. adx. comp.*: 1. ‘comportarse docilmente, sen opoñer resistencia’; 2. ‘seguir a alguén de forma gregaria’ (DFG, LFCEG)

[**Máis manso/a**] *ca unha ovella* | *loc. adx. comp.*: ‘ser unha persoa obediente, servizal’ (LFCEG, EE)

Mal lle vai á ovella que co lobo se aconsella | *refr.*: ‘confiar en alguén hipócrita adoita traer malas consecuencias’ (RGB)

[Manso/a] coma unha ovella | *loc. adx. comp.*: ‘ser unha persoa obediente, servizal’ (LFCEG, EE)

[Ouvear⁷] coma as ovellas | *loc. adx. comp.*: ‘ser unha persoa preguiceira’ (LFCEG)

Ovella | *s.f.*: 1. ‘persoa confiada á dirección dun pastor espiritual’; 2. ‘persoa parva’ (GDXL, EO)

Ovella melén/melga/menxa | *loc. s.*: ‘persoa de aparencia mansa pero hipócrita’ (DFG)

Ovella menga mama á súa nai e mais á allea | *refr.*: ‘persoa que consegue moitas cousas por ser boa ou por parecelo’ (RGB)

Ovella negra | *loc. s.*: ‘persoa que sobresaie entre as demais por presentar características de comportamento consideradas negativas pola sociedade’ (EO)

Ovella que berra, bocado que perde | *refr.*: ‘perder o tempo’ (RGB, RGMF, EO)

Ovellas tolas, detrás dunha van todas | *refr.*: ‘fai referencia ás persoas que fan o que din as demais sen demostrar iniciativa’ (RGB)

[Quedar] coma unha ovelliña | *loc. adx. comp.*: ‘quedar abraiada unha persoa’ (LFCEG)

[Ser] coma as ovellas, que por onde vai unha van todas | *loc. adx. comp.*: ‘facer o mesmo que fan as demais persoas’ (LFCEG)

[Submiso/a] coma unha ovella | *loc. adx. comp.*: ‘persoa moi submisa’ (EE)

Ter aires de boa ovella | *loc. v.*: ‘ter modos e maneiras falsamente afables’ (DFG)

⁷ Segundo apunta Ferro Ruibal (2006: 247) aínda que o significado máis común de *ouvear* é ‘berrar certos animais, coma cans e lobos’, Rivas Quintas (1988) recolle en Dragonte do Bierzo *oubear* co significado de ‘andar dun lado para outro sen facer nada’. Por outro lado, atopamos que no *Tesouro do léxico patrimonial galego e portugués* aparece documentado *ouvear* como ‘observar sen facer nin dicir nada’ en Ribadeo, por Baamonde (1977, p. 95) e, tamén, Rivas Quintas (1988) (*apud.* Santamarina, 2003) recolle *oubear cara a campiña* co significado de ‘albiscar, asexar ou espreitar o horizonte’.

P

PAPAGAIO

[Falar/parolar] *coma un papagaio* | *loc. adx. comp.*: ‘falar moito’ (LFCEG, EE, EO)

[Falar máis] *ca un papagaio* | *loc. adx. comp.*: ‘falar moito’ (LFCEG, EE, EO)

Papagaio | *s.m.*: ‘persoa moi faladora’ (DRAG, GDXL)

[Ser] *coma un papagaio* | *loc. adx. comp.*: ‘falar moito’ (LFCEG, EE, EO)

PARRULO

[Nadar] *coma un parrulo* | *loc. adx. comp.*: ‘nadar moi ben. Desprazarse con facilidade sobre a auga’ (DFXM, LFCEG)

Parrulo | *s.m.*: ‘persoa inxenua e sen malicia’ (DARG, GDXL)

PATA

Pata | *s.f.*: ‘pé ou perna dunha persoa’ (DRAG, GDXL)

PATO

[Manso/a] *coma un pato* | *loc. adx. comp.*: ‘persoa moi mansa’ (DFG)

[Ser] *coma un pato* | *loc. adx. comp.*: ‘ser unha persoa moi mansa, inofensiva’ (DFG)

PAXARO

[Cantar] *coma un paxaro/paxariño* | *loc. adx. comp.*: ‘cantar ben’ (LFCEG)

[Comer] *coma un paxariño* | *loc. adx. comp.*: ‘comer moi pouco’ (DFG, LFCEG)

Contarlle/dicirille un paxariño [algo a alguén] | *loc. v.*: ‘alude a un suxeito informante que non se quere mencionar’ (DFG)

[Ledo] coma un paxaro | *loc. adx. comp.*: ‘persoa feliz’ (LFCEG)

[Listo/a] coma un paxaro | *loc. adx. comp.*: ‘persoa parva, estulta’ (LFCEG)

O primeiro millo é para os /dos paxaros / A primeira vai para os paxaros | *refr.*: ‘[no xogo das cartas] dise cando se perde a primeira partida para infundirse ánimos’ (RGMF, RBG, DFXG, GDXL)

Paxaro | *s.m.*: 1. ‘home astuto e cauteloso’; 2. ‘persoa de pouco corpo e pouco comedora’ (DRAG, GDXL)

Paxaro de conta | *loc. s.*: ‘persoa que non inspira confianza senón prevención e cautela’ (DFG)

Paxaro de mal agoiro | *loc. s.*: ‘persoa portadora de malas noticias ou que prognostica males e desgrazas’ (DFG)

Paxaro vello non cae na gaiola | *refr.*: ‘as persoas intelixentes ou experimentadas non caen nas trampas dos demais’ (RGB)

Por medo ós paxariños, non deixes de sementar o millo | *refr.*: ‘recomenda non deixar de facer plans por medo a que non se realicen’ (RGB)

[Ser/estar] coma un paxariño | *loc. adx. comp.*: ‘ser/estar débil’ (LFCEG)

PÉCORA

Mala pécora | *loc. s.*: ‘[expresión pexorativa xeralmente referida á muller] persoa malvada’ (DFG, DRAG)

Pécora | *s.f.*: ‘muller que accede facilmente a manter relacións sexuais’ (DRAG)

PEGA

Di a pega e todos din dela | *refr.*: ‘describe unha persoa faladora, concretamente aquela que fala dos demais’ (RGB)

Díxolle o corvo á pega: bótate alá alá/saca para alá, que es negra! | *dialox.*: ‘díselle a quen despreza a alguén sen se dar de conta de que presenta as mesmas características negativas que critica’ (RGB, EE)

[Listo/a] coma unha pega | *loc. adx. comp.*: ‘persoa moi lista, intelixente’ (EE)

[Máis alegre] ca unha pega sen rabo | *loc. adx. comp.*: ‘moi alegre’ (DFXG, GDXL)

Onde a pega ten o ollo, alá ten o seu ovo | *refr.*: ‘cando algo é importante cómpre protexelo’ (RGB)

PEIXE

Bo peixe | *loc. adx.*: 1. ‘ser unha persoa pillabana’; 2. ‘persoa coa que hai que ter coidado’ (DFXM, DFXG, DRAG, GDXL)

[Nadar/moverse] coma un peixe | *loc. adx. comp.*: ‘desprazarse con moita facilidade por riba da auga’ (DFXM, LFCEG)

Peixe | *s. m.*: ‘persoa que actúa con mala intención’ (DRAG)

Ter memoria de peixe | *loc. v.*: ‘ter pouca memoria’ (EO)

PELICA

Pelica | *s. f.*: ‘[coloquialmente] pel dunha persoa’ (GDXL)

PERDIZ

[Andar] coma a perdiz polo aire | *loc. adx. comp.*: ‘andar soa unha persoa’ (LFCEG)

[Feliz] coma unha perdiz | *loc. adx. comp.*: ‘estar/sentirse feliz’ (EO)

[Libre] coma unha perdiz | *loc. adx. comp.*: ‘estar/sentirse libre’ (LFCEG)

PETEIRO

Peteiro | *s. m.*: ‘boca das persoas’ (DRAG, GDXL)

Ter moito peteiro | *loc. v.*: ‘falar moito ou de máis’ (GDXL)

PIAR

Piar | *v. i.*: 1. ‘abrir a boca para falar’; 2. ‘[persoa] anhelar moito algo ou alguén’; 3. ‘queixarse, sentirse dunha parte do corpo’ (DRAG, GDXL)

PIOLLENTO

Piolliento/a | *adx.*: ‘[persoa, aspecto] miserable ou inmundo’ (DRAG, GDXL)

PIOLLOSO

Piolloso/a | *adx.*: ‘[persoa, aspecto] miserable ou inmundo’ (DRAG, GDXL)

PIOLLO

[Andar bastos] coma piollos | *loc. adx. comp.*: ‘abundancia, aglomeración’ (LFCEG)

[Ruín] coma os piollos | *loc. adx. comp.*: ‘persoa ruín’ (LFCEG)

PISCO

[Comer] *coma un pisco* | *loc. adx. comp.*: ‘comer moi pouco’ (DFXG, LFCEG)

[Lixeiro/a] *coma un pisco* | *loc. adx. comp.*: ‘ser moi lixeiro’ (DFG)

PITA

[Andar] *coma as pitas* | *loc. adx. comp.*: ‘ter un comportamento promiscuo’ (LFCEG)

Pita choca | *loc. s.*: ‘persoa queixumeira’ (EE)

[Ser] *coma as pitas* | *loc. adx. comp.*: ‘ter un comportamento promiscuo’ (LFCEG)

[Ser igual] *ca unha pita choca* | *loc. adx. comp.*: ‘persoa achacosa, enferma’ (LFCEG)

PITO

[Comer] *coma un pito* | *loc. adx. comp.*: ‘comer moi pouco’ (DFXG, DFXM, LFCEG)

[Estar] *coma un pito* | *loc. adx. comp.*: ‘estar mirrado/a’ (LFCEG)

[Ser] *coma o pito cairo* | *loc. adx. comp.*: ‘ser unha persoa desleixada’ (LFCEG)

PLUMAXE

Plumaxe | *s.f.*: ‘aspecto dunha persoa’ (GDXL)

POLBO

[Apegarse a alguén] *coma un polbo* | *loc. adx. comp.*: ‘ser unha compañía molesta’ (LFCEG)

[Estar máis despistado] *ca un polbo nun garaxe* | *loc. adx. comp.*: ‘non prestar atención. Non estar pendente do que se está a facer’ (DFXM)

[Ser] *coma un polbo* | *loc. adx. comp.*: ‘ser unha persoa á que lle gusta estar sobando ou tocando ós demais’ (DFXM, LFCEEG, EO)

POLDRO

Bo podro | *loc. s.*: ‘ser persoa moi travesa, falcatrueira’ (DFG)

Poldro | *s.m.*: ‘rapaz xogador e algo brutiño’ (GDXL)

[Ser] *coma poldros* | *loc. adx. comp.*: ‘ser unha persoa insensata’ (LFCEG)

POLEIRO

Chegar ó poleiro | *loc. v.*: ‘acadar unha posición elevada’ (DFG)

Poleiro | *s.m.*: 1. ‘calquera posto elevado ó que pode chegar unha persoa’; 2. ‘situación elevada ou vantaxosa’ (GDXL)

POLO

Bo polo | *loc. s.*: ‘persoa de actitude ou comportamento normalmente desaprobado polo resto da sociedade’ (DRAG, GDXL)

Polo nun curral alleo nin sabe onde come nin dá co poleiro | *refr.*: ‘situación en que unha persoa non se atopa cómoda por estar nun lugar que non coñece’ (RGB)

POMBA

[Branco/a] *coma unha pomba* | *loc. adx. comp.*: ‘moi branco/a’ (LFCEG)

[Guapa] *coma unha pomba* | *loc. adx. comp.*: ‘beleza feminina’ (LFCEG)

Pomba | *s.f.*: 1. ‘persoa de carácter afable’; 2. ‘persoa política ou militar partidaria de posturas dialogantes coa inimiga para buscar a paz [en oposición ó falcón, partidario de posturas duras e agresivas]’ (GDXL)

[Sinxelo/a] *coma unha pomba* | *loc. adx. comp.*: ‘persoa mansa’ (LFCEG)

POMBO

[Amarse] *coma dous pombos* | *loc. adx./adv. comp.*: ‘amarse con intensidade’ (LFCEG)

PORCA

[Oír mellor] *ca unha porca parida* | *loc. adx. comp.*: ‘oír moi ben’ (LFCEG)

Roerlle a porca os libros [a alguén] | *loc. v.*: ‘non estudar unha persoa por ser unha lacazana’ (DFG)

Sairlle a porca capada [a alguén] | *loc. v.*: ‘levar un chasco, resultar as cousas ó revés de como se esperaba’ (DFG)

PORCADA

Porcada | *s.f.*: 1. ‘conxunto de cousas sucias’; 2. ‘acto noxento e desagradable’; 3. ‘comida mal preparada ou de mal sabor’; 4. ‘acto que atenta contra a decencia’; 5. ‘acto indigno dunha persoa’ (GDXL)

PORCALLADA

Porcallada | *s.f.*: 1. ‘conxunto de cousas sucias ou de aspecto desagradable’; 2. ‘acto noxento e desagradable’; 3. ‘comida mal preparada ou de mal sabor’; 4. ‘acto que atenta contra a decencia’; 5. ‘acto indigno dunha persoa’; 6. ‘dito ou feito groseiro ou indecente’; 7. ‘acción innobre ou inxusta con que se prexudica a alguén’ (DRAG, GDXL)

PORCALLÁN

Porcallán/porcallana | *adx.*: 1. ‘persoa que está ou anda sucia ou mal amañada’; 2. ‘persoa que non se limpa e que non limpa o seu hábitat, ou que ensucia máis do normal ou necesario’; 3. ‘persoa que fai cousas con pouco coidado ou limpeza’; 4. ‘persoa que actúa ou se comporta sen escrúpulos, sen nobreza, mesmo prexudicando os demais’; 5. ‘persoa que di ou adoita dicir porcalladas’ (DRAG, GDXL)

PORCALLEIRO

Porcalheiro/a | *adx.*: 1. ‘persoa que está ou anda sucia ou mal amañada’; 2. ‘persoa que non se limpa e que non limpa o seu hábitat, ou que ensucia máis do normal ou necesario’; 3. ‘persoa que actúa ou se comporta sen escrúpulos, sen nobreza, mesmo prexudicando os demais’; 4. ‘persoa que di ou adoita dicir porcalladas’ (DRAG, GDXL)

PORCALLÓN

Porcallón/porcallona | *adx.*: ‘persoa que fai cousas con pouco coidado ou limpeza’ (GDXL)

PORCO

A carne de burro non é transparente! (RESPOSTA: Ollos de porco míranos todo) | *fórm/dialox.*: ‘dise cando alguén molesta nun determinado lugar, normalmente diante do noso campo visual’ (RGMF, RGB, EE, EO)

[Andar] coma o porquiño de Santo Antón | *loc. adx. comp.*: ‘andar comendo cada día nunha casa’ (DFXG)

Ben boa vida pasa o porco, e mais dorme no cortello | *refr.*: ‘dise de quen non traballa mais leva unha boa vida’ (LFCEG)

[Cabezudo/a] coma un porco | *loc. adx. comp.*: ‘moi teimoso/a’ (DFXG, LFCEG, EO)

Cada porco ó seu cortello | *refr.*: ‘cadaquén que se meta nos seus asuntos’ (DFG)

[Caerlle tan ben / quedar] coma a gravata ó porco | *loc. adx. comp.*: ‘resultar impropio para unha determinada situación’ (LFCEG, EO)

[Cheo] coma un porco | *loc. adx. comp.*: ‘quedar farta unha persoa despois de comer’ (LFCEG)

Coller o porco polo rabo | *loc. v.*: 1. ‘afrontar un problema con valentía’; 2. ‘cometer unha equivocación’ (DFG, DFXG, GDXL)

[Comer] coma un/os porco/s | *loc. adx. comp.*: ‘comer moito’ (LFCEG, EE)

Comerlle a lingua o porco [a alguén] | *loc. v.*: ‘díselle a quen (ou de quen) fala moi pouco’ (DFXG)

Cortello dos porcos | *loc. s.*: ‘[referido a un espazo ou lugar] estar completamente desordenado e sucio’ (DFG)

[Dar forza] coma o porco no fociño | *loc. adx. comp.*: ‘dar moita forza’ (LFCEG)

[Darlle (de comer) cun caldeiro] coma a un porco | *loc. adx. comp.*: ‘comer moito’ (LFCEG, EE)

Deus dea cortello que porcos xa hai (de) abondo! | *fórm.*: ‘díselle a alguén cando fai algo que se considera groseiro ou de mal gusto’ (DFG)

[Egoísta] coma un porco | *loc. adx. comp.*: ‘úsase para ponderar o acusado egoísmo de alguén’ (DFG)

[Estar] coma un porco (cebado/louseño/inglés) | *loc. adx. comp.*: ‘estar moi gorda unha persoa’ (LFCEG, GDXL)

Fai/facede corte que porco xa temos | *fórm.*: ‘díselle a alguén cando fai algo que se considera groseiro ou de mal gusto’ (DFG)

[Gordo/a] coma un porco (cebado/louseño/inglés) | *loc. adx. comp.*: ‘persoa moi gorda’ (LFCEG, GDXL)

[Ir criado] coma un porco | *loc. adx. comp.*: ‘persoa de mala educación’ (DFG, LFCEG)

[Maleducado/a] coma un porco | *loc. adx. comp.*: ‘persoa de mala educación’ (DFG, LFCEG)

Non se fixo o mel para o fociño do porco | *refr.*: ‘dá conta dunha situación ou cousa inadecuada para certas persoas’ (RGMF, RGB)

O porco celeiro non quer compañeiro | *refr.*: ‘persoa que prefire estar soa nunha determinada situación para tirar beneficio de algo’ (RGMF, RGB)

[Oír] coma os cochos | *loc. adx. comp.*: ‘oír moi ben’ (LFCEG)

Porco | *s.m.*: 1. ‘persoa que está ou anda sucia ou mal amañada’; 2. ‘persoa que fai as cousas con pouco coidado e limpeza’; 3. ‘persoa maleducada’; 4. ‘persoa malfalada e que emprega palabras bastas’; 5. ‘persoa que actúa e se comporta sen escrúpulos, sen nobreza, mesmo prexudicando ós demais’; 6. ‘que ten sucidade’; 7. ‘que é indigno dunha persoa’ (DRAG, GDXL)

Porco de Santo Antón | *loc. s.*: ‘aplícase á persoa que come o que non comeron o demais’ (GDXL)

[**Roncar/ronquexar**] *coma un porco* | *loc. adx. comp.*: ‘roncar moi forte’ (LFCEG)

Sempre o ruín porco ha topa unha boa landra / Sempre o porco ruín ha topa unha boa castaña / O peor porco come a mellor landra | *refr.*: ‘dise cando ten sorte alguén que non a merece’ (DFXG, RGMF, RGB)

[**Ser**] *coma botar perlas ós porcos* | *loc. adx. comp.*: ‘ser inútil’ (LFCEG)

[**Ser**] *coma o porquiño de Santo Antón* | *loc. adx. comp.*: ‘ser persoa que nada despreza, todo lle vai ben [sobre todo referíndose á comida]’ (DFXG)

[**Sucio/a**] *coma un porco* | *loc. adx. comp.*: ‘persoa que é ou anda sempre sucia’ (DFG)

[**Teimudo/a**] *coma un porco* | *loc. adx. comp.*: ‘persoa moi teimuda’ (DFXG, LFCEG, EO)

[**Teimoso/a**] *coma un porco* | *loc. adx. comp.*: ‘persoa moi teimosa’ (DFXG, LFCEG, EO)

[**Ter forza**] *coma o porco no foción* | *loc. adx. comp.*: ‘ter moita forza’ (LFCEG)

[**Turrón/turrona**] *coma un porco* | *loc. adx. comp.*: ‘persoa moi teimosa’ (DFXG, LFCEG, EO)

PORCÓN

Porcón/porcona | *adx. e s.*: 1. ‘persoa que está ou anda desaseada ou desastrada’: 2. ‘persoa que fai as cousas con pouco coidado e limpeza’: 3. ‘persoa que é malfalada e emprega palabras bastas’ (GDXL)

PORCO BRAVO

Porco bravo | *loc. s.*: 1. ‘home forte’: 2. ‘home grande’ (EE)

[**Ser**] *coma un porco bravo* | *loc. adx. comp.*: ‘andar [unha persoa] enfadada, irada’ (LFCEG)

PORCO TEIXO

[**Bolecho/a**] *coma un porco teixo* | *loc. adx. comp.*: ‘persoa gorda’ (LFCEG)

Coller un porco teixo polo rabo | *loc. v.*: ‘equivocarse’ (GDXL)

[**Gordo/a**] *coma un porco teixo* | *loc. adx. comp.*: ‘persoa gorda’ (LFCEG)

Poñerse/porse teixo | *loc. v.*: ‘arrepoñerse, enfrontarse’ (GDXL)

[**Ser**] *coma un teixo* | *loc. adx. comp.*: ‘ser unha persoa pouco sociable’ (GDXL)

Teixo | *s.m.*: ‘persoa que inspira pouca confianza’ (GDXL)

POUTA

A poutadas | *loc. adv.*: ‘en cantidades abundantes’ (DFG)

Poñer de poutas [a alguén] | *loc. v.*: ‘enfadalo/a, enchelo/a de ira’ (DFG)

Pouta | *s.f.*: ‘man grande, forte e torpe’ (DRAG, GDXL)

Poutada | *s.f.*: ‘puñado, cantidade que cabe nunha man’ (GDXL)

PULGA

[*Malo/a*] *coma as pulgas* | *loc. adx. comp.*: ‘persoa ruín’ (LFCEG)

[*Pequeno/a*] *coma unha pulga* | *loc. adx. comp.*: ‘persoa raquítica’ (LFCEG)

[*Ser alto/a*] *coma unha pulga* | *loc. adx. comp.*: ‘persoa raquítica’ (LFCEG)

Ter malas pulgas | *loc. v.*: ‘ser de carácter violento, ter mal xenio ou mal humor’ (DRAG)

Q

QUENLLA

[Estar] *coma unha quenlla* | *loc. adx. comp.*: 1. ‘moi delgado/a’; 2. ‘moi alto/a’ (DFG)

R

RA

[**Inchado/a**] *coma unha ra* | *loc. adx. comp.*: ‘fachendoso/a’ (LFCEG)

RABADA

[**Ter a boca**] *coma unha rabada* | *loc. adx. comp.*: ‘ser unha persoa bocalana; falar moito ou demais’ (DFG)

RABO

Agarrar polo rabo | *loc. v.*: 1. ‘pillar con dificultade a alguén que foxe con vantaxe ou a quen vai logrando o seu intento’; 2. ‘tratar de conseguir algo con pouca esperanza de logralo’ (GDXL)

Andar co rabo pisado / Ter o rabo pisado | *loc. v.*: ‘estar enfadado/a, de mal humor’ (DFG, DFXG)

Co rabo entre as pernas | *loc. adx.*: ‘avergonzado/a ou humillado/a’ (GDXL)

Darlle ó rabo | *loc. v.*: ‘fachendear’ (GDXL)

Estar a nacer(lle) o rabo | *loc. v.*: ‘ser inquieto/a, sen apouso, non ter paraxe’ (DFXG)

Ir co rabo dereito | *loc. v.*: ‘ir ou pasar moi orgulloso/a ou envaidecido/a ou enfonchado/a’ (DFXG)

Pisarlle o rabo [a alguén] | *loc. v.*: ‘afectar a alguén en algo que lle produce desgusto; provocar a alguén, procurar o xeito de molestar a alguén’ (DFXG)

Por non darlle ó rabo, déixalle comer o cu ás moscas | *refr.*: ‘dise da persoa preguiceira’ (DFXG)

Recacharlle o rabo [a alguén] | *loc. v.*: ‘pór a alguén expresión de desagrado’ (DFGX)

Ter moito rabo | *loc. v.*: 1. ‘ter moita retranca’; 2. ‘ser moi raposeiro/a’ (GDXL)

RAPOSA

A raposa cambia/muda o/de pelo pero non as/de mañas | *refr.*: 1. ‘persoa astuta’; 2. ‘expresión usada para indicar que unha persoa segue a ter a mesma esencia que se lle coñecía, normalmente asociada á astucia e mesmo á malicia e/ou ruindade’ (EE, EO)

A raposa muda o pelo, pero non perde o rabo | *refr.*: 1. ‘persoa astuta’; 2. ‘expresión usada para indicar que unha persoa segue a ter a mesma esencia que se lle coñecía, normalmente asociada á astucia e mesmo á malicia e/ou ruindade’ (EO)

[Andar] como corren as raposas | *loc. adx. comp.*: ‘correr moito’ (LFCEG)

[Astuto/a] coma unha raposa | *loc. adx. comp.*: ‘persoa moi astuta’ (DFXG, DFXM, LFCEG, EE, EO)

[Canso/a] coma unha raposa | *loc. adx. comp.*: ‘estar canso/a, extenuado/a’ (LFCEG, EE)

[Dar máis voltas] ca unha raposa | *loc. adx. comp.*: ‘estar en continuo movemento’ (LFCEG)

Están verdes! Dixo a raposa | *dialox.*: ‘expresión que se emprega cando alguén finxe desprezar algo polo feito de que non o pode ter’ (EE)

[Facer o durmido] coma as raposas | *loc. adx. comp.*: ‘finxir’ (LFCEG)

[Falso/a] coma unha raposa | *loc. adx. comp.*: ‘persoa moi falsa’ (EE, EO)

[Listo/a] coma unha raposa | *loc. adx. comp.*: ‘moi listo/a’ (DFXG, DFXM, LFCEG, EE, EO)

[Máis pillo/a] cá raposa | *loc. adx. comp.*: ‘persoa moi astuta’ (DFXG, DFXM, LFCEG, EE, EO)

[Malo/a] coma sete raposas | *loc. adx. comp.*: ‘persoa mala, ruín’ (LFCEG, EE)

Mal sabe a raposa das galiñas que dormen fóra | *refr.*: ‘expresión que alude ós imprevistos ou a aquelas cousas que fican fóra do noso coñecemento e control’ (DFG, RGME, RGB, EE)

[Pillabán/pillabana] coma unha raposa | *loc. adx. comp.*: ‘persoa moi astuta’ (DFXG, DFXM, LFCEG, EE, EO)

Deixar o galiñeiro ó coidado da raposa | *loc. v.*: ‘deixar a alguén nunha situación perigosa’ (EE)

Sabe máis a raposa por vella ca por raposa | *refr.:* ‘as persoas maiores teñen máis sabedoría debido á experiencia adquirida cos anos’ (EE, EO)

[Ter máis maldade] *ca sete raposas* | *loc. adx. comp.:* ‘ser unha persoa moi ruín’ (LFCEG, EE)

[Ter máis mañas] *ca sete raposas* | *loc. adx. comp.:* ‘ser unha persoa moi astuta’ (LFCEG)

[Tirarse os mozos ás mozas] *coma as raposas ás pítas* | *loc. adx. comp.:* ‘facerlle as beiras un home a unha muller’ (LFCEG)

Xa ten que madrugar o que á raposa ha de enganar! | *refr.:* ‘expresión que se emprega para poñer de manifesto a astucia de alguén sobre os demais’ (RGB)

RAPOSADA

Raposada | *s.f.:* ‘acción feita de mala fe’ (EE)

RAPOSEIRO

Raposeiro/a | *adx.:* 1. ‘que ten habilidade, astucia e malicia para conseguir o que se propón’; 2. ‘que actúa con disimulo e mala fe’ (DFXM, GDXL, DRAG, EO)

RAPOSO

[Andar mallado/a] *igual ca un raposo (de arrastrar o rabo)* | *loc. adx. comp.:* ‘extenuado/a, cansado/a’ (LFCEG, EE)

[Andar cansado/a] *igual ca un raposo (de arrastrar o rabo)* | *loc. adx. comp.:* ‘extenuado/a, cansado/a’ (LFCEG, EE)

[Astuto/a] *coma un raposo* | *loc. adx. comp.:* ‘persoa moi astuta’ (DFXG, DFXM, LFCEG, EE, EO)

Cada raposo garda o seu rabo | *refr.:* ‘cadaquén debe atender os seus problemas’ (RGB)

[Canso/a] *coma un raposo vello corrido dos cans* | *loc. adx. comp.:* ‘extenuado/a, cansado/a’ (LFCEG, EE)

[Dar máis voltas] *ca un raposo* | *loc. adx. comp.:* ‘estar en continuo movemento’ (LFCEG)

[Entrar] *coma un/o raposo na capoeira* | *loc. adx. comp.:* ‘actuar con sixilo, ás agachadas’ (LFCEG)

[Facer as voltas] *coma o raposo ás galiñas* | *loc. adx. comp.:* ‘acosar a alguén’ (LFCEG)

[Listo/a] *coma un raposo* | *loc. adx. comp.:* ‘persoa moi lista, astuta’ (DFXG, DFXM, LFCEG, EE, EO)

[**Máis falso**] *ca un raposo* | *loc. adx. comp.*: ‘persoa moi falsa’ (EE, EO)

[**Máis listo/a**] *ca un raposo* | *loc. adx. comp.*: ‘persoa moi lista, astuta’ (DFXG, DFXM, LFCEG, EE, EO)

Non fai tanto o raposo nun ano, como paga nunha hora | *refr.*: ‘persoa mala que paga as maldades cometidas todas xuntas e, normalmente, cando menos o pensa’ (RGB)

Non sabe/mal sabe o raposo das galiñas que dormen fóra | *refr.*: ‘expresión que alude ós imprevistos ou a aquelas cousas que fican fóra do noso coñecemento e control’ (DFG, RGMF, RGB, EE)

O raposo cambia/muda de/o pelo pero non de/as mañas | *refr.*: 1. ‘persoa astuta’; 2. ‘indica que unha persoa segue a ter a mesma esencia que se lle coñecía, normalmente asociada á astucia e mesmo á malicia e/ou ruindade’ (EE, EO)

O raposo vello perde a forza, pero non a maña | *refr.*: ‘as persoas maiores perden facultades físicas pero non esquecen o xeito en que aprenderon a desenvolver certas actividades diarias’ (EO)

[**Pillabán/pillabana**] *coma un raposo* | *loc. adx. comp.*: ‘persoa moi astuta’ (DFXG, DFXM, LFCEG, EE, EO)

[**Pillo/a**] *coma un raposo* | *loc. adx. comp.*: ‘persoa moi astuta’ (DFXG, DFXM, LFCEG, EE, EO)

Pita que o raposo leva, vai ben gandida / ben gandida vai | *refr.*: ‘fai referencia a unha situación irremediable’ (RGB)

Pobriñas! Ábrenvos tarde e non comedes! —dixo o raposo ás galiñas | *dialog.*: ‘comentario que se fai de xeito irónico ante unha situación que para nada causa pena’ (RGMF, RGB)

Poñer o raposo a coidar as pitas | *loc.v.*: ‘deixar a alguén nunha situación perigosa’ (EE)

Quen trata con raposo, grazas se lambe algún óso | *refr.*: ‘fai referencia a unha amizade perigosa, que agocha segundas intencións’ (RGB)

Raposo | *s.m.*: 1. ‘persoa astuta e mal intencionada’; 2. ‘que ten habilidade, astucia e malicia para conseguir o que se propón’; 3. ‘que actúa con disimulo e de mala fe’ (GDXL, DRAG, EE)

Sabe máis o raposo por vello ca por raposo | *refr.*: ‘fai referencia á intelixencia de alguén, principalmente a adquirida coa experiencia’ (EE, EO)

[**Ter máis intención**] *cá dun raposo axexando unha pita* | *loc. adx. comp.*: ‘agochar malas intencións’ (LFCEG)

[**Tratar**] *coma os raposos ás pitas* | *loc. adx. comp.*: ‘maltratar’ (LFCEG)

RATA

Non haber nin unha rata | *loc. v.*: ‘ninguén en absoluto’ (DFG)

[**Pobre**] *coma unha/as rata/as* | *loc. adx. comp.*: ‘moi pobre’ (DFG, LFCEG, EE)

Rata | *s.f.*: 1. ‘ser desprezable’; 2. ‘persoa agarrada’; 3. ‘persoa astuta, hábil’ (GDXL, EE)

Rata de biblioteca | *loc. s.*: ‘persoa moi amiga de buscar e investigar nos libros máis raros e esquecidos dunha biblioteca’ (GDXL)

RATEAR

Ratear | *v.t.*: ‘furtar con disimulo’ (GDXL)

RATO

[**Agudo/a**] *coma un rato* | *loc. adx. comp.*: ‘persoa moi lista’ (DFXG, LFCEG)

[**Calado/a**] *coma un/os rato/s* | *loc. adx. comp.*: ‘persoa silenciosa’ (DFG, LFCEG)

[**Calar**] *coma un/os rato/s* | *loc. adx. comp.*: ‘gardar silencio’ (DFG, LFCEG)

Cando o gato, non esta os ratos bailan | *refr.*: ‘fai referencia á ausencia dunha autoridade, ó arriscado que resulta, ás veces, desatender unha responsabilidade ou simplemente baixar a garda’ (EE)

Comerlle [a alguén] a lingua os ratos | *loc. v.*: ‘dise de quen/a quen fala moi pouco’ (DFXG)

Entre o rato e o león non hai comparación | *refr.*: ‘non se poden comparar dúas realidades completamente diferentes’ (RGB)

[**Esperto/a**] *coma un rato* | *loc. adx. comp.*: ‘persoa moi lista’ (DFXG, LFCEG)

[**Fino/a**] *coma un rato* | *loc. adx. comp.*: ‘persoa moi lista’ (DFXG, LFCEG)

[**Máis fino/a**] *ca un rato* | *loc. adx. comp.*: ‘persoa moi lista’ (DFXG, LFCEG)

Máis vale ser cabeza de rato, ca rabo de gato | *refr.*: ‘superioridade xerárquica’ (RGB)

Moito sabe o rato, pero máis sabe o gato | *refr.*: ‘compara a intelixencia entre dúas persoas’ (RGMF, RGB)

Na casa na que non hai gatos, campan os ratos / non faltan ratos | *refr.*: ‘fai referencia á ausencia dunha autoridade, ó arriscado que resulta, ás veces, desatender unha responsabilidade ou simplemente baixar a garda’ (EE)

O rato di: ‘que parvo é o home que come do meu cu e non come da miña boca’ | *dialog.*: ‘expresión que se di cando alguén é intelixente, aínda que non o pareza’ (EE)

O rato e o gato non comen no mesmo prato | *refr.*: ‘úsase para ponderar unha relación de inimidade’ (RGB)

O rato vello non cae na rateira | *refr.*: ‘as persoas con experiencia na vida non adoitan caer en enganos’ (RGB)

[Pequeno/a] coma un/os rato/s | *loc. adx. comp.*: ‘ser moi pequeno/a’ (DFG, LFCEG)

[Presumir] máis ca un rato enriba dun queixo | *loc. adx. comp.*: ‘presumir moito. Ser moi presumido/a’ (DFXG, LFCEG)

[Rillar] coma un rato | *loc. adx. comp.*: ‘ser unha persoa comellona’ (EE)

[Ser] coma o gato e o rato | *loc. adx. comp.*: ‘ser inimigos/as’ (LFCEG)

[Ser] coma un rato | *loc. adx. comp.*: ‘persoa moi lista’ (DFXG, LFCEG)

[Ter] coma o rato na rateira | *loc. adx. comp.*: ‘gardar algo con moito segredo’ (LFCEG)

[Vivo] coma un rato | *loc. adx. comp.*: ‘persoa moi lista’ (LFCEG)

REISEÑOR

[Cantar] coma un reiseñor | *loc. adx. comp.*: ‘cantar ben’ (LFCEEG, EE)

REMOER

Remoer | *v.t.*: 1. ‘pensar moito nunha cousa, darlle moitas voltas no pensamento’; 2. ‘murmurar algo polo baixo’ (DRAG, GDXL)

RINCHAR

Rinchar | *v.i.*: 1. ‘facer ruído cos dentes ó apertalos’; 2. ‘rir ás gargalladas’ (DRAG, GDXL)

RULA

[Amarse] coma rulas | *loc. adx. comp.*: ‘amarse intensamente’ (LFCEG)

[Amoroso/a] coma unha rula | *loc. adx. comp.*: ‘persoa amable’ (LFCEG)

[Cantar] coma a/unha rula | *loc. adx. comp.*: ‘cantar ben’ (LFCEG)

[Lindo/a] coma unha rula | *loc. adx. comp.*: ‘dise da persoa que destaca pola súa fermosura’ (EE)

Miña rula/ruliña | *loc. s.*: ‘expresión de cariño aplicada a quen se quere ben’ (DRAG, GDXL)

RULO

[**Contento/a**] *coma un rulo* | *loc. adx. comp.*: ‘que proxecta ledicia, satisfacción’ (LFCEG)

[**Quedar**] *coma un rulo* | *loc. adx. comp.*: ‘con ledicia, satisfacción’ (LFCEG)

RUMIAR

Rumiar | *v.t.*: ‘pensar moito nunha cousa, darlle moitas voltas no pensamento’ (DRAG, GDXL)

S

SAMBESUGA

Sambesuga | *s.f.*: ‘persoa que se aproveita doutras vivindo a conta delas ou quitándolles o diñeiro pouco a pouco’ (DRAG, GDXL)

SAMESUGA

[**Agarrarse**] **coma unha samesuga** | *loc. adx. comp.*: ‘ser unha compañía molesta para alguén’ (LFCEG)

Samesuga | *s.f.*: ‘persoa que se aproveita doutras vivindo a conta delas ou quitándolles o diñeiro pouco a pouco’ (DRAG, GDXL)

SAPO

Botar cobras e sapos (pola boca) | *loc. v.*: ‘proferir blasfemias, insultos e inxurias’ (DFG, GDXL)

[**Caer espatarrado**] **coma un sapo** | *loc. adx. comp.*: ‘caer de cheo e espernexar no chan’ (LFCEG)

Cando naceu o sapo, naceu a sapa | *refr.*: ‘expresa que cadaquén ten a súa parella en algures, por eivas que teña’ (DFXG, EO)

Cara de sapo | *loc. s.*: ‘cara fea’ (EE)

[**Cativo/a**] **coma un sapo** | *loc. adx. comp.*: ‘persoa pequena, raquítica’ (LFCEG)

[**Cheo/a**] **coma un sapo** | *loc. adx. comp.*: ‘quedar farto/a despois de comer’ (LFCEG)

[**Correr**] **coma o/un sapo pola/na cinza** | *loc. adx. comp.*: ‘non ser dilixente, obrar lentamente nun asunto’ (GDXL, LFCEG)

Cuspir cobrar e sapos (pola boca) | *loc. v.*: ‘proferir blasfemias, insultos e inxurias’ (DFG, GDXL)

[Duro/a] coma un sapo | *loc. adx. comp.*: ‘persoa ou cousa dura’ (LFCEG)

[Estar] coma un sapo | *loc. adx. comp.*: ‘estar farto/a despois de comer’ (LFCEG)

[Feo/a] coma a cabeza dun sapo | *loc. adx. comp.*: ‘moi feo/a’ (LFCEG)

[Grande] coma a cabeza dun sapo | *loc. adx. comp.*: ‘moi grande’ (LFCEG)

[Inchado/a] coma un sapo | *loc. adx. comp.*: ‘de mal humor’ (DFXG, LFCEG)

[Ir] coma un sapo | *loc. adx. comp.*: ‘quedar farto/a despois de comer’ (LFCEG)

[Lento/a] coma o/un sapo pola/na cinza | *loc. adx. comp.*: ‘non ser dilixente, obrar lentamente nun asunto’ (GDXL, LFCEG)

[Quedar] coma un sapo | *loc. adx. comp.*: ‘quedar farto/a despois de comer’ (LFCEG)

[Ser peor] ca un sapo entre as muruxas | *loc. adx. comp.*: ‘ir con lentitude’ (LFCEG)

[Ter unha pachorra] coma un sapo | *loc. adx. comp.*: ‘ter calma’ (LFCEG)

[Vir] coma un sapo | *loc. adx. comp.*: ‘vir farto/a despois de comer’ (LFCEG)

SAPOCONCHO

[Ter máis cunchas] ca un sapoconcho | *loc. adx. comp.*: ‘ser unha persoa experimentada’ (LFCEG)

SARDIÑA

[Estar] coma unha sardiña polo/pola punta do rabo | *loc. adx. comp.*: ‘estar mirrado/a’ (LFCEG, EO)

[Gordo/a] coma unha sardiña polo/pola punta do rabo | *loc. adx. comp.*: ‘estar mirrado/a’ (LFCEG, EO)

SERPE

[Arrastrarse] coma unha serpe | *loc. adx. comp.*: 1. ‘vivir con dificultades’; 2. ‘ser pobre’ (LFCEG, EO)

[Listo/a] coma unha serpe | *loc. adx. comp.*: ‘persoa intelixente’ (EE)

Niño de serpes | *loc. s.*: ‘lugar perigoso entre xente malvada e/ou maledicente’ (DFG)

[Peor] ca unha serpe | *loc. adx. comp.*: ‘valora a maldade de alguén’ (EE)

Serpe | *s.f.*: ‘persoa pérfida’ (GDXL, EE)

[Silencioso/a] coma unha serpe | *loc. adx. comp.*: ‘persoa que actúa de maneira que os demais non detecten a súa presenza’ (EE, EO)

[Sixiloso/a] coma unha serpe | *loc. adx. comp.*: ‘persoa que actúa de maneira que os demais non detecten a súa presenza’ (EE, EO)

[Velenoso/a] coma unha serpe | *loc. adx. comp.*: ‘persoa mala’ (EE, EO)

SERPENTE

Serpente | *s.f.*: ‘persoa pérfida’ (GDXL, EE)

T

TARTARUGA

A paso de tartaruga | *loc. adv.*: ‘moi lentamente’ (GDXL, EE)

[Correr máis] *ca unha tartaruga* | *loc. adx. comp.*: ‘correr pouco’ (LFCEG, EE)

[Lento/a] *coma unha tartaruga* | *loc. adx. comp.*: ‘ir moi lento/a’ (LFCEG, EE)

Tartaruga | *s.f.*: ‘persoa moi lenta’ (GDXL)

TEIXUGO

[Bolecho/a] *coma un teixugo* | *loc. adx. comp.*: ‘gordo/a’ (LFCEG)

[Duro/a] *coma un teixugo* | *loc. adx. comp.*: ‘moi duro, moi resistente’ (DFXG, LFCEG, GDXL)

[Feo/a] *coma un teixugo* | *loc. adx. comp.*: ‘persoa moi fea’ (LFCEG)

[Gordo/a] *coma un teixugo* | *loc. adx. comp.*: ‘gordo/a’ (LFCEG)

[Teimudo/a] *coma un teixugo* | *loc. adx. comp.*: ‘persoa moi teimuda’ (EE)

Teixugo | *s.m.*: ‘persoa pouco cordial e pouco sociable’ (GDXL)

TETO

Zugar de bo teto | *loc.v.*: 1. ‘vivir a conta doutra persoa’; 2. ‘estar plantado en terra fértil’ (GDXL)

TOUPA

[**Cambiar o rabo polos ollos**] *coma a toupa* | *loc. adx. comp.*: ‘saír perdendo nun troco’ (DFG, LFCEG, EO)

[**Cambiar os ollos polo rabo**] *coma a toupa* | *loc. adx. comp.*: ‘saír perdendo nun troco’ (DFG, LFCEG, EO)

[**Cegar**] *coma unha toupa* | *loc. adx. comp.*: ‘ver moi pouco ou non ver nada’ (DFG, DFXG, LFCEG, EE)

[**Cego/a**] *coma unha toupa* | *loc. adx. comp.*: ‘ver moi pouco ou non ver nada’ (DFG, DFXG, LFCEG, EE)

[**Facer**] *coma a toupa (que cambiou/mudou os ollos polo rabo)* | *loc. adx. comp.*: ‘saír perdendo nun troco’ (DFG, LFCEG, EO)

[**Quedar**] *coma as toupas* | *loc. adx. comp.*: ‘quedar marxinada unha persoa’ (LFCEG)

Toupa | *s.f.*: 1. ‘persoa que ve moi pouco’; 2. ‘persoa pouco espelida’; 3. ‘persoa infiltrada nunha organización para asexar os seus movementos’; 4. ‘persoa que vive agochada durante anos por medo [especialmente por motivos políticos]’ (DRAG, GDXL, EE)

[**Trocar os ollos polo rabo**] *coma a toupa* | *loc. adx. comp.*: ‘saír perdendo nun troco’ (DFG, LFCEG, EO)

TOUPEIRA

[**Ter menos miras**] *ca unha toupeira* | *loc. adx. comp.*: ‘persoa pouco intelixente’ (EE)

Toupeira | *s.f.*: 1. ‘persoa que ve moi pouco’; 2. ‘persoa pouco espelida’; 3. ‘persoa infiltrada nunha organización para asexar os seus movementos’; 4. ‘persoa que vive agochada durante anos por medo [especialmente por motivos políticos]’ (DRAG, GDXL, EE)

TOUPO

[**Facer**] *coma o toupo (que cambiou/mudou os ollos polo rabo)* | *loc. adx. comp.*: ‘saír perdendo nun troco’ (DFG, LFCEG, EO)

TOURO

Amarrar o touro polos cornos | *loc. v.*: ‘facer fronte a un problema con determinación’ (DFG, GDXL, EE, EO)

[**Arremeter**] *coma un touro (bravo)* | *loc. adx. comp.*: ‘con bravura, con ímpeto’ (DFG)

[**Berrar**] *coma un touro* | *loc. adx. comp.*: ‘berrar unha persoa’ (LFCEG)

[**Bruar**] *coma un touro* | *loc. adx. comp.*: ‘berrar unha persoa’ (LFCEG)

Coller o touro polos cornos | *loc. v.*: ‘facer fronte a un problema con determinación’ (DFG, GDXL, EE, EO)

[Estar] coma un touro | *loc. adx. comp.*: ‘estar forte’ (LFCEG, EE, EO)

Estar feito un touro | *loc. v.*: ‘estar moi forte’ (LFCEG)

[Forte] coma un touro | *loc. adx. comp.*: ‘persoa forte’ (LFCEG, EE, EO)

[Grande] coma un touro | *loc. adx. comp.*: ‘persoa grande’ (LFCEG)

[Ir] coma un touro | *loc. adx. comp.*: ‘actuar sen recapacitar e violentamente’ (EE)

[Máis puxante] ca un touro de fecha | *loc. adx. comp.*: ‘persoa moi agresiva ou fera’ (LFCEG)

[Ser] coma un touro | *loc. adx. comp.*: ‘ser moi forte’ (LFCEG, EE, EO)

[Ter máis forza] ca un touro | *loc. adx. comp.*: ‘ter moita forza’ (LFCEG, EE, EO)

Touro | *s.m.*: ‘home moi forte e robusto’ (DRAG, GDXL)

TROITA

[Fino] coma unha troita | *loc. adx. comp.*: ‘de aspecto fino ou esvelto’ (LFCEG)

[Irse] coma a troita nadando | *loc. adx. comp.*: ‘irse a gran velocidade’ (LFCEG)

TROTAR

A trote / ó trote | *loc. adv.*: ‘moi rápido, a correr’ (DRAG, GDXL)

De trote / para trote | *loc. adv.*: ‘de uso diario e continuado’ (GDXL, DRAG)

Non estar para moitos trotes | *loc.v.*: ‘non estar nas condicións físicas adecuadas para levar a cabo unha determinada actividade’ (DFG, DRAG, GDXL)

Trotar | *v.i.*: ‘andar moito e con présa’ (DRAG, GDXL)

TURRAR

Turrar | *v.i.*: ‘porfiar nunha actitude ou idea’ (DRAG, GDXL)

V

VACA

Acabárselle a vaca leiteira [a alguén] | *loc. v.*: ‘acabárselle a fonte de riqueza ou o medio do que se tiraba proveito’ (DFG, DFXG, GDXL)

[Andar solto/a] coma a vaca sen choca | *loc. adx. comp.*: 1. ‘estar en liberdade’; 2. ‘vivir sen ataduras persoais’ (LFCEG)

[Darlle a todo] coma a vaca do pobre | *loc. adx. comp.*: ‘traballar moi duramente, sen descanso’ (DFG, LFCEG)

[Deixar alguén] coma unha vaca nun teatro | *loc. adx. comp.*: ‘deixar desconcertada a unha persoa’ (LFCEG)

[Estar] coma unha vaca | *loc. adx. comp.*: ‘estar gorda unha persoa’ (GDXL, LFCEG, EE, EO)

[Gordo/a] coma unha vaca | *loc. adx. comp.*: ‘persoa gorda’ (GDXL, LFCEG, EE, EO)

[Larpeiro/a] coma unha vaca ladra | *loc. adx. comp.*: ‘ser moi larpeiro/a’ (DFG)

[Máis pesado/a] ca unha vaca no colo/en brazos | *loc. adx. comp.*: ‘ser moi pesado/a, impertinente’ (DFG, EE)

Muxir a vaca | *loc. v.*: ‘tirar proveito’ (DFG, GDXL)

[Nugallán/nugallá] coma unha vaca (cansada) | *loc. adx. comp.*: ‘persoa preguiceira’ (LFCEG)

Outra vaca (máis) (vai) no millo! (e non hai quen a torne) | *fórm.*: ‘dise para indicar que unha persoa actúa igual de mal ca outra ou que un feito é igual de inconveniente ca outro consabido’ (DFG, DFXG, GDXL, EE, EO)

Parar a vaca de dar leite | *loc. v.*: ‘acabárselle a alguén a fonte de riqueza ou o medio do que se tiraba proveito’ (DFG, DFXG, GDXL)

Perder as vacas | *loc. v.*: ‘perder o tempo (entretido en algo e deixar de facer unha cousa que se tiña previsto)’ (DFXG, GDXL)

Que barbaridá! Que vaca pequena e canto leite dá! | *fórm.*: ‘dise para indicar un acerto casual por parte de alguén’ (EO)

[Quedar] coma unha vaca mirando para o tren | *loc. adx. comp.*: ‘quedar [unha persoa] abraiada, sorprendida, pasmada’ (LFCEG)

Ser as vacas que ten que coidar/gardar | *loc. v.*: ‘expresión que alude ás obrigas ou ás responsabilidades de alguén’ (DFG)

[Ser] coma a vaca do pobre, que ten que andar ás dúas mans | *loc. adx. comp.*: ‘traballar moi duramente, sen descanso’ (DFG, LFCEG)

[Ter] máis leite ca unha vaca | *loc. adx. comp.*: ‘[muller] aleitar con abundancia ós/ás fillos/as’ (LFCEG)

[Traballar] coma a vaca do pobre | *loc. adx. comp.*: ‘traballar moi duramente, sen descanso’ (DFG, LFCEG)

Vaca | *s.f.*: ‘persoa moi grosa’ (GDXL, EE)

Vaca gabada, leite nos cornos | *refr.*: 1. ‘dise en sentido irónico cando alguén gaba moito unha persoa que non merece tantos eloxios’; 2. ‘expresión que recomenda non contar os plans para que non se malogren’ (EO)

Vaca sagrada | *loc. s.*: ‘persoa que polo seu prestixio ou pola súa situación privilexiada cerca do poder resulta intocable’ (DFG, GDXL)

Vacas fracas | *loc. s.*: ‘época de escaseza’ (GDXL)

Vacas gordas | *loc. s.*: ‘época de abundancia’ (GDXL)

VÍBORA

Lingua de víbora | *loc. s.*: ‘lingua ferinte, mordaz’ (DFG, EE)

[Malo/a] coma unha víbora | *loc. adx. comp.*: ‘persoa ruín’ (LFCEG, EE)

Niño de víboras | *loc. s.*: ‘grupo de xente mala’ (DRAG)

[Ser] coma unha víbora | *loc. adx. comp.*: ‘persoa ruín’ (LFCEG, EE)

Víbora | *s.f.*: 1. ‘persoa malvada, de mal xenio ou mala lingua’; 2. ‘persoa maledicente’ (DRAG, GDXL)

VOITRE

Voitre | *s.m.*: ‘persoa desalmada e cruel’ (GDXL)

X

XABARIL

Xabaril | *s.m.*: 1. ‘persoa forte’; 2. ‘persoa grande’ (EE)

XATO

[Grande] *coma un xato* | *loc. adx. comp.*: ‘persoa grande’ (LFCEG)

[Muxir] *coma un xato* | *loc. adx. comp.*: ‘berrar forte’ (LFCEG)

[Turrar] *coma xatos* | *loc. adx. comp.*: ‘turrar con forza’ (LFCEG)

XÍLGARO

[Ledicioso] *coma un xílgaro* | *loc. adx. comp.*: ‘persoa alegre’ (LFCEG)

[Tocar] *coma un xílgaro* | *loc. adx. comp.*: ‘interpretar ben unha peza musical’ (LFCEG)

XO

Nin arre nin xo! / nin tanto arre que corra nin tanto xo que pare! | *fórm.*: ‘expresión coa que se comenta a indefinición dunha persoa ou unha cousa. Equivale a *nin unha cousa nin a outra*’ (DFXG, RGMF, EE)

(Ou) arre ou xo! | *fórm.*: ‘díselle a alguén para que tome unha decisión’ (DFXG)

XOANIÑA

Ser a xoaniña (dos ollos) [de alguén] | *loc. v.*: ‘ser unha persoa moi querida e apreciada’ (DFG)

XOVENCO

[Choutar] *coma un xovenco* | *loc. adx. comp.*: ‘brincar alto’ (LFCEG)

9. Referencias bibliográficas

9.1. Dicionarios, vocabularios e corpus

9.1.1. Fontes de extracción das expresións figuradas

- Carballeira Anllo, X. M.^a (coord.). (2009). *Gran dicionario Xerais da lingua*. Xerais.
- Ferro Ruibal, X. (1995). *Refraneiro galego básico*. Galaxia.
- Ferro Ruibal, X. (2002). *Refraneiro galego máis frecuente*. La Voz de Galicia.
- Ferro Ruibal, X. (2006). Locucións e fórmulas comparativas ou elativas galegas. *Cadernos de Fraseoloxía Galega*, 8, 179-265.
- González González, M. (dir.) (s.d.). *Dicionario da Real Academia Galega*. Real Academia Galega. Recuperado o 1 de marzo de 2013, de <http://www.realacademiagalega.org/>
- López Taboada, M.^a C. e M.^a R. Soto Arias (2008). *Dicionario de fraseoloxía galega*. Xerais.
- Martínez Seixo, R. A. (dir.) (2000). *Dicionario fraseolóxico galego*. A Nosa Terra.
- Rivas, F. (2005). *Dicionario fraseolóxico do mar: así falan os mariñaos*. A Nosa Terra.

9.1.2. Dicionarios ideolóxicos, temáticos e conceptuais

- Alvar Ezquerro, M. (dir.) (1995). *Diccionario ideológico de la lengua española Vox*. Bibliograf.
- Bartoli-Berti, P. et al. (2002). *Dicionario mais. Da idéia às palavras*. Lisboa Editora.
- Bívar, A. (1948-1952). *Dicionário Geral e Analógico da Língua Portuguesa*, 3 vols. Edições Ouro.
- Casares, J. (1999 [1942]). *Diccionario ideológico de la lengua española: desde la idea a la palabra, desde la palabra a la idea*. Gustavo Gili.
- Gulland, D. M. e Hinds-Howell, D. D. (2001). *The Penguin Dictionary of English Idioms*. Penguin Books.
- López Taboada, M.^a C. e M.^a R. Soto Arias (1995). *Así falan os galegos: fraseoloxía da lingua galega, aplicación didáctica*. Galinova.
- Péchoin, J. (dir.) (1991). *Thésaurus Larousse. Des idées aux mots. Des mots aux idées*. Larousse.
- Quintáns Suárez, M. (dir.) (1997). *Diccionario conceptual galego*, 8 vols. Xuntanza.
- Rodríguez-Vida, S. (2004). *Diccionario temático de frases hechas*. Columbus.
- Roget P. M. (1852). *Thesaurus of English words and phrases, classified and arranged so as to facilitate the expression of ideas and assist in literary composition*. Bloomsbury Books. Recuperado o 31 de xaneiro de 2013, de <http://archive.org/stream/cu31924014451284#page/n49/mode/2up>.
- Sevilla Muñoz, J. (2004). *Diccionario temático de locuciones francesas con su correspondencia española*. Madrid: Gredos.
- Siefring, J. (ed.) (2004). *Oxford Dictionary of Idioms*. Oxford University Press.
- Spears, R. A. (1998). *NTC's Thematic Dictionary of American Idioms*. NTC Publishing Group.

Sylvester Mawson, C. O. (2000). *Roget's International Thesaurus of English Words and Phrases*. Recuperado o 24 de xaneiro de 2013, de <http://www.bartleby.com/110/>

Vernay, H. (1991-1996). *Dictionnaire onomasiologique des langues romanes*. Max Niemeyer, 6 vols. <https://doi.org/10.1515/9783110939736>

9.1.3. Dicionarios de símbolos

Chevalier, J. (dir.) (1988). *Diccionario de los símbolos* (trad. de Manuel Silvar e Arturo Rodríguez). Herder.

Cuba, X. R., Miranda, X. e Reigosa, A. (2000). *Diccionario dos seres míticos galegos*. Xerais.

9.2. Outras fontes de consulta

Santamarina, A. (2003) (coord.). *Tesouro informatizado da lingua galega*. Recuperado o 11 de xuño de 2014, de <http://ilg.usc.es/TILG/>

Taboada Chivite, X. (2000). Refraneiro galego. *Cadernos de fraseoloxía galega*, 2.

Vázquez Saco, F. (2003). Refraneiro galego e outros materiais da tradición oral. *Cadernos de Fraseoloxía Galega*, 5.

9.3. Obras de consulta

Álvarez de la Granja, M. (1997): As expresións fixas nos dicionarios galegos. *Cadernos de lingua*, 15, 71-95. <https://doi.org/10.32766/cdl.15.161>

Álvarez de la Granja, M. (2003a). As locucións verbais galegas, *Verba*, 52.

Álvarez de la Granja, M. (2003b). Proposta de clasificación semántico-funcional das unidades fraseolóxicas galegas. *Cadernos de Fraseoloxía Galega*, 4, 9-34.

Arnaud, P. J. L. (1991). Réflexions sur le proverbe. *Cahiers de lexicologie*, 51, 6-27.

Becker, U., Eberwein, P., Torrent, A. e Uría, L. (2013). La clasificación de las unidades fraseológicas idiomáticas. *Estudis Romànics*, 35, 27-68. <https://doi.org/10.2436/20.2500.01.117>

Casares, J. (1992 [1950]). *Introducción a la lexicografía moderna*. CSIC.

Corpas Pastor, G. (1997). *Manual de fraseología española*. Gredos.

Dobrovól'skij, D. e E. Piirainen (2005). *Figurative language: cross-cultural and cross-linguistic perspectives*. Elsevier.

Ferro Ruibal, X. (1996). *Cadaquén fala coma quen é. Reflexións verbo da fraseoloxía enxebre*. Real Academia Galega. Recuperado o 18 de febreiro de 2024, de <http://academia.gal/documents/10157/27090/Xesus+Ferro+Ruibal.pdf>

Lakoff, G. (1990 [1987]). *Women, Fire, and Dangerous Things. What Categories Reveal about the Mind*. University of Chicago Press.

Lakoff, G. e M. Johnson (1980). *Metaphors We Live By*. University of Chicago Press.

Marques, E. A. (2013). Esquemas conceituais zoonimicos na fraseología brasileira, española e francesa. *XXVII Congrès international de linguistique et de philologie romanes*. ÉliPhi.

- Ullmann, S. (1965). *Semántica: introducción a la ciencia del significado* (trad. de Juan Martín Ruiz-Werner). Aguilar.
- Warren, B. (2002). An alternative account of the interpretation of referential metonymy and metaphor, en R. Dirven e R. Pörings (eds.), *Metaphor and Metonymy in Comparison and Contrast* (113-130). Buton de Gruyter. <https://doi.org/10.1515/9783110219197.1.113>
- Zuluaga, A. (1980). *Introducción al estudio de las unidades fijas*. P.D. Lang.